



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Serie Pleno
Número 119

Sesión plenaria
12 de xuño de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGYSGFPuDBL6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 32252 (10/PNP-002425)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 20.06.2018

5.2 39974 (10/PNP-002986)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Industria e Turismo en relación coa situación na que se atopa a empresa Isowat Made, do grupo Invertaresa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

5.3 43898 (10/PNP-003267)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis

Sobre o impulso ao Goberno central para que continúe as xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos destinados a mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

5.4 47514 (10/PNP-003593)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e doce deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza da inclusión, na proposta de creación de novos xulgados para Galicia en 2019, dun xulgado do social para a cidade de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

5.5 49281 (10/PNP-003732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da intervención pública en Alcoa de xeito transitorio co fin de garantir o mantemento do seu emprego e da súa actividade industrial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019



5.6 49347 (10/PNP-003738)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do primeiro período de sesións de 2019, do procedemento deseñado para avaliar a implantación da Rede galega de dinamización da formación profesional dual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

5.7 49484 (10/PNP-003748)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal e o nivel de eventualidade no Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 07.05.2019

5.8 49983 (10/PNP-003784)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público e a posición do Parlamento de Galicia respecto do seu uso

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

Punto 6. Interpelacións**6.1 8786 (10/INT-000373)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as listas de espera non estruturais do Sergas e a política de persoal da Consellería de Sanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

6.2 43360 (10/INT-001431)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de seguridade viaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

6.3 48288 (10/INT-001597)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co fenómeno social da soidade non desexada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 03.04.2019



Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1 50473 (10/POPX-000151)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo ou as previstas polo Goberno galego diante da nova situación de Ferroatlántica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

7.2 50492 (10/POPX-000152)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a crise industrial existente en Galicia, que pon centos de empregos en risco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

7.3 50494 (10/POPX-000153)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o impulso polo Goberno galego, coa debida dilixencia, da actividade institucional da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 48770 (10/POP-005826)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da institución do xurado popular reflectida no artigo 125 da Constitución española de 1978

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

8.2 50486 (10/PUP-000252)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación do proxecto da circunvalación de Carballo no ano 2019 co fin de iniciar as obras no ano 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

8.3 47343 (10/POP-005647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e dous deputados/as máis

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia á empresa Ferroatlántica da presentación dun plan de viabilidade que garanta a súa actividade de ferroalixaxes, segundo se desprende da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 9 de maio de 1996

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 13.03.2019



8.4 49961 (10/POP-005934)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as razóns da demora na designación dun presidente ou dunha presidenta para o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

8.5 49498 (10/POP-005897)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre as obras de conservación executadas nos dous últimos anos na muralla romana de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 07.05.2019

8.6 44092 (10/POP-005272)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre os datos da Consellería de Sanidade referidos ao cumprimento do Decreto 105/2017, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de espera no acceso ás prestacións sanitarias públicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

8.7 50005 (10/POP-005939)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre o pechamento de camas hospitalarias durante os meses de verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

8.8 50489 (10/PUP-000253)**Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen e catro deputados/as máis**

Sobre a fase na que se atopan os procesos de negociación e resolución de conflitos cos distintos integrantes do sector das emerxencias sanitarias de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

8.9 48503 (10/POP-005794)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego referida á axuda económica do Bono Concilia para que aquelas familias que teñan dereito a unha praza pública nunha escola infantil e non accedesen a ela poidan levar os seus fillos a outro centro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

8.10 49419 (10/POP-005889)**Grupo Parlamentario de En Marea****Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a modificación das condicións salariais do persoal pola empresa concesionaria do servizo de salvamento marítimo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que está a levar a cabo ou as previstas polo Goberno galego diante da nova situación de Ferroatlántica. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a crise industrial existente en Galicia, que pon centos de empregos en risco. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 22.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impulso polo Goberno galego, coa debida dilixencia, da actividade institucional da Xunta de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 24.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 25.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 27.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 28.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do primeiro período de sesións de 2019, do procedemento deseñado para avaliar a implantación da Rede galega de dinamización da formación profesional dual. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 30.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 31.)



Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Chao Pérez (EM)* (Páx. 36.) e *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 37.)

O señor Álvarez Martínez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 40.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal e o nivel de eventualidade no Sergas. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 41.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 42.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 47.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 49.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 51.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo para recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público e a posición do Parlamento de Galicia respecto do seu uso. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 53.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 54.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 57.) e *Sra. Antón Vilasánchez (P)*. (Páx. 58.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 60.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 61.)

Votación das proposicións non de lei

O señor Losada Álvarez (S) solicita a votación por separado dos puntos da seguinte proposición non de lei, presentada polo G. P. de En Marea. (Páx. 63.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración: *rexeitado por 19 votos a favor, 39 votos en contra e 12 abstencións.* (Páx. 63.)



Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración: *rexeitado por 31 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

O señor Casal Vidal (EM) informa de que se chegou a unha transacción, aceptada por todos os grupos parlamentarios, sobre a proposición non de lei presentada por el e que se vai votar a continuación. (Páx. 64.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Industria e Turismo en relación coa situación na que se atopa a empresa Isowat Made, do grupo Invertaresa: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

A señora Egerique Mosquera (P) acepta a votación por puntos da seguinte proposición non de lei, presentada polo seu grupo, por petición do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 65.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, sobre o impulso ao Goberno central para que continúe as xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos destinados a mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar: *aprobado por 69 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, sobre o impulso ao Goberno central para que continúe as xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos destinados a mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar: *aprobado por 58 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións.* (Páx. 65.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e doce deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza da inclusión, na proposta de creación de novos xulgados para Galicia en 2019, dun xulgado do social para a cidade de Lugo: *aprobada por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

O señor Losada Álvarez (S) e o señor Tellado Filgueira (P) solicitan a votación por separado dos puntos da seguinte proposición non de lei, presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 66.)

Votación dos puntos 1 e 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco de-



putados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da intervención pública en Alcoa de xeito transitorio co fin de garantir o mantemento do seu emprego e da súa actividade industrial: *rexeitados por 19 votos a favor, 39 votos en contra e 12 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación do punto cero do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da intervención pública en Alcoa de xeito transitorio co fin de garantir o mantemento do seu emprego e da súa actividade industrial: *rexeitado por 31 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación do punto 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da intervención pública en Alcoa de xeito transitorio co fin de garantir o mantemento do seu emprego e da súa actividade industrial: *aprobado por 69 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do primeiro período de sesións de 2019, do procedemento deseñado para avaliar a implantación da Rede galega de dinamización da formación profesional dual: *rexeitado por 31 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

O señor Torrado Quintela (S) solicita a votación por separado dos puntos da seguinte proposición non de lei. (Páx. 68.)

Votación dos puntos 1 e 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal e o nivel de eventualidade no Sergas: *rexeitados por 31 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Votación do punto 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal e o nivel de eventualidade no Sergas: *rexeitado por 25 votos a favor, 39 votos en contra e 6 abstencións.* (Páx. 69.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo para recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público e a posición do Parlamento de Galicia respecto do seu uso: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)



Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da institución do xurado popular reflectida no artigo 125 da Constitución española de 1978. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 70.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 71.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 72.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 73.)

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre as listas de espera non estruturais do Sergas e a política de persoal da Consellería de Sanidade. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 75.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 78.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 83.)

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en materia de seguridade viaria. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 84.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 88.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 93.)

Interpelación de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co fenómeno social da soidade non desexada. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 95.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 98.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 101.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 103.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e sete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e dous minutos.



Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación do proxecto da circunvalación de Carballo no ano 2019 co fin de iniciar as obras no ano 2020. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 104.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 105.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 107.)

Pregunta de D^a María Dolores Toja Suárez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a solicitude pola Xunta de Galicia á empresa Ferroatlántica da presentación dun plan de viabilidade que garanta a súa actividade de ferroalixes, segundo se desprende da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 9 de maio de 1996. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Toja Suárez (S)*. (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Sra. Toja Suárez (S)*. (Páx. 111.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 111.)

Pregunta de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da demora na designación dun presidente ou dunha presidenta para o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 112.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 113.)

Réplica da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 115.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 115.)

O señor presidente comunica a solicitude do aprazamento da pregunta que figura en quinto lugar, presentada polo G. P. Popular de Galicia. (Páx. 116.)

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os datos da Consellería de Sanidade referidos ao cumprimento do Decreto 105/2017, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de espera no acceso ás prestacións sanitarias públicas. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 116.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 117.)

Réplica do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 119.)



Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o pechamento de camas hospitalarias durante os meses de verán. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 120.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 122.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 123.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 124.)

Pregunta de D^a Carmen Santos Queiruga e catro deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a fase na que se atopan os procesos de negociación e resolución de conflitos cos distintos integrantes do sector das emerxencias sanitarias de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Santos Queiruga (EM)*. (Páx. 125.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 126.)

Réplica da autora: *Sra. Santos Queiruga (EM)*. (Páx. 127.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 128.)

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego referida á axuda económica do Bono concilia para que aquelas familias que teñan dereito a unha praza pública nunha escola infantil e non accedesen a ela poidan levar os seus fillos a outro centro. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 129.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 130.)

Réplica da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 131.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 131.)

Pregunta de D^a Flora María Miranda Pena e D^a Paula Quinteiro Araújo, do G. P. de En Marea, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a modificación das condicións salariais do persoal pola empresa concesionaria do servizo de salvamento marítimo. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 132.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 133.)

Réplica da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 134.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 135.)

Remata a sesión ás seis e seis minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Retomamos a sesión co punto sétimo da orde do día, de preguntas para resposta oral do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que está a levar a cabo ou as previstas polo Goberno galego diante da nova situación de Ferroatlántica

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días.

Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, a situación industrial de Galicia neste momento é moi alarmante. Os datos coñecidos sobre a evolución da produción industrial nos últimos meses son preocupantes, e a perda de emprego está empezando a ser dramática. Hai apenas dez días coñeciamos estes datos: «Galicia rexistra a maior caída de produción industrial coa crise de Ferroatlántica e de Alcoa» —dicían os medios de comunicación—, «cun descenso dun 11 % nun ano, cinco veces máis que a media estatal». Baixan particularmente o sector da enerxía e da metalurxia —un 32 % e un 31 %—, e Galicia acumula no que vai de ano, nos últimos cinco meses, unha taxa de produción industrial en negativo.

A principal causa desta debacle industrial é a redución da produción nas industrias electrointensivas. As consecuencias son claras e vostede coñéceas ben. En primeiro lugar, unha perda de produción de riqueza, o cal leva tamén á perda de ingresos por parte da Xunta de Galicia para poder facer políticas de redistribución de riqueza, pero, sobre todo, consecuencias no emprego. Esta mañá levantámonos tamén con outra noticia: «Os traballadores galegos son os máis castigados polos ERE de todo o Estado, soamente detrás dos valencianos». Os datos concretos, que son datos de carácter público e oficial, son que 2,18 de cada 1.000 traballadores e traballadoras galegas están afectados por un ERE desde que comezou o 2019, é dicir, o dobre que o ano pasado por estas datas; soamente en Alcoa son 375 empregados; en Ferroatlántica, 550; en Isowat, 76; ou en Poligal —extintivos—, 112. E isto provoca, como vostede sabe, angustia nos traballadores e desesperación nas súas familias, que non saben se van poder pagar as facturas á fin de mes, se van poder pagar a hipoteca ou o alugueiro do piso ou se van poder sacar a adiante as súas fillas e fillos. É dicir, un verdadeiro drama social.

Actualmente existe incerteza sobre se vai haber comprador ou non para Alcoa e acabamos de coñecer, e faltan aínda detalles, a venda de Ferroatlántica a TPG —que é un fondo de investimento en enerxías, non en ferroalixes, co cal parece que o seu único interese son as centrais hidroeléctricas e non a produción industrial no noso país—.

A pregunta que nós tiñamos para facerlle hoxe era sobre o que fai o Goberno da Xunta. Pero xa durante estes días o propio conselleiro afirmou que estaba o Goberno da Xunta á expectativa, particularmente nesta operación, a ver o que pasaba.



Nós pensamos —e con nós os traballadores e traballadoras— que a función dun goberno como vostedes non é simplemente estar á expectativa, senón tamén tomar a iniciativa, tomar a iniciativa política, que para nós significa, no caso de Ferroatlántica, enviar unha mensaxe clara de que se van cumprir todos os termos da concesión acordados no seu día e que foron recordados nunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do ano 1996, e tamén coa viabilidade da industria vinculada á produción hidroeléctrica. E, en segundo lugar, en relación con Alcoa, exercer as competencias en materia de industria e buscar posibles compradores, tal e como está facendo o Goberno asturiano. Isto recordáronlle os representantes dos traballadores a vostedes mesmos na manifestación do sábado na Coruña. Había representantes do Partido Popular. E os representantes dos e das traballadoras recordaron iso precisamente, a actitude activa, proactiva, do Goberno asturiano na busca de compradores nos mercados e nas empresas a nivel internacional, algo que podería estar facendo perfectamente a Xunta de Galicia.

En segundo lugar, exercer a iniciativa política tamén para que desde o Estado se regule o sector de tal maneira que se acabe co oligopolio eléctrico que está encarecendo tanto a produción das electrointensivas e, de paso —pero non soamente lateralmente, senón principalmente tamén—, que acaben coa estafa no recibo da luz que as familias sofren, que os consumidores sofren a final de mes.

A pregunta era clara: ¿que están facendo? Contestouna o conselleiro esta semana: estar á expectativa. E nós pedímoslles que, á parte de estar á expectativa, tomen a iniciativa exixindo aquí e mandando unha mensaxe clara de cumprimento das condicións ao novo comprador de Ferroatlántica, exercendo as competencias en materia de industria, buscando compradores para Alcoa e, en terceiro lugar, iniciativa política para que desde Galicia se insten solucións para a regulación do mercado eléctrico que abaraten o recibo da luz das familias e tamén das empresas electrointensivas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, non concordo con vostede en relación coa situación industrial de Galicia. E non concordo porque non concordan nin os datos de asalariados nin os datos de afiliacións nin os principais sectores industriais da comunidade autónoma.

Os salarios entre o ano 2008 e o ano 2018, os salarios industriais, creceron en Galicia un 21 % —a media de España foi do 13 %—. E aumentou notablemente o número de asalariados indefinidos. De cada catro traballadores da industria, tres teñen un contrato indefinido e máis do 95 % á xornada completa. Se collemos os datos de afiliacións á Seguridade Social, recuperáronse 16.000 afiliacións na industria, por exemplo, dende o ano 2014, e hoxe temos 10.000 afiliacións máis no sector industrial do que tiñamos cando comezamos esta última lexislatura.



Non concordo, pois, co diagnóstico que vostede fai; sobre todo se collemos a actuación da industria e o comportamento da industria eólica, naval, automoción ou forestal —salvo que vostedes queiran seguir estragando a industria forestal, que parece que si—.

Pero si concordo con vostede en relación con Ferroatlántica. Concordo con vostede e agrádame que vostede cambie de actitude en relación coa mesma pregunta do ano 2017, na que nos dicía que este Goberno non ía defender os traballadores, que non ía defender a concesión e non ía defender o plan industrial de Ferroatlántica.

Como vostede comprobou e todos comprobaron, este Goberno defendeu a unidade de Ferroatlántica —é dicir, a unidade entre as centrais hidroeléctricas e as fábricas—, defendeu que non se podía facer a segregación e defendeu a actividade industrial na zona. E proba disto é que denegamos a autorización da venda das centrais. Tanto é así que tivemos un recurso, hai un recurso interposto pola empresa contra a Xunta de Galicia. Pois ben, o que dixemos fixémoslo. E agora estamos exactamente igual, desde o punto de vista dos compromisos —coa concesión, do compromiso co non á segregación e do compromiso co plan industrial—, que estabamos hai dous anos.

Polo tanto, señoría, quero dicirlle que este Goberno ten moi claro o que ten que facer. Este Goberno vai exixir a unidade da concesión e, polo tanto, non permitirá en ningún caso a segregación das centrais hidroeléctricas por un lado e das fábricas por outro. (*Aplausos.*) Iso é unha unidade, as centrais hidroeléctricas e as fábricas. Este Goberno vai seguir traballando como ata o de agora, cumprimentando e solicitando que ningunha empresa inculque ou incumpra total ou parcialmente os compromisos con Galicia. Por iso, señoría, quero tranquilizalo en relación con estes compromisos. É a nosa forma de actuar, é a nosa liña de actuación. Garantir a continuidade da actividade industrial, garantir a unidade das centrais eléctricas e das fábricas e exixirlle a esta empresa un plan industrial —compre ou non compre, acredite ou non acredite definitivamente a compra— é a proposta da Xunta de Galicia —e dentro dun diálogo de transparencia cos alcaldes e coas organizacións sindicais—. Así o fixemos no ano 2017 e así o seguiremos facendo neste ano 2019.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Ben, acabo de lle dar unha serie de datos que son oficiais, son públicos e son coñecidos por todo o mundo. A evolución desde o ano 2008 á que vostede se acaba de referir non pode impedirle a vostede ver cal é a evolución no que vai de ano e cal é o cambio de tendencia que está sufrindo a industria galega, particularmente a industria electrointensiva. Os datos son claros: a baixada do índice de produción industrial é un 11,4 % fronte a un 2 % da media estatal. Pois ja ver como vai ben a industria se cae a produción industrial! Hai cousas que son evidentes e, polo tanto, vostede debería implicarse nunha solución, polo menos nesta situación, para evitar que a tendencia siga por aí. Cinco meses seguidos de taxa negativa entendemos que non son para mostrar satisfacción e, polo tanto, hai que poñerse mans á obra para que isto sexa diferente.



Tamén, sobre os datos dos ERE, os traballadores e as traballadoras que están afectados, dos que lle falei agora mesmo, non viven dos datos do 2008 nin dos datos do 2009 nin dos anos seguintes, viven da situación actual, que é unha situación preocupante. Polo tanto, nós pedímoslle proactividade neste sentido.

E en relación con Ferroatlántica cabería recordar unha cousa: que a vinculación entre o salto eléctrico e a produción industrial e o mantemento da industria na Costa da Morte non é soamente o mantemento formal dunha fábrica, senón o mantemento dos postos de traballo. Durante os últimos vinte anos produciuse un 41 % de perda de emprego na Costa da Morte. Formalmente mantense a actividade pero con menos traballadores. A nós non nos gustaría que a nova empresa, que non ten —parece— ningún tipo de dedicación a ese ámbito industrial, soamente ao ámbito enerxético, quedase cun forno que simbolicamente botase un pouco de fume pero que non tivese practicamente traballadores, á diferenza do que sucedía nestes anos. Polo tanto, pedímoslles que se impliquen.

Pensamos, señor presidente, que vostede perde unha oportunidade aquí agora —e ten aínda unha quenda para poder comprometerse— na defensa da industria do noso país, tanto da electrointensiva como da industria xeral. E ten competencias no ámbito autonómico. No ámbito da ferroalixe o que lle estamos comentando é ese compromiso co mantemento do emprego. E tamén, para poder facer política coa enerxía derivada dos saltos eléctricos, a posibilidade da recuperación das concesións hidroeléctricas caducadas ou por caducar. Teñen vostedes posibilidades. Algunhas, como xa foron anunciadas aquí onte, producíranse a medio prazo, ou no longo prazo, pero é o momento agora de establecer as condicións legais e técnicas para poder establecer unha axencia pública ou unha empresa pública de enerxía de saltos hidráulicos do noso país. E iso podería ser algo dentro do ámbito competencial da Xunta de Galicia.

Poderían tamén vostedes comprometerse no ámbito das iniciativas do conxunto do Estado, aínda que sexan competencia do Estado, e instalas desde aquí, ben desde esta Cámara, ben desde o seu Goberno, para a creación da tarifa que, como sabe, supón unha modificación nas condicións das subastas eléctricas e que xa se produce en Francia, que foi avalada pola Unión Europea, o que supón un abaratamento practicamente á metade do custo do megavatio/hora. Isto faría viable a industria electrointensiva do noso país, o mantemento dos postos de traballo e, polo tanto, a creación de riqueza.

Teñen vostedes a oportunidade de comprometerse. Fágao agora nesta quenda de réplica.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Villares, dende hai varias semanas, no Consello da Xunta estivemos estudando a evolución do produto interior bruto deste primeiro trimestre do ano 2019, e acreditabamos que Galicia seguía crescendo



por riba da media europea, un 2,3 %. Pero xa advertimos que tiñamos dous problemas no sector industrial: o problema de Alcoa e o problema de Ferroatlántica. E tamén se engade agora o problema de Navantia-Fene, que está para os próximos meses practicamente sen carga de traballo, e cunhas fragatas que aínda están no papel.

Señoría, sorpréndeme que vostede me veña pedir aquí contas do estatuto electrointensivo, que é exactamente o que está por detrás de todos estes problemas de Alcoa e tamén, en parte, dos problemas de Ferroatlántica. E sorpréndeme, señoría, porque onte estiven observando as reaccións dos líderes políticos no Goberno central e obtiven unha imaxe do seu líder político, do señor secretario xeral de Podemos, que está concretando un goberno de cooperación co Goberno central.

Vostede sabe, exactamente igual que sei eu, que o estatuto do electrointensivo, que o prezo da enerxía, as subastas de interrompibilidade, son competencia exclusiva do Goberno de España. E por iso, cando me fala vostede da tarifa francesa, ou das solucións que Alemaña está dando ás empresas electrointensivas, digo: ¿vostedes non falan entre si?, ¿non falan posteriormente co goberno do que van formar parte? Polo tanto, señor Villares, debería vostede ser un pouco máis respectuoso coas competencias e cos traballadores.

A nós preocúpannos as 470 familias que traballan en Cee, Dumbría e en Sabón, esa é a nosa preocupación. E, como é a nosa preocupación, levamos dende hai meses dicíndolle ao Goberno central, a este no que vostedes van participar nas próximas semanas, que están xogando cos traballadores de Alcoa, que están xogando cos traballadores de Ferroatlántica, que están xogando cos traballadores de Megasa. E ímoslle plantexando continua e constantemente que a subasta de interrompibilidade a baixaron tanto nos bloques de 40..., como que nos mentiron —digo «mentiron»— dicindo, antes das eleccións municipais, que Alcoa-A Coruña podía ir á subasta, para dicirnos exactamente despois das eleccións municipais que Alcoa-A Coruña non podía competir na subasta e que, polo tanto, queda sen prezo para a súa funcionalidade. Por iso non conviría mentirlles aos traballadores senón dicirlles aos traballadores a verdade.

Mire, os únicos aliados que ten Alcoa-A Coruña, que ten Ferroatlántica e que ten Megasa é a Xunta de Galicia, os únicos aliados, ¡os únicos, señoría! (*Aplausos.*) Quen levou a voz dos traballadores ao Ministerio de Industria foi a Xunta de Galicia. E sorpréndeme moito que vostedes, que van formar parte nas próximas semanas do Goberno de España, veña aquí a falar das competencias que ten o Goberno de España e imputarlle as competencias á única administración pública que está defendendo os traballadores de Alcoa, os traballadores de Ferroatlántica e os traballadores de Megasa. Por iso, señor Villares, eu espero que non lles tomen o pelo ás 470 familias, tanto ás de Sabón como ás de Cee e Dumbría e mais ás familias de Alcoa.

Mire, señor Villares, se algunha vez estamos de acordo, como é no caso de defender un estatuto de electrointensividade para as empresas galegas e o resto das empresas españolas, poñámonos de acordo. Pero non intente, non intente, señoría, facer responsable á única administración pública que está defendendo os intereses dos traballadores. Non intente facelo, señor Villares, porque iso sería mentirlle á xente. E creo que nun parlamento non se pode mentir —en ningún sitio, pero, se cadra, nun parlamento dunha forma máis evidente—.



Por iso, señor Villares, non se preocupe vostede. Sabemos o que temos que facer e estámolo facendo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E estamos chamando a atención sobre que este Goberno lles mentiu aos traballadores antes das eleccións. E gustaríame que non seguisen mentindo despois das eleccións. E nese goberno de cooperación, colaboración, ou como se queira chamar, fagan un pouco do seu traballo e miren á cara aos traballadores, non lles tomen o pelo aos traballadores escondéndose detrás da única administración pública que está defendendo os traballadores.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a crise industrial existente en Galicia, que pon centos de empregos en risco

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Permítame empezar, precisamente, saudando os traballadores. Porque nós podemos miralos aos ollos porque os levamos defendendo ao longo deste tempo, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

E quero empezar amosándolle esta gráfica. Seguramente vostede, como as estatísticas non lle importan, nin o que di o INE, pois pasa. Esta é a caída da produción industrial galega no que levamos de ano. É o retrato desa crise industrial que vostede nega, pero da que, aínda que intente escorrer o vulto, é responsable directo, señor Feijóo. Porque Galicia é o territorio que rexistra a maior caída industrial de todo o Estado español. E que veña o presidente da Xunta a dicir que isto non vai con el é de traca, porque o que nos está dicindo é que a Xunta, que ten competencias exclusivas en materia de industria, se lava as mans como Poncio Pilatos. Iso é o que nos veu vostede hoxe a dicir, señor Feijóo. E, sobre todo, non quere asumir a súa responsabilidade porque, mire, vostede é corresponsable da estafa eléctrica que está vivindo este país, do auténtico disparate de que, sendo grandes produtores de electricidade, teñamos postos de traballo en risco. E vostede avala este sistema que claramente significa un espolio para este país. *(Aplausos.)*

E eu hoxe o que quero é falarlle do retrato dalgunhas empresas desa crise industrial que está vivindo este país. A primeira é Poligal, unha empresa que este sábado decidía despedir 112 traballadores coa pasividade da Xunta. E nós o que lle pedimos é que a Xunta actúe, que busque un comprador, porque Poligal ten futuro se a Xunta se implica de verdade.

Queremos, señor Feijóo, tamén falar de Ferroatlántica, porque saímos moi preocupados da súa intervención agora mesmo, señor Feijóo. Vostede sabe que a segregación é ilegal, pero



a segregación é ilegal cando se quere separar todo o proceso de ferroalixe do das hidroeléctricas. E neste momento Villar Mir —ese empresario, recórdollo, vinculado coa corrupción do Partido Popular— o que quere consumir é a segregación de dúas plantas para facer unha operación na que no fondo vai intentar vender a produción hidroeléctrica e poñer en risco o futuro desta empresa e o futuro da Costa da Morte.

Vostede, hai dous anos, viuse envolto nunha presión social inmensa que se fixo na Costa da Morte, e non se atreveu a autorizar ese pelotazo. E o que ten que dicirnos hoxe, mirando aos ollos aos traballadores e ás traballadoras, é se vai permitir o pelotazo de Villar Mir ou se vai defender os intereses da Costa da Morte. Dígao con claridade. *(Aplausos.)*

E, por último, permítame falarlle de Alcoa. Porque, mire, quedan quince días e temos unha empresa ao bordo do abismo. Permítame que lle dea un toque de realismo. Aquí o que temos é o Partido Popular, co señor Feijóo á cabeza, e o Partido Socialista, co señor Sánchez á cabeza, que están repetindo exactamente o mesmo esquema: enganar os traballadores e non poñer solucións reais de futuro. Porque vostede limítase ao pim, pam, pum agora mesmo co Goberno de Madrid única e exclusivamente porque non gobernan os seus. Pero sabe que a situación que teñen as electrointensivas deriva dun marco que aprobou o Partido Popular e que vostede avala, señor Feijóo. *(Aplausos.)* E por iso a nós o que nos preocupa é que, dentro de quince días, os traballadores e traballadoras de Alcoa na Coruña poden verse na situación de que non hai un comprador. E nesa situación ¿que vai facer, señor Feijóo?

Nós queremos facer unha proposta moi concreta. Se o día 30 de xuño non hai comprador que se faga cargo da situación de Alcoa na Coruña, que a Xunta lidere unha operación para poñer en marcha a adquisición pública da fábrica de Alcoa na Coruña para garantir o emprego. É evidente que se necesita un marco enerxético estable, e desde Galicia xa o podemos plantexar no ano 2016...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...pero vostede pregouse aos intereses das eléctricas e do seu partido en Madrid.

Polo tanto, nós o que lle dicimos é que colla esta man tendida que ten no BNG porque neste país hai moito en xogo. Por unha vez demóstrenos que non está aquí para facer de oposición da oposición, nin de oposición ao Goberno central só porque non están os seus en Madrid, e exerza como presidente de Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moi interesante, señora Pontón.

Nunca negamos que caera o índice de produción industrial. O que me sorprende é que vos-
tede non saiba como se compón o índice de produción industrial. Hai unha parte importan-



tísima de produción de enerxía eléctrica. Supoño que non será culpa do Goberno se este ano houbo menor ou maior produción hidroeléctrica en Galicia, supoño.

E a outra parte —acabo de contestarllo ao seu compañeiro de En Marea— débese, efectivamente, a industrias metalúrxicas, e concretamente a Alcoa, a Ferroatlántica e a Navantia-Fene. Xa o dixemos, pero hai varias semanas. Agrádame que vostede colla os índices de produción industrial para acreditar que Galicia é unha das comunidades autónomas con maiores índices de produción industrial nos últimos anos.

E sorpréndeme que vostede non acepte que na última década, ou, mellor dito, dende a última lexislatura, dende o ano 2016, incrementamos 10.000 postos de traballo no sector industrial. Todo este tipo de cousas vostede non as di nin lle interesan. Sorpréndeme que vostede non se poña a favor dos 2.500 postos de traballo máis no sector da automoción. Sorpréndeme, señoría, que vostede non diga que estamos no récord de produción do sector naval. E sorpréndeme máis que o BNG fale de política industrial. Iso si que é sorprendente. Señora Pontón, o mesmo partido que vai botar a toda a xente do sector forestal, do porto de Marín e de Ence á rúa ¿vén falar de produción industrial e da sensibilidade industrial con Galicia?

Mire, señora Pontón, faime vostede unha pregunta. Pregunta qué imos facer dentro de quince días se non hai un comprador para Alcoa. Nós témolo claro: defender os traballadores. Vostedes, pactar co Partido Socialista Obreiro Español en todas as administracións públicas. (Aplausos.) Esa é a gran diferenza: defender Galicia, defender os traballadores, e pactar co Partido Socialista Obreiro Español.

Mire, señora Pontón, había moito tempo que non vía este Bloque Nacionalista Galego, un BNG que estivo calado durante todo este tempo das eleccións municipais sabendo que lles estaban tomando o pelo a todos os traballadores de Alcoa; un BNG que estivo calado sabendo que os traballadores de Alcoa teñen neste momento unha situación dramática; un BNG que agora está pactando co Partido Socialista Obreiro Español, o mesmo que mentiu aos traballadores de Alcoa co Estatuto de electrointensividade e coa interrompibilidade; un BNG, señoría, que está pactando, nada máis e nada menos, que Alcoa peche cando vos tedes pactan co Partido Socialista Obreiro Español na Coruña.

Mire, señora Pontón, de leccións de defender os traballadores, ningunha. Aquí os únicos que estamos defendendo os traballadores, os únicos que estivemos defendendo Alcoa, diante do goberno de Rajoy e diante do goberno de Pedro Sánchez, é o Partido Popular de Galicia. (Aplausos.) Consegúimolo sempre. Sorpréndeme que vostede agora impute exactamente o que non fai.

Mire, señoría, ¿sabe que, dende que está o señor Sánchez, subiu o prezo da luz e que o prezo da luz do ano 2018 foi o máis alto dende 1998? ¿Sabe que as subastas de interrompibilidade están diminuindo calquera capacidade de futuro de Alcoa na Coruña? ¿Sabe que nos están tomando o pelo dicindo que hai un novo comprador e que ese comprador exige un prezo da luz previo e ese prezo da luz non existe? ¿Sabe que ese novo comprador non vai seguir coa produción electrointensiva de Alcoa na Coruña? ¿Sabe que iso supón botar á rúa a máis do 50 % da plantilla? Sabe o BNG exactamente o que acabo de dicir, e o que vai facer o BNG,



non dentro de quince días senón dentro duns días, é pactar co Partido Socialista Obreiro Español en todas as corporacións, gañaran ou perderan as eleccións.

Por iso, señora Pontón, leccións de defender os traballadores de Alcoa, ningunha. Que se meta vostede detrás da pancarta da CIG non me vale para nada. Vostedes están pactando con aqueles que van pechar Alcoa o sábado e o domingo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e están agora diante dos traballadores defendo o seu posto de traballo.

Vostede, señora Ana Pontón, non ten lexitimidade para seguir falando nin de Alcoa nin de Ferroatlántica.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, agora dá carnés de quen pode falar e quen non. Nós falamos aquí porque nos votan os cidadáns para estar defendendo os seus intereses (*Aplausos.*) e non nos vai dar carnés nin vai dicirnos cal é a lexitimidade para falar. Desde logo, creo que se lle está pegando moito, con eses pactos con VOX, o de antidemocrático, porque parece, señor Feijóo, que lle molesta que esteamos aquí.

A min dáme pena ver un presidente da Xunta cun retrato como o que vostede acaba de facer de si mesmo aquí. Temos competencias exclusivas de industria pero a Xunta non é responsable de ningún dos problemas que ten este país.

Mire, se non é capaz de poñer solucións para a industria deste país, vaia para casa, fágalle un favor aos galegos e galegas e á industria deste país. (*Aplausos.*) E, dende logo, non veña con argumentos que o deixan eu diría que case en ridículo, señor Feijóo. (*Murmurios.*)

¿O problema das electrointensivas soluciónase a nivel municipal? Vostede estanos dicindo exactamente isto. E, ademais, acúsanos de querer pactar co PSOE. Creo que vostede anda desesperado lanzándolle pactos ao PSOE en Ourense, señor Feijóo. (*Aplausos.*) Sacrifique a Baltar se cre que desa maneira hai unha solución para Alcoa.

Pero vaíamos ser un pouco serios, porque eu creo que os traballadores e traballadoras deste país merecen respecto e merecen un presidente que dea a cara e que non veña aquí a botar balóns fóra. Porque, mire, se lle preocupa tanto o prezo da enerxía, pactemos unha tarifa eléctrica galega, (*Aplausos.*) e mandémoslle unha proposta ao Estado dunha tarifa electrointensiva, dunha tarifa estable. Podemos facelo desde aquí, pero vostede sempre vetou esta



alternativa. Polo tanto, non veña dándonos leccións. Sobre todo, cando sabemos os vínculos do Partido Popular coas eléctricas, ¡por favor, señor Feijóo, un pouquiño de respecto!

E non nos dixo nada sobre o importante. Sobre Ferroatlántica, señor Feijóo, ¿vai ou non vai permitir a fraude de lei que quere cometer Villar Mir? Díganolo, porque a resposta é moi fácil e non pode seguir escorrendo o vulto. Villar Mir quere dar un pelotazo cunha operación que é fraudulenta desde o punto de vista legal, porque non se poden segregar as actividades, que é o que está facendo con Sabón. ¿Vai vostede permitirllo, si ou non? Porque a decisión depende directamente de vostede. E aí non nos di nada.

Sobre Alcoa nós facemos unha proposta de futuro. Díganos o que vai facer o presidente da Xunta se o día 30 de xuño non hai comprador. ¿Que vai facer? ¿Botar pestes contra Madrid? E ¿que lles vai dicir aos traballadores de Alcoa? Nós o que pedimos é que a Xunta asuma o compromiso de liderar a adquisición pública de Alcoa na Coruña se esa situación se dá o 30 de xuño. E tamén aquí pode darnos unha resposta moi clara.

E, por último, se me permite o presidente, tamén quería facerlle unha mención a Ence. Quen está poñendo en risco o sector industrial vinculado con Ence é o Partido Popular e a propia empresa, porque non queren asumir a realidade de que Ence non pode seguir na ría de Pontevedra. *(Aplausos.)* E acabamos de ter, efectivamente, unhas eleccións municipais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...unhas eleccións municipais que o Partido Popular e Ence plantexaron coma un plebiscito sobre a súa continuidade na ría e perderon estre-pitosamente. *(Aplausos.)* Polo tanto, o que lle pedimos é que volva ao Feijóo de 2009, ao Feijóo que dicía en plena crise económica que era posible trasladar Ence. Era posible trasladar Ence en 2009 e é posible trasladala no 2019. Non sexa o responsable de poñer en risco... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón. Rematou o seu tempo.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Agradézolle, señora Pontón, que recorde que aquí vostedes falan porque os votan. Iso creo que é un recordo que ten un amplo respaldo democrático. Efectivamente, señoría, e, como a nós nos votan para gobernar Galicia, nós imos defender Galicia. E defender Galicia é defender Alcoa.

Levo dez anos como presidente da Xunta de Galicia e Alcoa nunca estivo na situación na que está dende que o Partido Socialista Obrero Español está gobernando en España, ¡nunca! En dez anos, con crise económica, con recesión económica, con dificultades, sempre saímos adiante cos asuntos de Alcoa. Agora está a punto de pechar na Coruña, ¿e vostede insinúa algunha responsabilidade deste Goberno? *(Murmurios.) (Risos.)*



Mire, señora Pontón, como comprenderá, non é razoable seguir falando nestes termos cunha persoa que nin sequera acepta que o único valedor e o único aliado dos traballadores de Alcoa é o Partido Popular de Galicia. (*Aplausos.*) Antes tamén o BNG; agora xa non, señora Pontón, agora xa non. (*Aplausos.*) Non, señoría

Fala vostede da tarifa eléctrica galega, intentando enganar unha vez máis a todo o mundo, sabendo que non hai unha tarifa eléctrica en ningún sitio de forma especial, e falan vostedes dun asunto vasco. Pois, mire, non existe unha tarifa vasca. E, de feito, hai varias empresas galegas que están beneficiadas por esa tarifa para todas as empresas españolas, onde hai moitas empresas en Euskadi, algunhas empresas en Galicia e supoño que algunhas outras noutros lugares.

Mire, sobre Sabón, ¿que lle parece a vostede se nós falamos co comité de empresa de Sabón, e non a través da señora Pontón senón a través do comité de empresa de Sabón —que dende logo non está de acordo coas súas propostas—?

Vostedes antepoñen os seus intereses políticos e sindicais aos intereses dos traballadores. E, para nós, diante dos intereses dos traballadores non hai nin intereses políticos nin intereses sindicais, señora Pontón. (*Aplausos.*)

Señora Pontón, fálame vostede de enerxía, cando están de acordo co peche das fontes enerxéticas de Galicia. Si, co peche de Meirama vostedes están de acordo. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, ou sexa que co peche de Meirama vostedes non están de acordo. En Marea si está de acordo. (*Murmurios.*) ¡Ah!, moi ben, e o PSOE tamén está de acordo. Ou sexa, o PSOE quere pechar Meirama, as Mareas queren pechar Meirama e o BNG non quere pechar Meirama. Bueno, queda clara, polo tanto, a política enerxética do tripartito. (*Murmurios.*) (*Risos.*)

Sigamos avanzando, señoría.

Vostedes están apoiando o Partido Socialista Obreiro Español —aínda que diga: Non, nas corporacións—. Pero é o mesmo partido que vai subir o diésel a todos os traballadores galegos. Supoño que despois non me fará vostede dicir por que non defenden os traballadores galegos cando lles sobe o diésel o seu socio de goberno. Vostedes, señorías, están pactando cun partido que nos mentiu durante o último ano sobre que aprobaría un estatuto de electrointensividade para as empresas antes das eleccións municipais. Vostedes estano apoiando, e vostedes, ademais, están apoiando un goberno que dicía que Alcoa podería presentarse á subasta de interrompibilidade. A subasta faise exactamente despois das eleccións municipais e non deixan que se presente á subasta de interrompibilidade.

Mire, señoría, no ano 2017 o Goberno do Partido Popular dedicou máis de 500 millóns de euros á interrompibilidade, é dicir, a abaratar a tarifa das empresas como Alcoa. E no ano 2018 o PSOE baixouno un 40 %, de 525 millóns a 315, unha baixada dun 40 %. No primeiro semestre do ano 2019, a interrompibilidade xa baixou a 100 millóns de euros co PSOE —si, señoría; tome nota, señora Pontón—, e os bloques a subastar de 40, que era o que lle interesaba a Alcoa, practicamente desapareceron. E por se fora pouco, a Alcoa-A Coruña non lle



deixan participar, e agora andan enganándonos con que teñen unha oferta e que o posible comprador non vai ter ningunha diminución do custo a través da interrompibilidade para operar con Alcoa. ¿E vostede faime responsable a min, cando levo denunciando esta falacia dende hai meses? Vostede fai responsable ao único goberno...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...responsable que non lles mentiu aos traballadores, e que lle dixo de forma constante e continua ao Ministerio de Industria que estaba enganando a todos. Pero non se pode enganar a todos todo o tempo.

A partir do próximo sábado, o BNG que pacte con quen queira. Nós imos seguir pactando con Galicia, imos seguir estando aquí defendendo os traballadores de Alcoa, imos seguir defendendo as familias de Ence, imos seguir defendendo, señoría, que as familias de Ence teñen dereito a chegar á fin de mes, teñen dereito a un salario digno e teñen dereito a manter os seus postos de traballo. *(Aplausos.)* Vostedes non están de acordo. Nós estamos de acordo, e por iso, señoría, nós defendemos Alcoa, defendemos Ferroatlántica, defendemos Cee e Dumbría e as centrais hidroeléctricas que teñen que operar de forma conxunta. E exixíremolles á empresa —a esta ou a calquera— un plan industrial para activar todas as fábricas de Cee e Dumbría. Imos seguir defendendo Sabón, imos seguir defendendo Reganosa.

Señoría, o noso compromiso é con Galicia, o noso compromiso non é co Partido Socialista Obreiro Español.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impulso polo Goberno galego, coa debida dilixencia, da actividade institucional da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día, señor Núñez Feijóo.

Levamos cinco anos —díxovostede— saíndo dunha crise moi fonda, sen que nestes cinco anos se poña remedio aos graves desequilibrios sociais, económicos e territoriais que ten Galicia; por exemplo, a moi grave regresión demográfica, que xa temos tratado aquí; por exemplo, as dificultades para producir emprego en volume e calidade suficiente —aínda non recuperamos o emprego anterior á crise nestes dez anos nos que vostede gobernou—; por exemplo, a deterioración dos servizos públicos básicos como a sanidade, en concreto a atención primaria; ou, por exemplo, a crecente polarización territorial que sofre o noso territorio e que deixa amplas zonas e moitos habitantes moi desguarnecidos. Iso entre outras cuestións. E o seu goberno non está en condicións de darlles unha resposta eficaz a estes dese-



quilibrios, facendo máis difícil, debido a esa parálise, a vida de moitas persoas. Xa hoxe eu creo que o seu goberno é un lastre para as reformas que precisa Galicia.

Fíxese, se non temos en conta as leis de orzamentos e as de acompañamento, só impulsaron seis proxectos de lei. E xa levamos dous terzos da lexislatura esgotados. No calendario lexislativo para o 2018 tiñan once proxectos de lei. Só tramitamos tres; e, destes, dous xa estaban no calendario lexislativo do 2017. Non hai calendario lexislativo para o 2019. Será para non incumprilo. Pero, ao mesmo tempo, a ausencia de calendario lexislativo significa que vostedes non teñen proxectos e están incumprindo tamén a norma.

E das leis de 2011, faltan dúas, por exemplo, que son extremadamente importantes, a Lei de emprego e a Lei de impulso demográfico, das que non hai noticias. E non haber noticias significa que non van poder ser tramitadas completamente antes de 2020 e, por tanto, que dificilmente van exercer efecto ningún durante toda esta lexislatura. Maioría absoluta, unha lexislatura perdida, cando estaban prometidas estas leis que estaban no seu programa, e estanos dicindo que vostede é a gran promesa para Galicia.

E non acaban aquí as cousas. Fíxese, o nomeamento de senadores autonómicos está paralizado para subordinalo aos equilibrios internos do Partido Popular. Podíamos telo feito hai máis dun mes pero non está. E, se non acepta este argumento, déanos unha explicación convincente de por que non trae as propostas ao Parlamento.

A Valedoría do Pobo, ou a presidencia do Consello Económico e Social, na práctica, están en situación de interinidade. A presidencia do Consello Social da Universidade de Santiago —do que imos facer hoxe unha pregunta— está paralizada desde hai máis dun ano. E vostedes acaban de nomear, un ano despois, unha persoa para o Consello Social da Universidade da Coruña. A Compañía de Radio e Televisión de Galicia está cun director xeral interino desde hai demasiado tempo, cando precisabamos un novo proxecto cunha nova dirección para modernizar a compañía.

Este é o resumo: atonía lexislativa, parálise nos nomeamentos necesarios para impulsar as reformas que necesita Galicia e parálise parlamentaria, da que despois falaremos. Señor Núñez Feijóo, vostede e o seu goberno estanse convertendo nunha forza retardataria do progreso, nunha forza retardataria do crecemento das reformas que Galicia necesita.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor Leiceaga.

Realmente escoitar o portavoz do Partido Socialista Obreiro Español falar de inestabilidade e falar de bloqueo é, cando menos, sarcástico. Pero, señor Leiceaga, ¿de verdade que vostede, co serio que parece, pode dende esa bancada do Partido Socialista Obreiro Español falar de ines-



tabilidade ou de bloqueo despois do último ano de gloria que nos deu o Partido Socialista Obrero Español a todos os galegos e, en consecuencia, a todos os españois? *(Aplausos.)* Señor Leiceaga, ¿de verdade que pode falar en serio deste tipo de cuestións? É, cando menos, sorprendente.

Pero, señor Leiceaga, fala vostede dos senadores, da valedora, de Radio e Televisión... Pero ¿non sabe vostede que estas, xustamente, son as cousas que dependen do Parlamento e dos acordos parlamentarios entre as forzas políticas, non da Xunta de Galicia? *(Murmurios.)* ¡Si, señoría!

Por certo, sobre o nomeamento dos senadores, ¿de verdade que vostedes queren aproveitarse dunha discusión interna, lexítima, que teñen as Mareas para que non poidan nomear senador e así intentar coar un senador do Partido Socialista de Galicia? *(Aplausos.) (Fortes murmurios.)* ¿Realmente, señoría, é iso o que vostedes queren facer? ¡Por favor, señoría, por favor!

¿Como se pode dicir que levamos atraso nos senadores cando estamos escoitando a outros grupos que, no exercicio da súa representación lexítima, están intentando concretar a figura do senador que os represente? ¿De verdade que considera vostede atraso en nomear os senadores cando ningunha das doce comunidades autónomas ten senadores nomeados? ¿De verdade que iso lle preocupa cando nin sequera hai goberno central en España? ¿Preocúpalle realmente, cando nin sequera hai goberno, nomear os senadores? *(Murmurios.)*

Pero non se preocupe, non se preocupe, que nós non temos problemas cos senadores. Non se preocupe. Mire, en canto teñamos coñecemento de que En Marea ten unha proposta, virán á Cámara. E anticipo... *(Fortes murmurios.) (Risos.)* Non, non sei por que rin, señorías. Vostedes tiveron propostas para nomear os membros do Consello de Radio e Televisión de Galicia e tivemos que votar nós a favor, porque vostedes, a maioría, estaban en contra. Se non vota o Partido Popular, non saen os membros do Consello de Radio e Televisión de Galicia. *(Aplausos.)* ¡É algo sorprendente, señor Leiceaga!

Pero, señor Leiceaga, vostede e o portavoz do noso grupo quedaron, xunto co resto dos grupos, en facer un cambio de valedora despois das eleccións municipais. O próximo sábado constitúense as corporacións locais. ¿De verdade que nos vai imputar agora incumprir ese pacto?

Pero, señor Leiceaga, sobre a Compañía da Radio e Televisión de Galicia, ¿de verdade que van seguir vostedes discutindo quen nomeou o director da Compañía da Radio e Televisión de Galicia? ¿Quere que diga na Cámara quen foi o deputado do Partido Socialista que chamou ao portavoz do Partido Popular para dicirlle cal era a proposta do Partido Socialista, con nome e apelidos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O señor Sánchez Izquierdo. ¿Quere que faga esta revelación na Cámara? Señor Leiceaga, un pouco de respecto polo pasado, un pouco de respecto polos pactos.

Levo dez anos como presidente da Xunta, tiven quince portavoces dos grupos da oposición. ¿Con que portavoz debo pactar? Señor Leiceaga, dentro de pouco parece ser que vostede vai ser substituído. ¿Con quen pacto, con vostede ou co seu substituto?

Señor Leiceaga, ¡fagamos as cousas con normalidade! ¡Respectemos as regras parlamentarias! ¡Non pasa absolutamente nada! Temos todo o mes de xuño para que vostedes traian o



seu novo líder á Cámara, para que as Mareas concreten cal é a súa proposta de senador, e eu espero que neste mes de xuño poidamos desbloquear todos estes asuntos. Agora interpélanos por cumprir os pactos. É cando menos sorprendente, señor Leiceaga.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, sobre o calendario lexislativo terei ocasión de falar na réplica. ¿Pero de verdade que vostede revisou cal é o calendario lexislativo do Partido Socialista Obreiro Español na nación española?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Non deixa de ser sorprendente que me lembre que o seu grupo e vostede mesmo non votaron ao señor Fraga para ser senador autonómico, e tivemos que votalo outros grupos, (*Aplausos.*) (*Risos.*) por exemplo. (*Aplausos.*)

Estas son as cousas que ocorren no Parlamento, señor Feijóo. Inestabilidade, bloqueo. Parece que as urnas referendan os últimos dez meses de Goberno do Partido Socialista, o que non referendan é a forma de oposición que fan vostedes e os pactos implícitos — agora xa explícitos— (*Aplausos.*) con outras formacións políticas como VOX. (*Aplausos.*) Por certo, a lista máis votada pero apoio á democracia ourensá no Concello de Ourense, señor Feijóo. Iso é o que din todo os medios.

Hai máis cuestións. Están abertas varias comisións de investigación nesta Cámara: unha Comisión de investigación sobre as caixas, por exemplo; unha Comisión de investigación sobre as deficiencias na sanidade; e levan meses paralizadas. No caso da das caixas, dous anos, ¡dous anos paralizada!; e no caso da Comisión de investigación da sanidade non hai conclusións, cando é un tema central, con mobilizacións, cunha gran alarma social. E vostedes, con ese gran impulso reformista que os caracteriza, teñen todo isto en *stand by*.

Mentres tanto, no mundo financeiro pechan entidades, concéntranse as sucursais, prodúcese segregación financeira, e o aforro galego sae, en fin, para financiar operacións que non teñen demasiado que ver co investimento produtivo. ¿E na sanidade que? Bloquean as iniciativas da oposición, as lexislativas e as non lexislativas, e non son capaces de presentar unhas conclusións reformistas para reformar a fondo a atención primaria nesta Cámara, como sería a súa obrigação.

Eu resúmolle o panorama: atonía lexislativa; faltan esas dúas leis e moitas outras, pero esas son moi relevantes, e non hai nin anteproxecto circulando, señor Núñez Feijóo, cando vostede mesmo di que son asuntos centrais para Galicia. E parálise nos nomeamentos. Mire, no dos senadores atopámonos cunha situación que é conveniente que coñeza toda a Cámara. Hai unha proposta para elixir senadores neste Pleno, e o seu grupo, coa oposición de todos



os demais grupos da oposición, retira esa proposta. Entón, non nos veña dicir nada sobre os outros grupos. Foi unha decisión do seu grupo na Xunta de Portavoces e nada máis, (*Aplausos.*) señor Núñez Feijóo. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Ese é o problema. Por tanto, parálise nos nomeamentos e parálise parlamentaria... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate. Silencio.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...con comisións de investigación... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...que non dan rematado os seus traballos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...algunha desde hai máis de dous anos.

Están na administración das cousas, están na xestión da inercia, pero non están na xestión das reformas que Galicia necesita, señor Núñez Feijóo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche da pregunta. Señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor Leiceaga.

É certo que votamos a Fraga, nós votámolo con v, vostedes botárono con b. Botárono desta Cámara despois de gañar limpamente as eleccións coa maioría absoluta menos un escano. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señoría, si, si. (*Aplausos.*) Si, señoría, nunca foron capaces de gañarlle ao presidente Fraga, e agora, aínda encima, alardean de que o Partido Socialista o fixo senador. (*Aplausos.*) Señor Leiceaga, un pouco de dignidade parlamentaria e un pouco de dignidade democrática. (*Aplausos.*)

Por iso, falar de gobernos de cambio do Partido Socialista, de gobernos de cambio que consisten en que non poida gobernar o PP en ningún sitio, ese é o Goberno de cambio. O Goberno progresista consiste en non deixar gobernar o que gana. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O Goberno progresista consiste en que un presidente da Xunta de Galicia... (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Señor Losada.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que conseguiu a maioría absoluta menos un escano, (*Murmurios.*) foi simplemente... (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señora Vilán, silencio. ¡Xa empezamos!



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...retirado deste Parlamento e aínda encima o recordan.

¡Pero se vostedes poden recordar o que queran! Di: non, non, é que non está pechada a Comisión de sanidade. Se o que primeiro propón facer a Comisión de sanidade é o Partido Socialista, e o Partido Socialista se retira da Comisión de sanidade igual que o resto da oposición. (*Murmurios.*) É curioso que no se poida pechar unha comisión parlamentaria por proposta da oposición que, despois de aprobala, a oposición non comparece e non fai a comisión parlamentaria. (*Murmurios.*)

Pero, señor Leiceaga, a proposta do Marisquiño vén das Mareas e do BNG, e o Partido Popular, que foi acusado de ocultar o accidente do Marisquiño, non ten inconveniente en que se constitúa a comisión. Resposta parlamentaria do Partido Socialista: non imos a esa comisión. ¡E agora fala vostede das parálises das comisións parlamentarias! Pero, señor Leiceaga, supoño que a vostede ultimamente lle empeza a fallar a memoria, eu creo que non.

Mire, once leis no ano 2017 —once—. É certo que no ano 2018 non acadamos o calendario lexislativo que tiñamos comprometido, pero neste ano 2019 levamos unha lei por mes: a Lei de rehabilitación, a Lei de superávit, a Lei de farmacia, a Lei de patrimonio natural e a Lei de administración dixital. E imos remitir once leis máis á Cámara, en total, dezaseis leis no ano 2019. Volvo reiterar, ¿sabe vostede cantas leis aprobou no último ano o Partido Socialista na nación? (*Pausa.*) Incomódalle que lle chame nación a España, señoría? (*Murmurios.*) (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Pero vostedes van pactar co BNG o sábado. (*Risos.*) Van poder falar da nación española nese pacto co BNG, que supoño que será escrito, (*Aplausos.*) e será público, (*Aplausos.*) e poderémolo coñecer. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, ¡que sorprendente e que sarcástico, pero que interesante dedicarse á política! Despois de escoitar isto do pacto das tres dereitas, agora o Partido Socialista está orgulloso de pactar co partido que ía na mesma papeleta que Bildu e Esquerra Republicana de Cataluña ás eleccións europeas. Pero, señor Leiceaga, esa é a historia clínica política de cada un. Eu pódolle asegurar que, con sombras, respecto a miña. Espero que vostede respecte a súa.

Señor Leiceaga, ¿de verdade que vostede ten algún respecto polo Parlamento? (*Murmurios.*) Vostede reprochame hoxe aquí cumprir taxativamente os compromisos co seu grupo; nomear por acordo o director da Compañía de Radio-Televisión Galega; ser notificado a través dun deputado do Partido Socialista o portavoz do Partido Popular. Dos tres que propuñamos, cal era o que elixía o Partido Socialista. Aínda non me contestou a iso. ¿E agora dime que hai que apurar os nomeamentos do Parlamento? Pero, señoría, ¿non sabe vostede que o seu secretario xeral leva dous anos para retirar a acta de parlamentario? (*Risos.*) ¡Leva dous anos, señoría, para exercer realmente, como di que é...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...de líder da oposición, sen nin sequera formar parte da oposición! ¿Hai algún acto de maior desprezo ao Parlamento de Galicia que non exercer o liderado da oposición e non comparecer no Parlamento de Galicia



dende o seu nomeamento de secretario xeral do Partido Socialista? ¿Ou realmente é un secretario xeral interposto e vostede é un [...]?

O señor PRESIDENTE: Remate.

Remate, por favor, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Realmente, señor Leiceaga, nós asumimos a nosa biografía, seguro que chea de defectos e chea de eivas, pero cun plantexamento claro. (*Murmurios.*) E nós imos seguir plantexando, señor Leiceaga, o que plantexamos sempre: deixemos gobernar ao que gaña, señor Leiceaga. Cando o que gaña gaña cunha contundencia evidente dun escano ou dun deputado para a maioría, ¡non enredemos esa situación!

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Agora, tamén lle digo unha cousa, ¡xa está ben! Xa está ben de que o Partido Socialista poida gobernar cando lle pete, cando perde, e cando perde estrepitosamente, e o Partido Popular non poida gobernar cando gaña...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente. Terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e cando gaña de forma notoria.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Dígolle, señor Leiceaga...,

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...en nome dos galegos e en nome da democracia, que ¡xa está ben!

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día. Proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do primeiro período de sesións de 2019, do procedemento deseñado para avaliar a implantación da Rede galega de dinamización da formación profesional dual

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir como punto segundo o seguinte texto:

«2.- O Parlamento insta a Xunta de Galiza a remitir, antes de finalizar a lexislatura, un informe sobre os mecanismos de control que o Goberno galego teña implementado para velar polos dereitos do alumnado de FP Dual durante o tempo en que reciben formación nas empresas así como, os procedementos de coordinación creados entre estas e a administración. O informe incluírá unha avaliación do grao de funcionamento e cumprimento dos mesmos.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

Imos comprobar se con esta proposición non de lei hai ou non hai bloqueo nas iniciativas —neste caso non lexislativas, senón de proposición non de lei— por parte do grupo maioritario da Cámara ou non o hai.

A nosa proposición non de lei —como saben— refírese a unha modalidade concreta da formación profesional, que é a formación profesional dual; unha modalidade que se estableceu xa, mediante real decreto, no ano 2012. Nese decreto preténdense establecer as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España. Dedicamos o seu título III á formación profesional dual no sistema educativo, e establécese que neste marco de desenvolvemento o proxecto de formación profesional dual no sistema educativo ten unhas claras finalidades. A primeira delas é incrementar o número de persoas que poidan obter o título de ensino secundario postobrigatorio a través das ensinanzas de formación profesional. O segundo, conseguir unha maior motivación no alumnado e diminuír o abandono escolar temperán, —actividade á que nos sumamos de forma entusiasta—. Facilitar a inserción laboral como consecuencia dun maior contacto coas empresas, incrementar a vinculación e responsabilidade do tecido empresarial coa formación profesional e favorecer a transferencia de coñecementos entre o sistema produtivo e o sistema educativo. E o nada desdeñable obxectivo de obter datos cualitativos e cuantitativos que permitan tomar decisións en relación coa mellora da calidade da formación profesional.

Este real decreto —como dicía—, que se publica no ano 2012, dá pé a que dende o ano 2013 a Consellería de Educación publique distintas ordes de posta en funcionamento de proxectos experimentais de formación profesional dual —doce proxectos en seis cursos—, o que para este grupo parlamentario é un bo indicativo do alto grao de improvisación que existe nesas ofertas de formación profesional dual.



Se analizamos, por outro lado, as memorias dos orzamentos que acompañan á Consellería de Educación, podemos atopar sempre declaracións de intencións que resultan moi contundentes. E ademais de contundentes, altamente repetitivas, o cal pode ser tamén un indicador da seca de capacidade produtiva para xustificar os orzamentos. E din sempre —insisto, ano tras ano— que procede avanzar decididamente nunha formación profesional dual baseada nunha maior colaboración e participación das empresas nos sistemas de formación profesional, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado, e así permitir que estas coñezan de maneira máis próxima a formación que recibe a mocidade; cada vez, iso si, máis adaptadas ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Moi ben, como prosa non ten ningún tipo de mácula.

Paralelamente a esta declaración de intencións nas memorias, órzanse cada ano unhas certas cantidades, non moi elevadas, é certo. Así, 400.000 euros no ano 2018; 750.000 neste ano 2019, no Programa 422M, para ensinanza secundaria, formación profesional e outras ensinanzas. É dicir, temos un marco teórico, as memorias dos orzamentos; temos as cantidades que figuran neses orzamentos; e os responsables da Consellería de Educación fan unhas declaracións nas que din que os datos son os que son, nas que a intención é a que é, pero os datos reais de matrícula parecen contradicir sistematicamente ese discurso. Así nos atopamos con que a inicios deste curso, 2019-2020, a consellería reconece que ten matriculados 937 alumnos en formación profesional dual, cando o obxectivo para o curso 2020-2021, é dicir, dentro de dous cursos, é ter 5.000. Insisto, son as propias previsións da Consellería de Educación, que sempre tende a redondear e a facer as cousas en múltiplos de mil porque quedan moi redondos nas contas.

O certo é que estamos a un 20 % —ou nin un 20 %— de acadar ese obxectivo a dous cursos do seu remate. Como consecuencia diso e pola falta de transparencia, porque a Consellería de Educación non publica nunca os datos reais de matrícula da formación profesional dual, este grupo parlamentario fixo unha pregunta oral na comisión que se levou a cabo o 6 de marzo deste ano, na que preguntabamos estritamente cales eran os números de matrícula en formación profesional dual de grao medio e de grao superior entre os cursos 2013-2014 e este, o 2018-2019. Efectivamente, ante a concreción da pregunta, ao señor director xeral non lle quedou máis remedio que dar os datos que, efectivamente, evidencian que se está moi por debaixo desa cantidade, dese obxectivo de 5.000 que se pretende acadar.

Isto —repito, señorías— foi o día 6 de marzo, e o día 22 de marzo, é dicir, dezaseis días despois, a consellería publica unha resolución na que crea con carácter experimental a Rede galega de dinamización da formación profesional dual. Esta rede, que está inicialmente configurada cun máximo de corenta e oito centros que inclúen obrigatoriamente esa figura —e déixoo aí, esa figura—, que son os centros integrados de formación profesional, e están integrados os vinte e tres obrigatoriamente, ten basicamente seis funcións. Primeiro, facer prospección das empresas; como se a estas alturas non houbera prospección. É dicir, ¿que estivemos facendo ata este momento se aínda temos necesidade de facer esa prospección? Salvo que se producira un incremento no sector industrial, que parece que se compadece pouco co que se lle acaba de preguntar ao presidente, ou que teñamos ampliado o territorio e necesitemos exploralo, esa prospección tiña que estar feita. Atender as necesidades das empresas, dando a coñecer os perfís profesionais. Atender as necesidades dos titores e ti-



toras nos centros de traballo. Divulgar a FP dual entre o alumnado dos distintos niveis educativos. Asesorar a todos os actores participantes nos proxectos de FP dual. E di que poderán formar e informar eses actores para realizar outras actuacións relacionadas coa formación profesional dual.

Moi ben, outro marco teórico modélico, pouco cuestionable, parécenos ben, pero esa resolución daba, no seu apartado 6 —¡ollo!—, cinco días hábiles para a presentación de solicitudes para incorporarse a esa rede; cinco días. Posteriormente, publicouse o día 9 de abril a resolución, na que xa se establece que centros forman parte desta Rede de formación profesional dual, o cal nos leva ao pasmo, a que en dezasete días —¡dezasete!— a Consellería de Educación e todos os centros potencialmente incorporables a esa rede foron capaces de deseñar e publicar a rede. Insisto, son procedementos lóstrego, é unha eficiencia pouco coñecida na xestión pública, salvo que, evidentemente, todo isto xa se viñese fraguando e se lle dese unha certa forma de legalidade para crear esa rede neste tempo.

Ben, resultaron seleccionados corenta e seis centros, a distribución é o de menos, pero son vinte da Coruña, sete de Lugo, sete de Ourense e doce de Pontevedra. E tamén se establecen as funcións que van desempeñar as persoas responsables destes proxectos. Chámanos a atención poderosamente que as persoas responsables destes proxectos teñen dedicación exclusiva á dinamización da formación profesional dual. Iso quere dicir que non van dar unha soa hora de clase. Iso quere dicir que a súa redución lectiva, que é total, supera a dos directores, a dos xefes de estudos, a dos secretarios, a dos vicedirectores, a dos xefes de departamento, a todo o previsto ata este momento. Estas persoas, estes corenta e seis profesores e profesoras, van adicarse en exclusiva a isto. Evidentemente, isto ten un custo, e nós estimamos que ese custo —¡ollo con este dato!— é un mínimo entre 1.330.000 e 1.441.000 euros, e nesa conta pode asegurarlles —pódeno comprobar calquera de vostedes— que nin están incluídas as pagas extras, nin están incluídos os trienios, nin están incluídos os sexenios dos profesores; é dicir, a cantidade é moi superior a esta, e, polo tanto, temos este custo anual. Falamos, polo tanto, dunha medida que dista moito de ser gratuíta e que —como dicía— supera a redución horaria prevista, en todo caso. E caben formularse algunhas preguntas ao respecto.

En primeiro lugar, ¿que xustifica a creación desta Rede galega de dinamización da formación profesional dual? Se esa creación garda algún tipo de relación coa baixa matrícula existente nesta modalidade na comunidade autónoma, cousa que parece que non debe ser así porque a propia Administración está satisfeita coas cantidades e as cifras acadadas na matrícula. Cabe formularse a pregunta de se cinco días é suficiente para que nos centros se valore a conveniencia de incorporarse a esta rede ou non. Cabe preguntarse cantos centros solicitaron a súa inclusión, cales foron os criterios para seleccionar eses centros. Cabe supoñer que foi un designio dixital. Cabe preguntarse cal é o custo real desta medida, que —insisto—, na estimación que dixen antes, estou absolutamente seguro de que é moi inferior á realidade.

E, polo tanto, como nós consideramos, non é que o consideremos nós, senón que sabemos que no deseño de políticas públicas hai que ser eficiente, hai que ser equitativo e hai que estar suxeito a un control democrático, presentamos esta proposición non de lei, para que se nos informe do procedemento que se ten deseñado, se é que se ten, para valorar a implementación da Rede galega de dinamización da formación profesional dual. Insisto, como



cremos que é un procedemento altamente competitivo, altamente deseñado, non terá ningún problema o Goberno en informar a esta Cámara de cales son os criterios que van empregar para avaliar os resultados desa implementación.

Nada máis pola miña banda. Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Falaba o señor Álvarez de eficiencia lóstrego e de que xustificaba isto. Pois, basicamente, isto xustifícase porque a Consellería de Educación ten unha subvención que vén do Ministerio de Educación, con carácter finalista, e hai que gastala antes de que acabe o ano 2019. Exactamente iso é o que acontece. Un exemplo máis, palmario ademais, evidente, e ata podería ser chistoso se non fora o conto tan triste, da improvisación máis absoluta coa que se traballa desde a Xunta de Galiza por parte do Partido Popular, e en concreto na Consellería de Educación. Fixérono improvisando, e tal foi o nivel de despropósito no grao de improvisación que tiveron que corrixir a súa propia resolución inicial, porque se prevía que nesas liberacións exclusivas das que falaba o señor Álvarez, e das que despois eu tamén falarei, incluíase profesorado, docentes e interinos, e unha ampliación da súa xornada laboral, ou do seu contrato laboral, máis alá do que establece a legalidade. Fixérono, ademais, sen ningún tipo de garantía de continuidade.

Insisto en que é unha subvención que vén do Ministerio de Educación español con carácter finalista e que hai que esgotar, que hai que investir, antes de que remate este ano 2019. Pero aí curáronse en saúde, entón, puxéronlle a coletilla esa de «experimental». Como non teñen nin idea de se van contar con estes fondos para o ano que vén, de se isto vai ter máis continuidade alén do ano 2019, pónenlle ese carácter experimental e, se o ano que vén desaparece todo, dirán que non cumpriron cos obxectivos. Un escándalo, de verdade, un escándalo e un despropósito.

Aprobaron esta resolución cunha eficiencia lóstrego —dicía o señor Álvarez—, cunha premura inusitada —diría eu—, e ademais pasándose —non quero resultar desagradable, que é a primeira hora da mañá— polo arco do triunfo o Consello Galego de Formación Profesional e a Mesa sectorial, cando estamos falando de que se están a mudar condicións de traballo —como se explicaba anteriormente— a máis de corenta docentes ás que se libera con carácter exclusivo para pasar a facer funcións basicamente... Decía o señor Álvarez que el non as cuestionaba. Ben, eu o que vexo é que basicamente van actuar a modo de comerciais. Xa se lía con anterioridade que as funcións que van ter estas persoas liberadas con exclusividade para seren responsables desta Rede galega de formación profesional dual van ser as de atender as necesidades das empresas, tamén atender as necesidades das persoas titoras nos centros de traballo e nos centros educativos, divulgar a formación profesional dual entre o



alumnado doutros niveis educativos etc. Libéranse a máis de corenta profesoras e profesores docentes da formación profesional, que ata o momento viñan desenvolvendo as súas funcións como parte da formación deste alumnado, nin se negocia no Consello Galego de Formación Profesional, nin se negocia tampouco na mesa sectorial. Aí xa hai un anuncio por parte da CIG, sindicato maioritario do ámbito educativo no noso país, que presentará un recurso precisamente por esa falta de negociación.

A nós o que nos parece iso é unha ocorrencia máis, unha de tantas: teño unha partida, teño que gastala antes de que remate o ano 2019, voulle dar para diante con isto, voulle poñer que é experimental, a ver que pasa, e en 2020 xa se verá.

Nós concordamos coa parte resolutiva que propón hoxe o Partido Socialista, con que se remita e se fagan públicos cales foron os procedementos e, en todo caso, como vai desenvolverse esa Rede galega de formación profesional dual. Eu creo que esta Cámara é sobradamente coñecedora de cal é a opinión que ao Bloque Nacionalista Galego lle merece este tipo de formación profesional. Saben das discrepancias profundas por como se está materializando, que no fondo consiste en dotar, en fornecer, de forza de traballo e man de obra moi barata as empresas non só de Galiza, senón dos territorios nos que se está desenvolvendo. E nós vimos que era pertinente, en aras ou co obxectivo dese control democrático do que falaba tamén o señor Álvarez, que se remita ao Parlamento —nós abrimos un pouquiño máis a manga nese sentido—, antes de rematar esta lexislatura, un informe sobre os mecanismos de control que o Goberno da Xunta de Galiza implementase para velar polos dereitos do alumnado da formación profesional dual, e máis porque no mes de maio deste ano 2019 anunciouse que se remata coa idade máxima para ingresar neste tipo de titulacións, que pode ir moito máis alá do que legalmente está previsto para asinar un contrato de formación e aprendizaxe, que como sabe ten un límite de 25 anos.

Queremos que se explique, que se informe —con isto remato—, de cales son os mecanismos de coordinación que existen con esas empresas para garantir os dereitos no que ten a ver coas condicións de traballo, coas remuneracións que reciben esas alumnas e alumnos e tamén se se están a cumprir e a garantir os dereitos de formación que teñen por parte das persoas que están matriculadas dentro desta formación profesional.

O que necesitaríamos neste país sería facer unha avaliación de que é o que está acontecendo, de que é o que está a pasar, desde que se implantou esta modalidade educativa, e, sobre todo, se se está a garantir e a cumprir cos obxectivos que ten, e que...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...como nós pensamos, non se está a converter esta formación profesional dual nunha maneira de nutrir de man de obra, de forza de traballo, moi barata para as empresas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...e non se está a cumprir con esa obriga de formación.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Precisamente ao avaliar esta proposición non de lei queríamos comezar por onde o deixaba a señora Rodil. Sabido é que o noso grupo parlamentario ten amosado numerosas dúbidas e reticencias respecto da implantación dun modelo formativo claramente alleo, pensado para realidades socioeconómicas moi diferentes á galega, de grandes empresas con capacidade formativa, que na nosa economía ten dificultades reais para funcionar.

O Goberno galego empeñouse hai xa uns anos na implementación sistemática e acrítica dun modelo formativo pensado para economías de grandes empresas, nunha realidade na que a maioría das nosas empresas son moi pequenas e con experiencia formativa inexistente.

Non só iso, senón que cando falamos de formación profesional dual temos que insistir nun asunto fundamental: as consecuencias laborais. E aí é obrigado atender as numerosas denuncias do mal uso que se está facendo deste sistema de formación, en virtude do cal unha gran parte da carga horaria se realiza en centros de traballo, transformando o que debiera ser un proceso formativo en emprego precario. E de aí, a baixa dos salarios, a substitución dos postos de traballo estables por alumnado de FP dual, precarización, pauperización.

Non se pode falar de formación profesional dual sen considerar a problemática producida por empresas que usan o alumnado dos ciclos como man de obra barata, sen ningún tipo de control por parte da Administración.

É positivo que o alumnado estea nunha empresa; por suposto, é positivo. Consideramos que pode contribuír á formación das persoas. Pero non se pode negar que esta presenza acaba tendo unha función produtiva, acaba encubriendo unha relación laboral, e aí ¡coidado! debemos ser vixilantes. Porén, nunca ata o de agora a Administración pública se sentiu responsable deste drama laboral; ningunha crítica, todo o contrario. A preocupación fundamental do Goberno de Feijóo cando fala da formación profesional dual non son nunca as estudantes ou os estudantes, son sempre as empresas. Tanto é así, que o tema que hoxe nos ocupa, a Rede galega de dinamización da formación profesional dual, non está pensada para atender a ningunha das necesidades do alumnado. A resolución é clara ao respecto cando di: «Esta rede actuará como punto de atención ao empresariado e establecerá unha canle de comunicación directa entre administracións, centros educativos e empresas».

¿Debe ser esta a prioridade da consellería de ensino, atender as necesidades do empresariado? Nós, dende logo, pensamos que as prioridades da consellería deberan ser sempre o alumnado, o profesorado, destinatarios e garantes do correcto funcionamento do sistema educativo. Pero



iso requiriría escoita e diálogo, dous aspectos fundamentais de calquera innovación educativa que, por suposto, esta rede de dinamización esqueceu. Así, tal e como denunciou a CIG, esta resolución publicouse sen ningunha negociación previa, sen marxe para que se difundira e se debatese nos centros de traballo esta medida, e coa aplicación dun sistema piramidal de mando que recolle o peor dos centros integrados da formación profesional. Unha norma que —como aquí se dixo— abriu a porta ao nomeamento directo, por parte da dirección, de ata corenta e oito docentes, un por cada centro educativo, que conformaría inicialmente esa rede dinamizadora. Un exemplo máis do desprezo da Consellería ao profesorado da formación profesional, que non foi escoitado nin preguntado por absolutamente nada, e á representación sindical, que non tivo ocasión de debater unha norma que supón cambios de condicións do traballo do profesorado importantes, como aquí se comentou: a redución total da carga lectiva.

Nada se publicou, absolutamente nada, sobre os criterios que se empregarían para seleccionar os centros e as persoas responsables da rede. Había prása, había tanta prása en gastar os cartos, que se deu un prazo de só cinco días hábiles, dende a publicación o 22 de marzo, para as solicitudes. ¿Ten sentido promover un cambio, unha suposta importante innovación educativa, xusto a dous meses de que remate o curso escolar, provocando cambios no funcionamento dos centros e na ocupación do profesorado?

Houbo un exemplo máis da improvisación constante e da falta de planificación e propaganda. Semella o de sempre: ocorrencias e ningunha planificación. O certo é que son moitas as preguntas que quixeríamos formular sobre esta resolución. ¿Ten sentido, sobre todo, investir os recursos sempre disputados, sempre cualificados por parte do Goberno como escasos...

O señor PRESIDENTE: Perdoe, perdoe un momento.

Non se poden facer fotos no hemiciclo. Non está permitido facer fotos. Polo tanto, prégolles que cumpran co que está estipulado no Regulamento. Por favor, a todos en xeral, pero neste caso non se poden facer fotos.

Perdón, continúe.

A señora CHAO PÉREZ: ...nun asunto coma este? ¿Non sería mellor que os recursos da formación profesional dual foran, por exemplo, para asuntos tan importantes como cubrir os custos de desprazamento, manutención ou aloxamento do alumnado? Para nós está claro.

Son preguntas que exixen pausa, debate e, por suposto, avaliación. Por iso votaremos si á proposición do Grupo Socialista: avaliar, avaliar e avaliar, para planificar, legislar e gobernar mellor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.



Bo día, señorías.

Está claro, e foise suscitando así no debate, que hai visións diferentes acerca da formación profesional dual; mesmo nos grupos da oposición hai visións diferentes. Eu entendo que neste caso o Partido Socialista pode ter unha perspectiva máis compartida coa que podemos ter dende o Grupo Parlamentario Popular coa pertinencia da formación profesional dual, porque tanto por parte do Bloque Nacionalista Galego como por parte de En Marea hai como unha presunción, velada ou non velada, explícita, de trasladarlle á cidadanía que a formación profesional dual é un elemento de precarización, un elemento de substitución da parte formativa por precarización laboral, como dicían vostedes. ¡Home!, como comprenderán, nós non imos compartir, nin tan sequera case valorar, esa argumentación.

Vostedes saben perfectamente que a formación profesional, desde o seu inicio, conta con formación en centros de traballo. ¿Que ocorre?, que a formación profesional dual dá un paso máis alá. O que fai é, precisamente, afondar naquilo que nós tamén entendemos que ten que ser fundamental á hora de determinar un proceso formativo, que é a posterior inserción laboral, e a formación profesional dual, afortunadamente, en Galicia ten uns datos de empregabilidade moi positivos. ¿Que vostedes consideran que isto non é positivo? Bueno, é unha visión. Xa digo, a nós, dende logo, pensar na inserción laboral dos estudantes no mercado laboral que temos en Galicia parécenos razoable, positivo, un camiño que se ten que explorar e polo que ten que camiñar unha Administración educativa, porque entendemos que a educación e a formación tamén ten unha posterior compoñente de inserción no mercado laboral. E para iso a formación profesional dual é unha ferramenta, para nós, dende logo, moi útil, e como tal defendémola.

Ao longo das intervencións falouse de determinadas cuestións que eu creo que hai que matizar. E ás veces tamén resulta curioso como se critica a Xunta de Galicia, neste caso a Consellería de Educación: se un procedemento é lento, porque o procedemento é lento; se un procedemento é rápido, como neste caso, porque o procedemento é rápido, o conto é criticar. Tamén se critica de improvisación, de que dun xeito improvisado se destinan uns fondos a un programa determinado, nun tempo récord; pero, ao mesmo tempo, estase aclarando — e non o dixen eu, díxoo neste caso a voceira do Bloque Nacionalista Galego— que isto obedece a unha subvención de carácter finalista recibida polo Goberno central baseada nos fondos europeos. ¡Home!, ¡non terá culpa de improvisación a Administración que recibe esta subvención de carácter finalista!, ¿non? Entendo que quen outorga esta subvención para cumprir nun prazo determinado cun carácter finalista terá algo que ver nesta cuestión, e, evidentemente, non se pode imputar de improvisación á Administración que recibe estes fondos.

Mecanismos de control. Os mecanismos de control deste programa e desta rede están definidos no propio decreto da rede. Ademais, como vostedes saben, calquera subvención finalista deste tipo que recibe unha administración pública está sometida a uns mecanismos de control que ten que xustificar diante do órgano que dá a subvención para, posteriormente, recibir eses fondos dos que se dotou este programa formativo neste caso. Ademais, estamos a falar dunha subvención — como dicían vostedes — que vén do Ministerio pero que está fundamentada nos fondos europeos, que teñen uns mecanismos de control específicos, e que, evidentemente, a Administración que recibe eses fondos ten que cumprir. Polo tanto,



¿transparencia e control?, absolutos, ¡absolutos! O que non poden pedir vostedes, nun programa experimental no que se aproba un decreto o pasado 22 de marzo —como vostedes sinalaban—, é que se traia unha avaliación sobre a implantación deste programa antes de que remate o período de sesións, porque temos que darlle un tempo a este programa para ver o seu grao de implantación e para poder avaliar cun criterio certo cal é a implantación e cales son os resultados que está a obter este programa. E, xa digo, os resultados non os estamos inventando nós nin o Grupo Popular, están recollidos no propio decreto.

Esta rede ten uns obxectivos claros na súa configuración, e entre eles está —como se dicía antes— aumentar a presenza da formación profesional dual no ensino galego. A formación profesional dual é unha aposta fundamental da Consellería de Educación, e a día de hoxe ofértanse 127 ciclos da modalidade de formación profesional dual, en 66 titulacións diferentes, nun total de 42 centros educativos, con 1.069 alumnos e alumnas matriculados e a colaboración de máis de 200 empresas e asociacións galegas e nacionais.

Pois temos varios mecanismos para saber se a implantación deste plan é positiva. Primeiro, un cualitativo. Comprobar se aumenta cualitativamente a presenza, tanto de alumnos da formación profesional dual como de empresas que colaboren como, posteriormente, de titulados desta modalidade formativa. Ese xa é un argumento, un criterio de valoración. Pero o que non poden dicir é que traíamos a esta Cámara un informe sobre a avaliación do cumprimento deste programa cando é un programa experimental que aínda se está empezando a desenvolver.

Polo tanto, vostedes teñen que comprender que nós non imos votar a favor da súa proposición non de lei. Ademais, o que dende logo non imos consentir —porque eu creo que non se debe consentir— é o que se intenta facer dende o Bloque Nacionalista Galgo e En Marea e que na emenda do Bloque queda perfectamente reflectido, que é botar sempre esa sombra de dúbida sobre a formación profesional dual como se fose un mecanismo de precarización, como din vostedes.

O compromiso social das empresas en colaboración coa educación é moi importante para o desenvolvemento dunha formación de calidade e, ao mesmo tempo, para facilitar a inserción no mercado laboral. E nós entendemos que non só hai que recoñecer a implicación das empresas, senón que hai que fomentala e hai que poñela en valor, porque moitas veces as empresas tamén están facendo un esforzo importante para que estas persoas que van recibir formación dentro dos centros de traballo teñan unha formación de calidade, e en moitos casos...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...—remato xa, señor presidente— teñan unha formación de calidade cun custo tamén para a propia empresa. Nese sentido, nós entendemos que ten que ser... Eu non sei por que existe esa permanente intención de trasladar a imaxe de que as empresas ou empresariado galego é como unha especie de demo oculto nas tebras. Eu é algo que nunca comprenderei. Nós entendemos que ten que haber unha colaboración directa e eficaz entre a Administración educativa, as empresas e o tecido empresarial galego para



conseguir o que, en definitiva, é unha finalidade que nós entendemos fundamental para o desenvolvemento da nosa sociedade, que é a inserción laboral dos nosos mozos e mozas.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas de novo, señor presidente.

Señora Rodil, vostede o dixo con absoluta claridade, hai unha subvención de carácter finalista que é necesario xustificar, que é pertinente non perder, e, polo tanto, montamos a Rede galega de dinamización da formación profesional dual.

Señor Fernández Gil, é improvisación pura e dura, as cousas como son. Mire, esta é unha comunidade autónoma relativamente pequena. Os docentes tampouco somos moitos e acabamos coñecendo a moita xente que se dedica á profesión, e sabemos —eu sei, porque se me dixo— que había profesores e profesoras que viñan á primeira reunión desta rede galega de dinamización da formación profesional dual que non sabían a que viñan. É dicir, apuntáronse a algo que non sabían para que era. Fíxose esa reunión para poñer en marcha esta rede que parece un procedemento —créanme de verdade— altamente improvisado.

Mire, aquí non se trata de criticar por criticar, non se trata de dicir se se vai lento, porque se vai lento, se se vai rápido, porque se vai rápido. Do que tampouco se trata é de levar a consellería como unha montaña rusa. Non se trata de adquirir velocidades de vértigo para poñer a funcionar unha rede como esta da que estamos a falar nesta iniciativa.

Eu creo —voume tomar a liberdade, se non a señora Rodil me corraxirá aínda que non ten turno de palabra— que a posición do Bloque non é criminalizar o sector produtivo deste país. Non, non. O que piden na súa emenda —que, por certo, aceptamos porque mellora substancialmente, ou lle dá unha orientación adicional, á nosa proposición non de lei— non é fiscalizar, é que teñamos un informe sobre cal é o funcionamento desa formación profesional dual. Creo que ese é o espírito, apuntar a priori e culpabilizar sen ter ningún elemento de proba.

Con respecto ao que dicía a señora Chao, comparto que, efectivamente, a formación profesional dual nalgún ámbito, nalgún sector produtivo en concreto, ten certas dúbidas da súa implementación. E ten certas dúbidas porque, evidentemente, hai artigos académicos, hai algún de educación comparada, algún da revista de educación da Universidade Nacional de Educación a Distancia, que alerta da alta fragmentación normativa que ten a formación profesional dual en España como consecuencia de que estamos movéndonos en proxectos experimentais, e, polo tanto, esa falta de uniformidade e falta de criterio leva a que se adopten solucións distintas en comunidades autónomas distintas. Polo tanto, pode ser que, efectivamente, nalgún sector esa formación profesional dual non funcione como debe funcionar.



O señor Fernández Gil dicía que a FCT estaba desde o principio nos ciclos de formación profesional. Claro que si, por suposto que está. Forma parte obrigatoria, é un módulo obrigatorio, dos ciclos de formación profesional dual. Supera con moito, ¡con moito!, o que era o programa experimental de prácticas en alternancia que había na Formación Profesional que se derivaba da lei dos setenta. Esa si que era outra cousa, aí si que había casos nos que o alumnado non adquiría unha formación substancialmente importante nas empresas e, polo tanto, viña facer substitución de traballadores dunha forma irregular.

Pero vaime permitir unha corrección á súa intervención; unha corrección non por corrixilo, senón para poñer as cousas no seu punto xusto de debate. Falou vostede de que os indicadores para avaliar estaban no propio decreto. Mire, nin é decreto nin é tan sequera orde, é unha resolución. Non, non, non, é importante, é moi importante. Non é unha cuestión de rango normativo, porque un decreto ten unha tramitación, ten unha serie de informes. Unha orde ten outra serie de tramitacións, ás que fixeron antes referencia a señora Rodil e tamén a señora Chao, de obviar por completo a representación sectorial do profesorado, e unha resolución sabemos como se tramita, faise dun día para outro se é mester, e é o que se fixo.

Polo tanto, láméntoo profundamente, aínda que non me sorprende que vostedes non apoiem esta proposición non de lei, cando é verdadeiramente sinxelo establecer uns indicadores que se derivarían practicamente —como vostede dixo, e niso concordo— do que está establecido na propia resolución.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Serían eses indicadores simplemente, pero cando non se quere avaliar algo, non se quere, polo tanto, imos deixalo aí, porque o que non se avalía non se sabe se funciona ben, se funciona mal ou tan sequera se funciona.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Álvarez, perdoe, sobre a emenda...

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Si, acepto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal e o nivel de eventualidade no Sergas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 49484)



Emenda de substitución.

Substituír os puntos 2 e 3 polos seguintes:

«2.- Realizar no prazo máximo de seis meses un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de estabilidade de emprego, para negociar de inmediato na mesa sectorial, que permita establecer un cadro de persoal coas ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación, e a convocar a totalidade das máis de 5.000 prazas vacantes.

3.- O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a demandar do Goberno español o cumprimento do acordo aprobado por unanimidade dos Grupos Parlamentares na Comisión 5ª Sanidade, emprego e política social o 28/11/2019, que di: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a instar o Goberno español á eliminación como norma básica da taxa de reposición de efectivos na Lei estatal de orzamentos do ano 2019, correspondendo a cada comunidade autónoma a competencia de determinar o número de prazas a incluír na oferta anual de emprego público.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día tamén a todas as persoas que nos acompañan dende a tribuna, traballadores e traballadoras, esencialmente traballadoras do sistema sanitario público, ás que xa de antemán lles agradecemos —como sempre que hai traballadores e traballadoras no Pleno— o seu traballo impagable e mal recoñecido pola dirección actual do sistema sanitario, do Sergas.

Hai un problema, e vostedes téñenme escoitado algunha vez. De todas as veces que tratamos de explicar isto aquí, supoño que algunha vez nos escoitamos tamén, téñenme escoitado moitas veces dicir que hai un problema de persoal no sistema sanitario, e este é o problema que lastra a situación do noso sistema. Non na calidade dos profesionais, que un sempre tende a tirar para a casa e dicir que ten aos mellores, pero neste caso, ademais, é probablemente bastante argumental: temos dos mellores profesionais sanitarios que poden existir. A nosa formación está moi ben valorada e os profesionais demostran habitualmente que son grandísimos profesionais, con moita cualificación. Pero hai un problema, non na súa calidade, senón na maneira na que xestionan os recursos humanos aqueles que teñen a responsabilidade de facelo.

Isto é así por dúas cuestións esenciais. Hai un problema de número, de insuficiencia de recursos, non temos suficiente persoal; e hai un problema de precariedade, de precariedade absoluta, de explotación dos recursos humanos, do modelo máis horrible de patronal contra traballadores, e isto provoca algunhas situacións que son indecentes, e indecentes é unha palabra utilizada con toda a intención. Indecentes no sistema sanitario.

Normalmente damos aquí varios datos todos os grupos parlamentarios. É certo que hai catro grupos parlamentarios, tres normalmente utilizamos datos bastante semellantes, que pro-



veñen de organizacións, de colectivos, e o Partido Popular utiliza datos que proveñen, supostamente, da Xunta de Galicia. E digo supostamente porque en moitas ocasións non existen datos oficiais; porque cando os pedimos non se dan; porque cando se dan, como pasou recentemente cun informe ao fío dalgunha comisión neste Parlamento, veñen incluso tachados ou tapados para que non se poidan ler. Non existen datos oficiais, non hai maneira de saber, por exemplo, cantos profesionais traballan hoxe mesmo no sistema público de saúde de Galicia. Non é posible.

Hoxe, calquera sistema sensato no mundo ten unha aplicación informática mediante a que cun clip, con tres clips máximo, podemos saber cantos profesionais hai traballando nese momento no sistema. Hoxe isto é imposible no Sergas, imposible. Ou mellor dito, é posible pero ninguén o quere compartir, que é unha maneira máis directa de dicilo.

Pero para non soste isto nun debate, unha cuestión dialéctica entre partidos, voume permitir dar algúns datos, ningún deles do Partido Socialista. E ademais vou facer algo que nun debate co Partido Popular ás veces é un pouco curioso, que é citar as fontes, porque citar as fontes dos datos ás veces é sorprendente.

Orzamentos oficiais da Xunta de Galicia, con isto debera valer para sempre, pero só é un. De 2009 a 2019, baixamos o persoal en número, o persoal do sistema sanitario. Por exemplo, en atención primaria, en dez anos, 1.249 persoas menos. Orzamentos oficiais, 1.249 persoas menos.

Boletín oficial do persoal ao servizo das administracións públicas, que envían semestralmente ao Ministerio de Hacienda governe quen governe. Está feito por técnicos, traballadores públicos. Dende o 2009 en Galicia, no sistema sanitario, 1,53 % menos de profesionais nos últimos dez anos.

Informe de Comisións Obreiras sobre prazas formativas en Galicia. Nos últimos dez anos pedemos de pedir 150 prazas de médicos de familia comunitarios, soamente de médicos de medicina familiar e comunitaria. Isto quere dicir que hai 150 profesionais menos que poderíamos ter formados e que non temos, agora que escoitamos que non hai profesionais. En dez anos, 150.

Consejo General de Médicos de España, un informe de demografía médica editado o ano pasado. Apunta que Galicia tiña o ano pasado 448 facultativos ou facultativas por cada 100.000 habitantes. A terceira peor comunidade de España, a terceira peor.

Informe de Satse a partir dos datos do INE. Xa sei que a nós Feijóo acúsanos de non saber utilizar as webs do INE e do IGE. Enfermería, 5,29 colexiados ou colexiadas por cada 10.000 habitantes. Somos a 14 comunidade de 17, ja 14!

No Sergas traballan 3,38 profesionais por cada 10.000 habitantes. En España a media está en 5 e en Europa en 8. Con 3,38 somos das peores comunidades autónomas de España en media de enfermeiros e enfermeiras por cada 10.000 habitantes.

Matronas no Sergas, 0,12 por cada 10.000. Somos a terceira peor comunidade de España en ratio de matronas.



Colexio Oficial de Psicoloxía, 3,7 por cada 100.000 no Sergas. A media de España está case no 4,5, Só por poñer un exemplo, en dez anos convocáronse no sistema público de saúde tres prazas de psicólogos; tres en dez anos. Tres.

Ningún destes datos é do Partido Socialista, obviamente, que non ten acceso aos datos directos porque, aínda que nunha democracia natural un grupo parlamentario tería acceso, pois esta non é unha democracia de todo natural, aquí en Galicia temos as nosas especificidades.

Hai un problema de número en todas as categorías, en todas as escalas, en todas as responsabilidades. Hai un problema de número, temos menos profesionais dos que necesitamos, necesitamos máis, e non hai maneira de facerlle entender á Xunta de Galicia e ao Partido Popular que isto é así.

Escoitamos habitualmente: non hai profesionais. Permítanme dous datos. Recentemente celebráronse uns exames, unha OPE, unha convocatoria, para enfermería. Había algo máis de oitocentas prazas e había algo máis de oito mil persoas examinándose, dez por cada praza. Se hai dez persoas por cada praza, ¿como é posible soste, dende a maior racionalidade posible, que non hai profesionais dispoñibles? ¿Que pasa cos outros nove por cada praza? ¿Que pasa coas outras algo máis de sete mil persoas que non conseguen ese exame? ¿Fixérono por deporte? Xa son estables, xa son estatutarios, e van alí por pasar o domingo... ¡Ninguén ten nada máis que facer un domingo, a trinta e pico graos, que ir a Silleda a facer un exame! ¡E estudialo previamente, claro!

Non están de maneira estable no sistema, están fóra. Son profesionais que temos formadas, que temos moi capacitadas, e que están fóra. Non nos digan que non hai profesionais, ¡están aí!

Outro dato. Vostedes saben que a Organización Mundial da Saúde apunta que fai falta formar aproximadamente un médico ou médica por cada dez mil habitantes. Hai trescentos cincuenta en Galicia formados anualmente, e iso supera o número dos que necesitamos. ¿Por que hai déficit nalgunhas especialidades? Porque non as pedimos, 150 prazas perdidas. ¿E por que están fóra? Porque este sistema é absolutamente explotador, absolutamente explotador.

Precariedade. Para facelo máis fácil. Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que tampouco é un partido político deses que nos acusan de terxiversar os datos. «*Torticera e fraudulenta.*» Literal. ¿A que cualifica o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de torticera e fraudulenta? Ao método de contratación e utilización do persoal no Sistema público de saúde de Galicia. Torticera e fraudulenta a maneira de contratar. ¿Por que? Porque di algo —a ver se somos capaces de recordar— que algunha vez se ten escoitado aquí: que se está contratando persoal de maneira eventual, e concatenando contratos sistematicamente, para cubrir postos estruturais. Ou o que é o mesmo, están dende o Partido Popular explotando traballadores con contratos precarios para ocupar prazas que tiñan que estar convocadas de maneira estatutaria. E non o están facendo, ¿por que? Porque se lles pode despedir máis fácil. Porque así non hai que estar aguantando esta cousa dos dereitos laborais, que isto é... ¡por favor, como o imos aguantar! Porque así somos capaces de telos máis apretados. Porque ¿a quen lle importa que teñan que estar atentos e atentas tantas enfermeiras a un móbil para non poder dicir que non a unha substitución, sexa dun día, sexa de dúas semanas ou sexa de tres meses, sen poder planificar a súa vida? ¿A quen lle importa?



Di máis o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Acaba de sancionar o Sergas por sobrecarga asistencial. Hai unha sentenza moi recente dun profesional de atención primaria que demandou o Sergas porque non había substitucións das baixas e das vacacións dos profesionais que traballaban con el, e, polo tanto, había unha saturación de carga asistencial. Sentenzas que lle din ao Sergas que é explotador laboral de primeira orde. O Sergas é o Deliveroo, o Glovo, do sistema sanitario, é a peor das empresas contratadoras, das peores que hai neste país. E iso é indecente, porque estamos traballando cos profesionais e coas profesionais que nos dan unha estabilidade nunha área fundamental para a nosa vida.

¿Canto tempo, cantos cartos e canta calidade nos vai custar a soberbia do Partido Popular? ¿Cantas sentenzas xudiciais son necesarias? Ser dirixente dun sistema público de saúde e que haxa sentenzas constantemente dicindo que estamos sendo torticeros e fraudulentos, ¡torticeiros e fraudulentos!, na contratación de profesionais, e logo subir aquí a dicir que queremos moito os profesionais... Torticeros e fraudulentos, iso é o que din os xuíces.

Hai que coidar a quen nos coida, que son as persoas que nos tratan cando estamos peor. E iso é o que delimita a maneira que queremos os nosos servizos públicos, como tratamos as persoas que nos ofrecen un servizo público que iguala e que dá cohesión social.

Aquí escoitamos moitísimas veces...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...—vou rematando— dicir que hai un 88% de enfermeiras estables nos sistema. ¿Onde? ¿De onde saen os datos? ¿Onde? ¿Ou que hai mil cincocentos profesionais máis agora que hai dez anos? ¿Onde? ¿Quen lles paga? ¿Como é posible soste con tanta cara unha mentira tan grande?

A ver se somos capaces, a partir do momento no que estamos, de corrixir esta deriva.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Saudar tamén os e as profesionais que están na tribuna.

A situación laboral do persoal da sanidade pública de Galiza vén sendo motivo de preocupación para o BNG. Temos presentado moitas iniciativas a respecto desta situación, a respecto da redución de prazas, das OPE non satisfactorias, da precariedade laboral, a respecto da contratación por días e por horas, a respecto da situación de estrés e de presión asistencial na que teñen que desenvolver a súa actividade os traballadores e traballadoras da sanidade pública.



Denunciamos que o Partido Popular se comporta como o peor dos patróns co persoal da sanidade pública do noso país. E non nos imos cansar de repetir que os profesionais da sanidade son o capital humano, que é o máis valioso que ten o sistema. Denunciamos que en moitas ocasións o Partido Popular, aquí neste Parlamento, e tamén os responsables da consellería, se desfán en loas ao persoal, en dicir o altísimo nivel de profesionalidade e de traballo que desenvolven os profesionais. Efectivamente, pero logo o que fan non vai parello con ese recoñecemento, senón todo o contrario. Todos os pasos que foron dando foron na dirección de sobrecargar o persoal e na deterioración das súas condicións laborais.

Os dez anos de goberno do Partido Popular supuxeron retroceso nas condicións laborais, perda de dereitos e precarización, así, sen ningún tipo de ambages. Política de costas viradas aos profesionais, ouvidos xordos, prepotencia, ordeno e mando e imposición. Esa é a política do Partido Popular no Goberno da Xunta co persoal sanitario.

Temos un sistema sanitario infradotado de persoal, e cunha parte importante do que está traballando nunha situación de total precariedade. Esta non é unha situación nova, non é unha situación de última hora, non é unha situación excepcional, senón que é consecuencia das decisións que se foron tomando. Foron advertidos por activa e por pasiva de cal era a situación. Foron advertidos de que nos propios plans de recursos humanos do Sergas se contemplaba o alto nivel de idade de moitos profesionais, que ía haber unha xubilación moi importante e que tiñan que tomar medidas. Mais o Partido Popular non quixo oír estas cuestións porque a súa folla de ruta era precisamente a deterioración.

O persoal leva realizado moitos esforzos e sacrificios para que a situación de deterioración da sanidade pública non sexa tan evidente e a poboación non viva con toda a dureza que habería se non tiveran feito ese esforzo de multiplicarse, de traballar moi por encima do que é desexable. E hai unha evidencia: a inestabilidade laboral, esta situación de precariedade, esta falta de recursos humanos, afecta directamente aos coidados e á calidade da prestación sanitaria que se oferta. A falta de persoal e a falta de continuidade e de estabilidade dos cadros de persoal implica un detrimento da calidade dos coidados e supón un menoscabo importante nesa atención.

Dende logo, o BNG vai seguir traendo iniciativas a este Parlamento nesta dirección. Hai unha parte de eventualidade que, evidentemente, hai que manter en canto a contratos de última hora por cuestións que non son previsibles. Mais hai toda unha serie de contratación, de situacións previsibles, que, desde logo, desde o Sergas non están a atender como tería que facerse: contratos de baixas, contratos de vacacións, contratos de longa duración, que non se poden estar cubrindo con contratos de luns a venres, de media xornada, que non se poden estar suplindo coas intersubstitucións, que é que menos persoal atenda o traballo que teñen que prestar todos.

Con esta iniciativa que presenta hoxe o Partido Socialista estamos de acordo en parte, mais non na súa totalidade. Por iso, presentamos unha emenda no sentido de que debe realizarse de inmediato —poñemos no prazo máximo de seis meses— un plan de ordenación dos recursos humanos. Saber realmente cal é a situación neste momento dos recursos humanos que ten o Sergas, identificación de cales son as prazas, saber que prazas están cubertas con



vacantes e cales están cubertas con acúmulos de tarefas. É dicir, saber cal é a situación dos recursos humanos no Sergas e, a partir de aí, presentar un plan de estabilidade no emprego que se negocie en mesa sectorial e que permita establecer un cadro de persoal axeitado. Desde logo, nós non estamos de acordo con saltarse...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...o plan de contratación.

E logo o que demandamos é que o Parlamento de Galiza inste o Goberno galego a cumprir un acordo deste Parlamento. O BNG trouxo a este Parlamento, en novembro do ano 2018, unha petición a instancias...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...—remato, presidente— da CIG que foi aprobada por unanimidade, que demandaba que o Goberno español eliminara como norma básica a taxa de reposición de efectivos na Lei de orzamentos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ¿Por que demandamos isto? Porque é a causante dunha parte importante...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...da precariedade que existe neste momento no Sergas. Houbo un acordo neste Parlamento...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...e non sabemos que foi del. E non sabemos que están facendo para que se elimine esa taxa de reposición...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado. Rematou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: ...que exiximos sexa canto antes.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.



Saudar, en primeiro lugar, as compañeiras que están neste debate convidadas polo grupo propoñente. E trasladar que xusto hoxe se cumpre un mes no que varios milleiros de enfermeiros e enfermeiras enchían de dignidade Silleda portando esas camisolas negras, pero aportando ademais unha mensaxe clara, nidia, que se viu durante todo o exame, e finalizada a propia oposición, para o Goberno galego. Trasladar que non van soportar paradas, sen facer nada, sen facer ren, unha situación absoluta de precariedade, coñecida por todas as administracións públicas nos últimos anos, e que, sen embargo, non ten suposto nin unha soa modificación no orzamento, nin a aceptación dunha soa emenda da oposición en aras de ampliar o número de profesionais, nin unha soa medida para rematar coa precariedade. E só uns días antes do exame en Silleda —e voume permitir ler dende aquí algo que escribía algunha desas compañeiras eventuais en loita, que facía referencia a unha vida que é habitual para cada unha desas enfermeiras e enfermeiros, deses técnicos auxiliares de enfermería, deses celadores e celadoras—: «Pásaste a vida encadeando contratos a días soltos durante 15, 20 ou máis días; ás veces sen ningún día de descanso. Non podes dispor do teu tempo, o Sergas róubacho todo, porque non sabes nin en que quenda estarás mañá nin podes planear nada: nin unha cita médica, nin unha saída, nin sequera poderás recoller o teu fillo ao saír do colexio, e pasarás a semana pedindo favores para que cho recollan porque o seu pai tamén traballa». Están sometidas a este tipo de contratación as compañeiras durante unha media de doce anos ata que cobren unha vacante. E o peor é que, durante eses longos anos, róubanche o tempo pero tamén che rouban o teu plan de vida. Non che permiten crecer coa túa idade, xa que cun contrato de eventual ninguén con ese contrato che dá unha hipoteca. Moitas veces nin tan sequera un crédito para un coche; e un coche é unha ferramenta que necesitas para ir traballar. E non falemos de ter fillos sendo eventual, porque a única conciliación que existe é o permiso de suspensión de chamamentos, é dicir: na túa casa, sen soldo e sen cotizar. Esta é a situación de todas esas compañeiras, de todas as que se mobilizaron o día da OPE e de todas as que tamén nas súas casas protestaron porque eran doutras categorías profesionais e protestan por esta situación.

E despois desa mobilización, despois desa OPE, o que escoitamos nesta Cámara no pasado Pleno foi un presidente da Xunta mentindo —porque non ten outro nome— sobre a porcentaxe de eventualidade que hai no Servizo Público de Saúde, terxiversando o contido da Lei do estatuto básico do persoal estatutario e da cualificación do persoal. Porque o presidente non é un ignorante, o presidente é funcionario de carreira e coñece perfectamente a lei, pero interésalle trasladar que unha persoa en situación de substitución, en situación de interinidade, é unha profesional que está fixa, e iso é absolutamente mentira. Non hai un 80 % dos profesionais fixos, hai servizos cun 40 % de profesionais en situación de eventualidade. E se non, díganllo —como dixo o propoñente— a todas esas persoas que se teñen que presentar, ano si ano tamén, a un proceso de oposición porque o Sergas decide non sacar a globalidade das prazas que ten a concurso. E falamos de prazas xa non novas, senón de prazas que de maneira estrutural se cobren de maneira precaria.

E ante esa situación, véñse aquí difamar, e as persoas estaban na súa casa a verdade que moi enfadadas escoitando o que se di aquí. Trasladando que hai unha situación que parece que é elección das profesionais, que poden fuxir desa precariedade que acabamos de ler e que acabamos de relatar, e que perfectamente elas comentaron. E só uns días despois —e vou ir rematando porque non teño máis tempo—, nun espazo no que compañeiras publican



as contratacións que teñen... Vou ler un exemplo —non vou dicir o sitio nin o nome, obviamente—. Hai unha compañeira que dicía: «Déronme unha substitución nun centro de saúde...» —hai menos dunha semana disto— «...supostamente entre os días 6 ao 17. ¡Cal é a miña sorpresa que só os días laborables! Ou sexa, que as fins de semana non teño contrato e danme días soltos noutros sitios». Outra compañeira contéstalle: «A min tamén me pasa isto. Danme tres días, de venres a martes, pois o venres sempre remata o contrato e comeza de novo o luns».

O Servizo Galego de Saúde comete fraude continuada á Seguridade Social. É un elemento absolutamente incomprendible. É o sùmmum da precariedade que a Administración sexa a que defraude a propia Administración. Iso estase dando de maneira continuada, e, efectivamente, como dixo o proponente, acontece coa concatenación de contratos, pero acontece con todos eses contratos que non se fan, de forma fraudulenta, as fins de semana.

Nós imos apoiar a iniciativa porque nos parece que, ademais, con independencia da cifra —evidentemente, cada grupo pode ter unha— ...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...é imprescindible dar este debate e poñerlle man xa á situación de precariedade destas compañeiras. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Saudar tamén as persoas profesionais que nos acompañan na tribuna.

Señor Torrado, dúbida da democracia galega... Eu non sei se vostede aproba a aquel deputado doutro grupo que dicía que os galegos non sabían o que votaban cando gañaba o Partido Popular. E, dende logo, falar de soberbia... Soberbia é manter o discurso e as falacias que os levaron a perder a vostedes dúas eleccións autonómicas consecutivas. Agora que vostedes apelan constantemente ás urnas, pensen tamén na decisión dos galegos.

Falamos hoxe de estabilidade no emprego no Servizo Galego de Saúde. Houbo, efectivamente, unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación co caso dunha doutora en Galicia. Pero sabemos que hai sentenzas semellantes en todas as comunidades autónomas, moitas delas derivadas dunha decisión do Tribunal Europeo de Xustiza en relación coa concatenación de contratos. Este non é un problema exclusivo de Galicia, e vostede sábeo, e a nosa comunidade ten avanzado máis que ningunha outra en estabilidade laboral. Quero destacar a aprobación do Plan de estabilización de persoal do Sergas, que cifra a eventualidade máxima do 5 % no ano 2020, dous anos antes do que vostede propón na súa ini-



ciativa, e tres puntos por debaixo do obxectivo estatal. Vostede tamén sabe que a eventualidade é absolutamente necesaria e imprescindible na sanidade. Un servizo que funciona as 24 horas ao día, 365 días ao ano, precisa forzosamente de persoal eventual para a cobertura de prazas imprescindibles en circunstancias previstas ou non —vacacións, baixas ou calquera outra urxencia—.

Como lle dicía, no ano 2017 o Servizo Galego de Saúde deu un paso importante coa sinatura cos sindicatos do Plan de estabilidade de emprego e provisión do persoal estatutario do Sergas 2017-2018, no que se reflicte ese compromiso de reducir a temporalidade ata o 5 % no ano 2020.

A Consellería de Sanidade ten solicitado en reiteradas ocasións ao Ministerio a eliminación da taxa de reposición. Señor Torrado, ¿van propoñer vostedes que o Goberno galego incumpra a lei en relación con esta taxa? Vostede, que se ten considerado como verdadeiro *influencer* da política sanitaria galega, debería e podería utilizar esa capacidade que di ter para convencer o seu Goberno de que elimine esa taxa de reposición que aprobou o Partido Socialista no ano 2010 e que mantivo o Partido Popular despois da nefasta xestión que o seu grupo fixo da crise.

O Grupo de Podemos contemplaba agora, no seu programa para as xerais, a eliminación da dita taxa, e eu quero ver se nese futuro Goberno de cooperación esquece ou non as súas promesas. A oferta pública de emprego do ano 2019 aplica unha taxa de reposición do 108 % —máximo permitido ás comunidades cumpridoras—, e inclúe a cesión de 132 prazas doutros sectores: 89 de educación e 43 de función pública. Esta OPE 2019 súmase a outras medidas adoptadas pola Comunidade Autónoma de Galicia para dar maior estabilidade e mellorar as condicións de traballo do persoal do Servizo Galego de Saúde, como o Plan de estabilidade do emprego —do que xa falamos—, que foi aprobado na Mesa sectorial de sanidade en marzo de 2017; o recoñecemento da carreira profesional, que afecta a 22.000 traballadores, cunha subida media dun 6 % na retribución anual, que equipara plenamente os dereitos para todo o persoal, e o pleno recoñecemento económico dos mesmos dereitos para o persoal interino. De feito, a carreira profesional do Sergas sitúase entre as mellores de España, con criterios moi superiores ao resto das comunidades. Parece que o Goberno socialista está a poñer problemas co desenvolvemento desta carreira profesional. Parece que o quere recorrer perante o Tribunal Constitucional por unha presunta invasión de competencias. Eu non sei que opinarán os socios do sábado deste problema dos recursos sobre a carreira profesional. O concurso de trasladados aberto e permanente —o primeiro en España—, e o nomeamento estatutario eventual de continuidade.

Todas estas medidas, entre outras, garanten unha maior estabilidade do persoal, que redundará nunha mellor asistencia sanitaria e nunha maior fidelización dos recursos humanos dispoñibles. Cómpre sinalar tamén que Galicia, ademais de esgotar ao cen por cento a taxa de reposición, foi a única comunidade que mantivo as convocatorias anuais de OPE, o que permitirá que entre o 2017 e o 2020 arredor de 5.000 persoas accedan a unha praza estable. Na OPE para este ano 2019, que foi negociada tamén na Mesa sectorial de sanidade, ofértanse 1.314 prazas: 332 para persoal estatutario e licenciado sanitario; 567 para diplomado sanitario e formación profesional; e 415 para persoal de xestión e servizos. Xa están publicadas no DOG



as resolucións polas que se convocan os concursos–oposición para médicos de familia, pediatras, odontólogos de primaria e técnicos en coidados auxiliares de enfermería. En total, entre o 2012 e o 2019 ofertáronse 6.006 prazas no sistema sanitario público de Galicia.

En resumo, señor Torrado, o Goberno galego está a traballar na cobertura de postos de traballo na sanidade pública cumprindo a lei, como non podería ser doutro xeito. Insisto, traballen vostedes para eliminar a taxa de reposición e o Goberno galego seguirá avanzar na contratación de persoal e na cobertura e estabilización dos postos de traballo, ata alcanzar as máximas cotas posibles que permitan as imprescindibles necesidades...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ...—remato, presidente— de persoal eventual que ten a sanidade pública.

Non imos apoiar a súa iniciativa, entre outras cousas, porque incumpriría a normativa básica do Estado.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Núñez.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor Núñez Centeno, están vostedes como para falar de pactos postelectorais. Elixiu o día para falar de pactos postelectorais, pero ben. *(Murmurios.)* Si, si, si. Xa saben, a lista máis votada de Madrid, de Andalucía e esas cousas. En fin. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Quérolles agradecer aos grupos que manifestaron o seu...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor TORRADO QUINTELA: Non se preocupen, cada un pacta con quen considera mellor, non hai ningún problema. Pero non se avergoncen diso. *(Murmurios.)*

Quérolles agradecer... —se me deixan falar— ...aos grupos que manifestaron o seu apoio. Temos algunhas dúbidas con respecto á emenda do BNG. Creo que compartimos basicamente a idea, e agradécemola, aínda que o que nós plantexamos cremos que é un pouco máis axustado e, efectivamente, cumpre a normativa. Unicamente teñen que botar as contas de cantos profesionais se xubilan cada ano e cantos propoñemos contratar. Nós o que propoñemos é contratar a todos os posibles pero de maneira estable, e iso encaixa perfectamente coa iniciativa que acabamos de presentar. E non queremos renunciar ao terceiro, que é basicamente que exista unha obriga, un compromiso, de contratar a aqueles que encadean —como di a iniciativa— un número de días moi elevado de maneira eventual. Se chega a un número de



días moi elevado — nós propoñemos 300 en dous anos, sería negociable—, o que temos que asumir é que é un posto estrutural, e, polo tanto, hai que contratalos. Non se lle pode estar concatenando contratos a xente que está ocupando postos estruturais, a iso vai o punto terceiro, e non queríamos renunciar a iso. Pero entendemos que a emenda era construtiva e agradecemoslle igualmente ese apoio.

Con respecto ás posicións que defendeu o Partido Popular, hai dúas cousas que plantexou. Unha, a taxa de reposición; e, outra, a dúbida sobre os datos de eventualidade.

En primeiro lugar, sobre a taxa de reposición, hai un acordo deste Parlamento. Creo que o único partido que non cumpriu ese acordo foi o Partido Popular, que en realidade —pódese dicir aquí— nunca lle exixiu ao Goberno que se cumprise a taxa de reposición, ¡nunca! Non existe ningún documento no que o poidan acreditar. Non existe ningún lugar no que quede por escrito. Non existe ningunha solicitude, ¡ningunha! Non existe. É máis, eu contabilicei cinco veces no que vai de lexislatura, pode ser algunha máis, que votamos aquí sobre a taxa de reposición, e o Partido Popular sempre votou en contra, ¡sempre! Así que non me veñan agora contar historias. Votacións sobre a taxa de reposición, sempre en contra.

¡Que ben lles veu que gobernara o Partido Socialista agora! Ata que governe o Partido Socialista agora venlle ben ao Partido Popular, que empeza a recoñecer as cousas. Quédalles un ano para empezar a darse conta das cousas de Galicia cando goberna o Partido Socialista.

Sobre eventualidade, unicamente para evidenciar. Non deu aquí ningunha fonte dos datos, que é o que dicimos nós. ¿De onde saen esas cantidades que di o señor Feijóo? ¿De onde saen os 1.500 profesionais? De ningún sitio, ¡son todo inventos e mentiras!

E para poñer un exemplo, acaban de anunciar que van estabilizar aquí, agora mesmo, 5.000 prazas en tres anos, que son inestables e van pasar a ser estables, 5.000. Traballan no sistema sanitario aproximadamente 35.000 persoas, máis ou menos, e 5.000 son algo así como o 17 % ou o 18 %, mais o 5 % que van deixar, que din vostedes que van chegar. Iso ponnos un 23 %; o 18 % que din que van estabilizar, mais o 5 % que xa vai quedar. Iso está no 23 % de eventualidade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Esa que acaba de recoñecer aquí, esa é a eventualidade do Sergas, como pouco, 23 %. Cáenlle os datos dos bolsillos. O 23 % acaba de recoñecelo aquí. Se van estabilizar a uns que son inestables, é que son inestables. O 23 % acábao de recoñecer aquí, polo menos, e nós cremos que son algo máis.

Permítame un dato para exemplarizar. É o único sistema sanitario, o único, que é incapaz de dicir nun día canta xente está traballando, ¡imposible! E iso é unha evidencia.

Nós mantemos a nosa iniciativa e agardamos que a apoiem.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

¿Aceptou a emenda do BNG? (O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo para recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público e a posición do Parlamento de Galicia respecto do seu uso

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e unha emenda tamén do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Concepción Burgo López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 49983).

Emenda de modificación.

«1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno central que conclúa, no menor tempo posible pero garantindo a necesaria seguridade xurídica, os informes previos ao inicio das accións administrativas e xudiciais necesarias para facer efectiva a recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno centra para que faga as modificacións necesarias da lexislación pertinente para conseguir a anulación dos títulos nobiliarios de que goza a familia Franco, e tamén de todos os títulos nobiliarios outorgados polo ditador Francisco Franco.

2. O Parlamento insta a Xunta de Galicia a transmitir á fiscalía a utilización do pazo de Meirás para facer apoloxía da ditadura franquista e do ditador, así como a tomar todas as medidas que a lexislación lle permita para rematar con dita exaltación franquista.»

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada María Antón Vila-sánchez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 49983)

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia, diante da falta de resposta do Goberno de España transcrito case un ano trala remisión en xullo de 2018 por parte da Xunta de Galicia do informe da comisión de expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en cumprimento da resolución do Parlamento de Galicia sobre as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás:

1. Acorda como resolución reiterar a demanda ao goberno central de que inicie urxentemente as accións legais pertinentes, nomeadamente aquelas ás que fai referencia o devandito informe, co fin de reintegrar o Pazo de Meirás ao ámbito dos bens de dominio público da Administración Xeral do Estado.



2. *Amosa o seu rexeitamento polo uso deste BIC para facer apoloxía da ditadura franquista e do ditador.*
3. *Insta á Xunta de Galicia a dar traslado deste acordo ao Goberno de España ao tempo que lle solicita a este que proporcione información sobre as accións levadas a cabo desde a recepción do informe.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

A pasada semana o investigador Carlos Babío era obxecto dunha segunda demanda da familia Franco por inxurias e por calumnias. É un paradoxo que esta denuncia se producía o mesmo día que o Tribunal Supremo decidiu por unanimidade suspender preventivamente a exhumación dos restos do ditador.

Desde aquí, o BNG quere manifestar que subscribe punto por punto cada unha das denuncias que fixo públicas o escritor e investigador Carlos Babío, quen ademais (*Aplausos.*) fixo esta obra monumental que é o sustento, a base, para poder acometer a recuperación do pazo de Meirás. Expresámoslle o noso apoio e a nosa gratitude, o noso recoñecemento, polo seu exemplo, polo seu inxente labor e pola súa loita incansábel; unha loita democrática, ética e mesmo persoal para conseguir acabar con esta infamia, denunciar o espolio e o roubo de bens públicos por parte da familia Franco.

Se as cousas cambiaron desde o ano 2005, cando un grupo de persoas se plantou diante do pazo de Meirás para pedir a súa devolución —eran integrantes da Comisión pola recuperación da memoria histórica da Coruña—, a hoxe, ano 2019, cando hai unha inmensa maioría social que defende esta mesma idea, é grazas ao labor de persoas e de entidades como estas que acabo de citar, que cambiaron o marco do xogo e mesmo fixeron cambiar ao Partido Popular. Porque debemos lembrar que hai cinco anos o Partido Popular, a Xunta de Galiza, dá-lle subvencións á familia Franco para abrir o pazo de Meirás, e agora está tamén sumándose a esta demanda de recuperación do pazo para o patrimonio público.

Está clara —entendemos— a oportunidade desta iniciativa, porque o próximo mes de xullo vaise cumprir un ano do acordo unánime deste Parlamento no que lle pediamos ao Goberno central que iniciase os trámites para esa recuperación do pazo de Meirás, e tamén se cumpren quince meses dun acordo similar adoptado —tamén en pleno— pola Deputación da Coruña de maneira unánime. Ambos os acordos están solidamente fundados, desde o punto de vista histórico e xurídico, e demostran claramente que o pazo de Meirás foi adquirido, reconstruído e ampliado con fondos públicos e que foi residencia da Xefatura do Estado. Ademais, na transición este roubo, este espolio, foi legalizado, e foi legalizado coa complicidade, coa participación, das máis altas instancias do Estado, que tiveron, ao longo de todo este tempo, unha actitude cómplice coa familia Franco. Comezando pola máis alta xerarquía do Estado, pola Coroa real, que foi realmente unha peza clave para manter as prebendas e os privilexios da familia Franco. O espolio, o roubo, por exemplo, das estatuas de Abraham e Isaac, ou o caso da Casa Cornide ou o pazo de Meirás, e ademais concedeu-lle títulos nobiliarios como o Señorío de Meirás ou o Ducado de Franco, con grandeza de España, tanto a Carmen Polo como á súa filla, tamén filla do ditador.



Esta fotografía do pazo de Meirás ilustra perfectamente esa complicidade e esa conivencia. Aquí están todas as pezas claves desta trama urdida durante o franquismo e despois durante a transición. Aquí están os protagonistas desta complicidade: o ditador Franco e a familia real. Pero tamén houbo actitudes cómplices por parte de todos os gobernos do Estado ao longo de corenta anos, de todos os signos políticos, ata a actualidade. Tamén o Goberno de Pedro Sánchez, temos que dicilo así de claro; que non cumpriu coa demanda, coas exixencias aprobadas neste Parlamento. Cóstanos que tiñan redactada a demanda civil para ser presentada no mes de marzo, pero no último momento alguén mandou parar.

Temos probas, temos garantías, sabemos que isto foi así. E isto demostra que hai presións de instancias moi altas que non queren tocar este tema. E o Goberno do Estado, polo tanto o Goberno central, o Goberno do Partido Socialista, debe decidir se vai xogar ao márketing coas cuestións da memoria histórica ou se vai afrontar de verdade todas as cuestións pendentes que temos nesta materia que están sen resolver, e que se deben resolver cunha nova lei ou, desde logo, con valentía e con coraxe, porque a política da memoria histórica non pode quedar só na exhumación dos restos do ditador do Val dos Caídos. Hai que exhumar todo o franquismo que pervive neste Estado, empezando polos restos que temos en Galiza e polo pazo de Meirás.

E hai unha terceira peza clave, que é o poder xudicial, como vimos nesa sentenza das estatuas de Abraham e Isaac e como vimos tamén nesta última sentenza do Tribunal Supremo, que paralizou preventivamente, cautelarmente, esa exhumación, que despide un tufo ideolóxico franquista que bota para atrás. É así de claro. Entendemos que esta sentenza e esta decisión do Tribunal Supremo é unha vergoña, é unha indecencia, é unha indignidade para unha democracia, e non a podemos consentir. (*Aplausos.*) Este tipo de decisións de todas as instancias do Estado ao final o que fan é darlle lexitimidade ao franquismo e, á fin de contas, á súa herdanza, que é unha herdanza de terror, de destrución, de medo e de corrupción de Estado, de latrocinio de Estado, como vemos con todos estes exemplos. E isto por riba o que fai é envalentonar a familia Franco, que se sente protexida por todas estas estruturas do Estado e que se sente tamén envalentonada para usar o pazo de Meirás para facer apoloxía da ditadura e do ditador, que é algo que temos que soportar día a día coas visitas que organizan, con todas as exposicións que hai alí, coas declaracións que fan públicas, presumindo de que utilizan esa casa, ese pazo, para esas funcións. E tamén a utilización que fan do aparello da xustiza para atacar, para perseguir, a quen ousa denunciar ese espolio, ese roubo e ese latrocinio, como fixeron cos 19 de Meirás, que son tamén un exemplo de compromiso e de defensa dos bens públicos, que foron denunciados pola Familia Franco, ou o caso de Carlos Babío. É o mundo ao revés: o Estado non toma accións xudiciais contra a Familia Franco e eles si que as toman contra quen denuncia os seus abusos e os seus roubos.

Desde logo, o BNG non se amedrenta ante a Familia Franco, por iso queremos poñer este tema na axenda política, na axenda galega e tamén na axenda do Estado; o tema de Meirás, o tema dos roubos da familia Franco, dos seus privilexios, das súas prebendas, dos seus títulos nobiliarios aínda vixentes e publicados no *Boletín Oficial do Estado*. Por iso non imos parar ata desenterrar, ata exhumar, todo o franquismo que aínda pervive en Galiza, que é moito, comezando por ese grande símbolo que é o das Torres de Meirás. Ademais, torres máis altas xa caeron, e esta tamén ten que caer para que haxa unha verdadeira democracia,



para que limpemos dunha vez por todas eses pozos negros da transición que nos seguen atufando.

Por iso presentamos esta iniciativa, teño que dicir que con vontade de chegar a acordos coas emendas presentadas, porque nos parece importante que haxa un acordo unánime deste Parlamento, unha proposta de resolución que ten tres elementos centrais. O primeiro é ratificarse no acordo xa adoptado por este Parlamento hai case un ano, no que se lle pedía ao Goberno do Estado que iniciase esa demanda civil e tamén se lle pedía, por certo, que fixese unha inscrición preventiva no Rexistro Civil.

Estamos agardando, e pensamos que é urxente que o faga porque o tempo corre a favor, neste caso, da familia Franco. E hai por aí operacións estrañas precisamente para blindar, para impedir que se leven a cabo estas accións. Polo tanto, é urxente que se faga coa máxima prontitude.

En segundo lugar, o que pedimos é que se rexeite e que se condene esa utilización do pazo de Meirás para facer apoloxía da ditadura e do ditador. Pensamos que inconcibible que a estas alturas do século XXI, nun estado que se di democrático, se consinta e se permita iso; e hai maneiras de combater ese uso que se está facendo.

E por último, parécenos que é imprescindible que se deixen sen efecto os títulos nobiliarios que o Rei Juan Carlos I de Borbón lle concedeu o 26 de novembro de 1975 —fíxense na data— á familia Franco: o Ducado de Franco e o Señorío de Meirás. É absolutamente indignante, noxento, que aínda pervivan estes títulos. E a súa supresión, a súa anulación, pola fórmula legal que haxa que adoptar, é un símbolo de grande valor para dicirlle á familia Franco que ata aquí chegamos. Ao mellor, recuperar o pazo de Meirás é máis complicado, pero isto é moito máis doado no tempo, máis fácil de conseguir, porque é cuestión de vontade política, dunha decisión política do Goberno, que lle ten que dicir á monarquía que basta xa de complicidade co franquismo e que hai que poñerse a traballar para eliminar todos estes restos da ditadura. *(Aplausos.)*

Polo tanto, estamos ante unha proba de lume para a democracia e tamén unha proba do algodón, unha proba de lume, para o Partido Socialista. E temos que dicilo así de claro. Temos que apelar ao Partido Socialista e dicirlle se vai ter valentía e coraxe para levar adiante esta e outras moitas cuestións pendentes en materia de memoria histórica ou se vai renunciar, se vai claudicar, ante eses poderes escuros, eses poderes fácticos, que estiveron durante todo este tempo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...amañando e impedindo que se conseguise acabar co franquismo e se recuperase o pazo de Meirás.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.



Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Mire, señor Bará, os socialistas non nos amedrentamos fronte a Franco no ano 1936 e non nos amedrentaremos agora. (*Aplausos.*) Sábeo vostede perfectamente. Se alguén loitou, entre outros moitos, pola democracia e polo fin da ditadura, fomos os socialistas. E, desgraciadamente, temos moitos mortos na cuneta para demostralo. E agora, chegando a este momento, creo que tampouco pode poñer en dúbida vostede, con xustiza e con realidade, o compromiso do Goberno e dos socialistas galegos en relación co que pasa co pazo de Meirás. Demostrámolo aquí, traendo moitas iniciativas acerca do pazo, demostrámolo votando sempre para a recuperación do pazo, e demostrouno o Goberno de Madrid facendo súa a resolución que saíu deste Parlamento.

Nós demostrámolo e seguimos demostrándoo pedindo un informe á asesoría xurídica para que se teña absoluta seguridade xurídica para poder recuperar o pazo, porque estamos nun momento moi difícil, vostede o citou. É absolutamente necesario que a demanda que se lle poña á familia Franco para conseguir o pazo sexa certa, sexa segura e evite unha vitoria da familia Franco; unha vitoria da familia Franco como está en primeira instancia conseguida coas esculturas do Pórtico. Tamén era moi fácil, tamén estaba todo moi claro, pero chegamos aos tribunais e non se conseguiu.

E temos ademais outro exemplo, agora mesmo, enriba da mesa que di os problemas que temos, citouno vostede: a paralización de exhumación dos restos do ditador. A pesar de que se cría que tiñamos todas as garantías xurídicas e todos os parabéns legais para facelo, un tribunal suspendeuno. Suspendeuno un tribunal que di na súa resolución que Franco era xefe de Estado dende o 1 de outubro de 1936. A isto é ao que nos enfrontamos, señor Bará, non sexamos inxenuos. E como non somos inxenuos, sabemos que o que levamos aos tribunais ten que estar absolutamente seguro, porque non podemos dar nin unha soa vitoria máis aos Franco (*Aplausos.*), como a das esculturas, por iso ten que estar absolutamente seguro. E isto estao facendo un goberno socialista.

Vostede evitou nomear e dicir, e tamén o evita o Partido Popular na súa emenda, que si temos unha resolución primeira sobre o estudo feito pola Deputación da Coruña, unha resolución de abril de 2018, do Goberno do señor Rajoy. E, ¿que di esta resolución de Patrimonio e da Avogacía de Estado? Que a pesar do que di o informe —está en castelán—: «(...)desde 1941 a 1975, al no haber sido nunca propiedad del Estado, ni pudo ni puede integrarse en patrimonio nacional, y ello por aplicación de (...). En su virtud, el consejo de administración de la entidad no se halla legitimado para su reivindicación.»

Nega levar este asunto aos tribunais, e isto é o que fixo o Partido Popular, o partido que agora está pedindo que se leve aos tribunais e que se consiga. Miren, a verdade é a verdade, e os papeis, señor..., son os papeis.

Fixemos tamén varias emendas a este asunto. E creo que vostede, señor Bará, quedou un pouco curto. Nós queremos que se retiren os títulos á familia Franco, por suposto. Fomos os primei-



ros que xa... Primeiro, teño que recordar —porque parece que as cousas hai que recordalas— que a transmisión do título de Franco á neta do ditador foi firmada polo ministro Catalá, do PP, o día da moción de censura. O señor Catalá, como ministro de Xustiza, non tiña nada máis urxente que facer, en beneficio do ben público, que firmar a transmisión dese ducado á familia Franco; porque as cousas hai que poñelas tamén no seu lugar, e isto foi o que sucedeu.

Pero, ademais, nós, que queremos que se anulen, e así o escribimos e o rexistramos no Ministerio de Xustiza naquel momento, e seguimos tentando facelo cambiando as leis necesarias, pedímolos aquí e reivindicámolos aquí, e recordámoslle ao Goberno que nós tamén queremos, como Grupo Socialista, que iso se faga, queremos tamén que se modifiquen as leis para anular todos os títulos dados por Franco, e hai máis de corenta. Seguen existindo o ducado de Primo de Rivera, o marquesado de Queipo de Llano, o marquesado de San Leonardo de Yagüe, dado ao xeneral que perpetrou a masacre de Badajoz...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate.

A señora BURGO LÓPEZ: ...o condado Castillo de Mota. Todo isto segue existindo, e nós queremos que todo isto sexa anulado, señor Bará. Non sei que quere vostede, pero nós queremos que sexa anulado, os títulos de Franco e todos estes títulos que hai. Por certo, tamén o título de conde de Fenosa, dado a Barrié de la Maza, que foi o dirixente máis implicado na Xunta provincial que doou o pazo ao xeneral Franco. Ese tamén está, tamén queremos que sexa anulado. Non sei o que quere vostede, señor Bará, xa me dirá.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señor Bará, o BNG trae hoxe unha proposición non de lei sobre un asunto longamente debatido nesta Cámara. Nun exercicio de pura democracia, todos os grupos parlamentarios aquí representados presentamos as nosas propostas, contrastamos as nosas opinións, expresamos os nosos pareceres, e a altura de mira de todos permitiunos chegar a un acordo, a un consenso, porque compartimos o mesmo obxectivo, que é a recuperación do pazo de Meirás para o público.

Este acordo unánime, que vostede recordaba hai un momento, foi precedido dunha longa e importante tarefa de avaliación, de probas documentais, de estudo, de reflexión, por parte dun comité de expertos.

A Xunta de Galicia, por mandato deste Parlamento, constituíu esta comisión de expertos, que, presidida por un recoñecido historiador, estaba formada por representantes de insti-



tucións académicas, representantes de colexios profesionais de ámbito xurídico e outras administracións públicas, especialmente a Deputación da Coruña e o Concello de Sada.

Esta comisión, plural e técnica, presentou as súas conclusións nun informe que serviu a esta Cámara para determinar este texto resolutivo que aprobamos en xullo de 2018. E creo que cómpre subliñar, como vostede fixo antes, tres cuestións deste texto que foi aprobado nese día. En primeiro lugar, o recoñecemento ao traballo realizado desde hai anos por historiadoras, historiadores, asociacións e institucións en relación coa memoria histórica e o pazo de Meirás.

En segundo lugar, a remisión do informe, con toda a documentación anexa, á Administración xeral do Estado, que é o que hoxe nos trae aquí de novo, coa petición expresa de que se inicien as accións legais co obxectivo de reintegrar o pazo de Meirás ao ámbito dos bens de dominio público, sen que implique ningún custo para o pobo de Galicia.

E, en terceiro lugar, a petición de que a Xunta de Galicia se incorpore á acción legal como coadxuvante adhesiva, cousa que estamos realmente desexando facer.

Pois ben, a nosa emenda pretende recuperar este nivel de consenso, e por iso recolle no substancial a súa proposición, focalizando a demanda na recuperación do pazo de Meirás e reafirmándonos no rexeitamento da utilización deste BIC para exaltar o réxime franquista ou o ditador.

Non é a primeira vez que este goberno, que este partido e este Grupo Popular, condena publicamente, de feito firme e rotundo, calquera utilización do pazo de Meirás para facer apoloxía do franquismo, e seguiremos facéndoo as veces que sexan necesarias, aquí e fóra desta Cámara. Ao igual que a Xunta de Galicia, en cumprimento das súas competencias, seguirá aplicando a lexislación vixente.

E resulta curiosa, neste sentido, a emenda do partido Socialista. Señora Burgo, tocoulle facer un papelón hoxe aquí na tribuna. Primeiro, porque vostede a alonga nunha forma eufemística, cara ao menor tempo posible, e enmascara baixo esa fórmula a inacción do Goberno de España, ese goberno progresista do señor Sánchez que, despois de once meses, non ten dado ningún paso no caso que nos ocupa.

Agora a señora Burgo fala de seguridade xurídica, pero cando o señor Sánchez non estaba na Moncloa dáballe todas as présas ao Partido Popular para que sen informes, con informes, como fora, emitise aquelas cuestións e —non me sae a palabra, perdón— emitise aquelas accións para recuperar o pazo de Meirás.

A súa emenda tamén minusvalora a acción da Fiscalía, señora Burgo, porque todos sabemos que a Fiscalía pode actuar de oficio, e debería, ademais, ser a primeira interesada en cumprir unha normativa estatal como é a Lei de fundacións.

En terceiro lugar, porque o Partido Socialista de Galicia está claro que non confía no Goberno do señor Sánchez, e aquí enlazo novamente coa proposición do Bloque Nacionalista Galego,



para comentar que a nosa emenda non recolle a cuestión dos títulos nobiliarios por unha simple razón. Señora Burgo, eu non vou facer coma vostede e nomearlle un por un todos os títulos nobiliarios que renovaron os diferentes gobernos socialistas ao longo desta democracia, porque realmente foron uns cantos.

Dicía que a nosa emenda non recolle a cuestión dos títulos nobiliarios porque sabemos que o Goberno do Estado tamén hai un ano prometeu que a Dirección Xeral de Memoria Histórica estaba estudando a posibilidade de acometer unha reforma na lexislación nobiliaria que permitise a derogación dos títulos nobiliarios. Parece ser que o goberno do señor Sánchez non ten moita presa para cumprir estas e outras promesas que fixo para chegar á Moncloa. Pero, señorías, este Grupo Popular apela a manter o espírito construtivo que nos permita chegar a un acordo, igual que hai case un ano.

Dicía o señor Sánchez na súa intervención aquel día que poñer en perigo un acordo sería unha irresponsabilidade e unha deslealdade con toda a xente que estivo a pelexar. E para nós non chegar hoxe a un acordo sería desfacer o camiño andado. Por iso, por este grupo non vai ser, estou segura de que podemos chegar a unha transición que satisfaga todas as demandas.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Volvemos falar de dereitos humanos, un tema transcendental e un tema preocupante nestes momentos nos que a política galopa coma un cabalo desbocado e que temos unha ameaza e pactos cun partido que é absolutamente negacionista. E eu alégrome moito de que o Partido Popular galego reitere nisto, pero teño preocupación e moitas dúbidas.

Vou empezar dicindo que temos visión propia e común. Por iso nós non emendamos a proposta do Bloque Nacionalista Galego. A loita contra a impunidade é importantísima. Señorías, xa o dixen varias veces —é que así o sinto—: o sufrimento é máis frío que este temporizador que ás veces falla. O sufrimento é frío, como un disparo na tempa, como eses disparos que resoan, como esas voces que ecoan de dúas persoas a unha das cales se fixo referencia aquí. Fíxose referencia, por exemplo, a Queipo de Llano, alcumado tamén o virrei de Andalucía. Sabemos que Andalucía foi a comunidade de España máis castigada, cincuenta mil persoas represaliadas, cincuenta mil, e sabemos que agora neste momento o pacto do PP de Andalucía con Vox e con Ciudadanos quere derogar a Lei de memoria histórica, e por iso a inmensa preocupación.

Queipo de Llano, entre outras soflamas, dixo: «Van saber as mulleres republicanas o que son os homes» —incitando á violación—, «e non eses homes maricóns» —así o dixo



Queipo de Llano nunha alocución en Sevilla—. Isto vén a conto, igual que vén a conto non só a soflama de Queipo de Llano senón tamén as proclamas do xeneral Mola, que dixo: «Sementemos o terror», e sementouse. Dixo: «Sexamos sanguinarios», foron. «Matemos a todo o que se opón ao que nós cremos», e fixérono. E «se meu pai é un deles, un que pensa distinto, tamén.»

Isto como referencia inicial, para dicir que é fundamental que todas as persoas demócratas aperten as catro palabras, que non son palabras, que teñen unha dimensión extraordinaria: a verdade, a xustiza, a reparación e a non repetición.

Do importante que se falou aquí, do tema concreto do pazo de Meirás, nós cremos que si urxe, pero cremos tamén que é moi importante, non é desatinado que se faga canto antes, pero coas mellores garantías, para cumprir o obxectivo da súa reversión e incorporación ao patrimonio público. Hai dous informes extraordinarios, boísimos: o encargado pola Deputación da Coruña e o encargado pola Xunta. Aí os historiadores, os xuristas falaron. Pero ¿cal é o corazón desta cebola? Cómpre ter a maior certeza de quen teña lexitimidade para demandar. Este é un aspecto crucial.

Con respecto aos outros dous puntos dos que se fala, o rexeitamento deste BIC é fundamental. ¿De que falamos? A Fundación Francisco Franco —que moita xente cre que é unha fundación alegal, polo tempo en que foi constituída— xestiona as visitas neste momento, e din que é unha oportunidade para amosar ao gran público a grandeza da figura de Francisco Franco, a grandeza do gran ditador, a grandeza do sanguinario. É unha burla, é un insulto ás vítimas.

De entrada, e non foi así como fomos a Comisión de Cultura deste Parlamento, aínda non estaba a Fundación Franco, hai un enorme cartaz que recibe os visitantes denunciando o xenocidio dos católicos. Isto non é xustiza, nin reparación, nin verdade. Isto é unha visión parcial e unha apoloxía. Mágoa que realmente no Código penal non estea isto contemplado como delito, porque hai que mudar moitas leis, e isto é algo que hai que mudar.

Ben, con respecto aos títulos nobiliarios, claro que quedamos coa data. Non había un ano que morrera Franco, aos catro días de ser coroado o primeiro rei —despois emérito, e hai unha semana xa non sei que é—, Juan Carlos I, ¿que fixo? Colleu un helicóptero, veu a Meirás e alí, con todos os honores —outra aldraxe á memoria histórica democrática— foi darlle o título de grande de España, marquesa de Meirás, á filla do gran ditador.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Unha primeira aclaración sobre os títulos nobiliarios. Propuxemos incluír aquí os títulos nobiliarios concedidos pola Casa Real á familia Franco, porque é o que está directamente relacionado co pazo de Meirás, e imos manter esta posición.



Desde logo que os demais tamén, e o BNG xa defendeu iniciativas neste sentido, pero non ten ningún problema o Goberno central para facelo. ¿A que están esperando? Mesmo xa o puideron ter feito desde o ano 1982, porque se existe o ducado de Mola, de Queipo de Llano, de Yagüe, de Moscardó, etc., etc., etc., é porque os gobernos do Estado, dun e outro signo, os transmitiron sucesivamente ao longo de todos estes anos. Entón, aquí hai poucas leccións que dar.

Neste tema, no tema da recuperación de Meirás, a verdade é que neste momento a pelota está no tellado do Goberno socialista, do Goberno do Estado, que é o que ten que resolver esta cuestión. Nós dicimos máis: ten que abordar unha verdadeira política da memoria que enfrente todas as cuestións. Non vale a parte polo todo, non vale centrarse no Val dos Caídos, na exhumación, e deixar o resto, hai que afrontar todo.

E hai informes xurídicos e históricos. ¿Ou dubidamos do rigor e das garantías que teñen os informes que fixo a Deputación e que encargou a Xunta e que todos aprobamos aquí, con algún matiz? En todo caso, houbo dez meses para afinar, para completar, para mellorar eses informes, e cóstanos que se fixo ese traballo, sabémolo, e non se presentou cando estaba decidido presentalo por razóns que algún día se saberán.

E mire, señora Burgo, cordialmente, aquí non se trata de poñer os mortos enriba da tribuna, porque mortos e mortas dramaticamente hai por todas partes, ¿non?, non se trata diso. Trátase de ser leais á súa memoria e aos seus ideais (*Aplausos.*), diso se trata. E para ser leais á súa memoria e aos seus ideais, co que hai que acabar é coa pervivencia do franquismo nas institucións, tamén nos tribunais de Xustiza que ditan esas leis que favorecen os intereses da familia Franco, (*Aplausos.*) tamén. Porque toda a cúpula xudicial mantívose da ditadura á transición e á democracia, e por iso pasan as cousas que pasan.

A mellor maneira é sendo tamén fieis e leais e acabando con todo ese franquismo que prolifera, empezando polo que está presente en Galiza, polo que aínda se exhibe nesas torres de Meirás, que hoxe son as torres de exaltación do franquismo, pero mañá, nun pasado non moi lonxano, teñen que ser un lugar de exaltación de dignidade colectiva e de honra á memoria de todas as vítimas.

E por iso facemos unha proposta de transacción, que di o seguinte: «O Parlamento de Galicia, diante da falta de resposta do Goberno central con respecto ao acordo unánime do 12 de xullo de 2018, acorda como resolución reiterar a demanda ao Goberno central para que inicie de maneira urxente as accións legais pertinentes para recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público. Asemade, este Parlamento amosa o rexeitamento polo uso deste BIC para facer apoloxía da ditadura franquista e do ditador e demanda que se leven a cabo as accións precisas para deixar sen efecto os títulos nobiliarios do Señorío de Meirás e do ducado de Franco. O Parlamento insta a Xunta a dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado.» (*Aplausos.*)

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.



Faga o favor, déame a transacción. (O señor Bará Torres entrégalle ao señor presidente un documento.) Grazas.

Entón, rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación das mesmas.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de don Antón Sánchez.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos. (O señor Losada Álvarez pide a palabra) ¿Si, señor Losada? (O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.) ¿Acepta a votación? (O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.) Vale, moi ben, así me gusta. ¿Que puntos quere...? (O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.) Os dous por separado.

Votamos o punto número 1.

Votamos.

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 39; abstencións, 12.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o segundo punto.*

Votamos.

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de don Francisco Casal.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque e non se acepta a do Grupo Popular.

Votamos.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Perdón! Non me informaron a min de tal asunto. Aquí teño anotado que si aceptaba a do Bloque e non a do Grupo Parlamentario Popular.

O señor CASAL VIDAL: Non, hai un erro. Hai unha transacción aceptada por todos os grupos.

O señor PRESIDENTE: Non teño esa transacción. Se a le ou ma fan chegar. Eu non a tiña. Se non ma fan chegar á Presidencia, dificilmente a podo coñecer. Léaa.

O señor CASAL VIDAL: Téñena todos os grupos.

O señor PRESIDENTE: ¿Coñécena todos os grupos? ¿Están de acordo? Ben, pois imos votala.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Industria e Turismo en relación coa situación na que se atopa a empresa Isowat Made, do grupo Invertaresa.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por 70 votos a favor.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de dona Teresa Egerique.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Tamén hai unha transacción? A ver.



A señora EGERIQUE MOSQUERA: Hai unha votación por puntos. O punto primeiro é a nosa proposición non de lei e o 2 sería a emenda de engádega do Bloque Nacionalista Galego.

O señor PRESIDENTE: ¿Solicita vostede a votación por puntos?

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Non, por petición do Partido Socialista.

O señor PRESIDENTE: Antes non o entendín. Ben, pois votan por puntos.

Punto primeiro logo.

Votamos.

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, sobre o impulso ao Goberno central para que continúe as xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos destinados a mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto por 69 votos a favor.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o segundo punto.

Votamos.

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, sobre o impulso ao Goberno central para que continúe as xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos destinados a mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de dona Paula Prado.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. ¿Hai transacción? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Non? Pois entón votamos.

Votamos.



Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e doce deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza da inclusión, na proposta de creación de novos xulgados para Galicia en 2019, dun xulgado do social para a cidade de Lugo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por 70 votos a favor.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Noa Presas.*

Parece que non se aceptan as emendas, pero hai solicitada unha votación por puntos. ¿Acepta a votación por puntos? (O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.) Explíquenos a votación por puntos, que tamén é algo complexa.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben) ...Bloque Nacionalista Galego, que serían os puntos 1 e 2, e, por outra banda, a autoemenda do Bloque Nacionalista Galego, que serían os puntos 0 e 3.*

O señor PRESIDENTE: *¿0? Será «0». Ímoslle pór «0», porque 0...*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿0? Ben, pero 0 queda..., non sei, ben, é mellor pórllle «0», ¡digo eu! (Risos.) ¡0! (Risos.) Porque 0... (Risos.) Home, ¡0!... Ben, quedou entendido, pero non sei... (Murmurios.)

Ben, en todo caso, votamos os puntos 1 e 2.

Votamos.

(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)

Si, déanlle voz ao escano do señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: *Como parece que está aceptada a votación por puntos, nós pedimos votación separada do punto 3.*

O señor PRESIDENTE: *¿Acéptase a votación do punto 3? (Murmurios.) Ben, eu sigo consultando. O normal é que se consulte. (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Ben, pero poderíase segregar outro. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Ben, ¡correcto, correcto!*

Ben, vamos alá. ¡Veña, vamos alá! (Murmurios.)

Votamos o punto... (Murmurios.) ¡Silencio! Vamos alá. Vamos ao práctico.



Puntos 1 e 2.

Votamos.

Votación dos puntos 1 e 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da intervención pública en Alcoa de xeito transitorio co fin de garantir o mantemento do seu emprego e da súa actividade industrial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 39; abstencións, 12.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o punto 0 —chámolle eu tamén—, o punto 0, o punto <<0>>. (Murmurios.)*

Votamos.

Votación do punto cero do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da intervención pública en Alcoa de xeito transitorio co fin de garantir o mantemento do seu emprego e da súa actividade industrial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: *Votamos, por último, o punto 3.*

Votamos.

Votación do punto 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da intervención pública en Alcoa de xeito transitorio co fin de garantir o mantemento do seu emprego e da súa actividade industrial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto por 69 votos a favor.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez.*



Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do primeiro período de sesións de 2019, do procedemento deseñado para avaliar a implantación da Rede galega de dinamización da formación profesional dual.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Julio Torrado.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Foi o que dixó antes. (O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.) ¿E agora que pasou? Diga.

O señor TORRADO QUINTELA: *Non é por liar, señor presidente.*

Non aceptamos o punto 1 e aceptamos o punto 2, o referido á taxa de reposición, como engádega.

O señor PRESIDENTE: *Ou sexa, non acepta...*

O señor TORRADO QUINTELA: *Non aceptamos o punto 1 da emenda do BNG e aceptamos o segundo punto, que é o da taxa de reposición, como engádega.*

O señor PRESIDENTE: *Como engádega. Correcto.*

E, señor Torrado, ¿acepta a votación por separado do punto 3? (O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, non, a ver, é que eu non me entero ben. ¿Acéptaa? (O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)

Ben, pois votamos a primeira parte, tal como explicou o señor Torrado.

Votamos.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)



Non, a primeira parte, que só acepta como engádega o segundo punto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non. Explicouno el. Acéptalle o segundo como engádega. Foi o que dixo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero iso é despois do punto número 3. Pida por separado a votación do punto número 3. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, agora votamos todo menos o 3, que despois o piden por separado.

Votamos.

Votación dos puntos 1 e 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal e o nivel de eventualidade no Sergas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos o punto 3.

Votamos.

Votación do punto 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal e o nivel de eventualidade no Sergas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 39; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Foi lida unha transacción desde a tribuna. ¿Acéptase esta transacción? (*Asentimento.*)

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben



levar a cabo para recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público e a posición do Parlamento de Galicia respecto do seu uso.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por 70 votos a favor.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

Continuamos co desenrolo da orde do día.

Neste caso hai unha alteración, que xa foi comentada. Substánciase agora unha pregunta ao Goberno, de dona Patricia Vilán Lorenzo, do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da institución do xurado popular reflectida no artigo 125 da Constitución española de 1978

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día.

Señor Rueda, vostedes son once conselleiros e conselleiras. Imaxine que formasen vostedes parte dun xurado popular, en concreto do xurado popular da Sección 2^a da Audiencia Provincial de Pontevedra sobre o crime da rozadora. Incomunicados dous días para chegar a un veredicto de culpabilidade ou non culpabilidade, nin botellas de auga durante as moitas horas da deliberación, nin comida decente, nin habitacións cando vostedes quixeran ir durmir porque remataron o primeiro día a xornada sobre as 11 da noite, e logo cea nunha bocatería escoltados pola Policía Nacional. É difícil imaxinar ser tratados de maneira tan despectiva. Pois participar nun xurado é unha obriga, e un dereito, pero tamén é unha obriga, e neste caso foi un calvario. E este calvario padecérono por unha imprevisión por parte da Xunta de Galicia, que non foi puntual, unha imprevisión que dura na provincia de Pontevedra uns cinco anos. Non hai unha persoa encargada desta intendencia dende hai cinco anos.

A obriga é do Goberno da Xunta de Galicia, evidentemente, e da súa consellería, en concreto, de vostede, porque é o conselleiro de Xustiza. Hai máis de cinco anos que vostedes pasan, miran cara a outro lado. E iso que a Dirección Xeral de Xustiza coñece os sorteos dos xuízos con xurado uns dous ou tres meses antes de que ocorran e que o outro día o director xeral díxonos que hai só arredor de vinte xurados en toda Galicia; non é tan complicado, polo tanto, facer unha previsión.



¿Quen se encarga dese traballo entón? Pois na provincia de Pontevedra os funcionarios da Audiencia Provincial, que é nas seccións penais onde se celebran os xuízos con xurado. ¿É a súa obriga? Non, evidentemente. Son os letrados da Administración de Xustiza e as demais persoas funcionarias. Ben, non o sabe porque lle remitiron dende o sindicato UXT unha petición de que indicase as funcións dos funcionarios ao director xeral de Xustiza hai case vinte días e están agardando sentados a que lles contesten.

E nesta sección son os máis dilixentes de toda España, é a sección penal máis dilixente de toda España, e iso que teñen menos funcionarios e menos maxistrados que o resto. Pero, ademais de dilixentes, son boas persoas, son boa xente, e por iso se encargaron desas once persoas que formaban parte do xurado e tamén se encargarían dos once conselleiros e conselleiras se formasen parte do xurado neses días.

O director xeral cuestionou o traballo destes funcionarios, dixo que non sabe se traballan as horas necesarias, e iso que el é —como dixo o propio presidente da Sección 2ª da Audiencia Provincial de Pontevedra— o primeiro responsable político de que a Administración de Xustiza estea en Galicia no estado no que todos a coñecemos. E remitiu á sección un comunicado oficial pedíndolles a vostedes, a vostede en concreto, que depure responsabilidades. É democracia, división de poderes, poder xudicial, participación na Administración de xustiza, xurado popular... Non sei se lle soa de algo ou se o comparte vostede...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...dende o Goberno que cre, efectivamente, na institución do xurado.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vilán, como me pregunta se creo eu —pregúntame a min persoalmente— na institución do xurado, ¡por suposto! Pero creo que o importante é —eu represento un goberno—, polo tanto, se a Xunta de Galicia cre nel. Tanto é así que mire: nos máis de cento cincuenta —superado amplamente— xuízos con xurado que se teñen desenvolto dende que a Xunta de Galicia ten a competencia, en cento corenta e nove —imos dicir, e son máis de cento cincuenta— non tivo lugar nin unha soa incidencia, nunca. Como supoño que vostede fiscalizará todos e cando se produce unha incidencia —por outra parte, é o seu dereito e mesmo a súa obriga— o pon de manifesto, terame que recoñecer que nos outros cento corenta e nove, de cento cincuenta, vinte no último ano, non houbo absolutamente ningunha incidencia.



Polo tanto, dicir que, porque hai unha incidencia nun, a Xunta de Galicia non cre na institución do xurado creo que demostra ben ás claras que a súa intención non é que as cousas funcionen mellor senón que é outro tipo de intencións. Porque, entón, estará de acordo comigo en que as cousas, menos neste caso, se fixeron ben nos restantes, que son practicamente a totalidade.

Pero, como aquí, efectivamente, houbo unha incidencia, o primeiro é recoñecelo. Efectivamente, vostede fala de que isto se produciu dende o primeiro día —sabe de sobra que non—. Non o vai dicir na pregunta; se non, tamén se lle demostraría, pero isto foi na prórroga dos días que estaban inicialmente previstos. Durante os primeiros días non houbo absolutamente ningún problema. Polo tanto, hai que recoñecer que, como o xuízo se prolongou máis alá do que inicialmente se dixera, nos dous días seguintes se produciu un problema; polo tanto, hai que recoñecelo.

O segundo é pedir desculpas aos directamente afectados. Efectivamente, os cidadáns que teñen a obriga —e moitas veces non é unha situación desexable pero hai que cumprir con ela— de formar parte dun xurado, teñen dereito a ter todas as facilidades, e cando estas facilidades non se producen é a obrigación das administracións, de todas as administracións que intervimos, procurar que sexa así. Efectivamente, hai que pedir desculpas e recoñecelo.

E o terceiro é saber o que pasou para evitar, precisamente, que se volva producir e conseguir un cen por cento de eficacia —que estabamos moi cerca— no desenvolvemento deste tipo de situacións. Xa lle digo que, de 150, 149 foron sen ningunha incidencia. E xa van anos, jeh!, vinte no último ano e non se produciu ningunha incidencia.

Polo tanto, hai que saber o que pasou, saber quen foron os responsables, coa intención, sobre todo, de evitar que se volva producir. Por iso se fixo un expediente gubernativo, por iso preguntamos o que pasou e, por iso, na primeira parte desta intervención —na réplica darame máis tempo para desenvolver máis isto— xa lle digo —e vostede sábeo de sobra— que, ao contrario do que acaba de dicir aquí, non houbo a incidencia dende o principio nin faltou todo dende o principio. Durante os primeiros días, os que foron comunicados inicialmente, o desenvolvemento foi absolutamente normal. Nesa prolongación, nesa prórroga do xuízo non prevista inicialmente, foi onde se produciu a situación que vostede describe, que foi descrita, e, polo tanto, aí é onde hai que saber o que pasou para que non volva pasar. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

De entrada, quero darlle os parabéns porque pida vostede desculpas publicamente, porque o seu director xeral non foi capaz o outro día, na Comisión 1ª, de pedirles desculpas ás persoas e a todos os funcionarios. É máis, tivo a desfachatez de poñer en solfa o traballo de todos os funcionarios de todos os xulgados de Galicia, dicindo que el non sabía se traballaban as horas necesarias.

Por outro lado, a min gustaríame saber se esas desculpas vostedes agora mesmo xa llelas trasladaron a esas once persoas —que poderían ser vostedes as once— persoalmente, a cada un deles. Porque un deles fixo unha queixa formal ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



Señor Rueda, non houbo varios días, non sei de que está a falar. Cando saíron da Audiencia o primeiro día, que eran as 11 da noite, foi cando se atoparon co problema. Non tiñan onde durmir. Os xuízos con xurado non duran quince días. Non sei se lle pasaron a vostede ben a información.

Por certo, non é unha incidencia illada. É tan pouco illada que o propio presidente da sección saíu comunicando e pedindo responsabilidades. Tanto é así que sabe vostede que houbo unha reunión da xunta, de todos os maxistrados e maxistradas do penal da Audiencia Provincial de Pontevedra, incluído o presidente da Audiencia Provincial, e van emitir un comunicado nestes días. Esa reunión é pública porque a coñecen os medios de comunicación. Non é un feito illado. Vostede —xa llo dixen antes— pensa que a boa vontade dos traballadores que traballan de máis na sección, nesta sección e en todas as seccións penais da provincia de Pontevedra... Levan cinco anos sen unha persoa que dentro da Xunta de Galicia se encargue de facer este traballo.

¿Vostede garante aquí que hai unha persoa que se está a encargar dende a Xunta de Galicia de facer ese traballo? Non é así porque están facendo ese traballo os funcionarios das seccións penais da Audiencia Provincial de Pontevedra. Descoñezo se nas outras provincias pasa o mesmo. Na de Pontevedra xa lle digo eu que é así. Iso quere dicir que vostede non está a facer o seu traballo e que o director xeral tampouco.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Terminou o seu tempo.

A señora VILÁN LORENZO: Depure responsabilidades. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señora Vilán, non teño ningún problema en pedir desculpas. A vostede, en cambio, parécelle moi normal dicir que eu non creo na institución do xurado porque en 150 xuízos houbo este fallo nun. Polo tanto, eu creo que niso tamén era mellor pensar un pouquiño o que dixon, e ver se realmente o pode dicir ou se diso debería pedir desculpas, que xa sei que non as vai pedir.

¡Home!, alguén se estará encargando cando en 149 ocasións non houbo ningún problema. Houbo problema nun. Supoño que alguén habería á fronte e alguén se estaría encargando. Por iso lle digo que é importante saber o que pasou e por que esta vez houbo ese fallo.

E claro que teño ben os datos, suporá que eu veño respostar ben a pregunta. Oia, comúncouse que o xuízo ía durar o 25, 26, 27, 28 e 29, pero despois houbo dous días máis. ¿Como que o xuízo non durou máis días? ¿Como que era o primeiro día? Non vou discutir con vostede cousas moi obvias. Comprenderá que teño os datos. Eu pídolle que os datos os teña ben



vostede, porque, efectivamente, a nós avisóusenos, avisouse á Xunta de Galicia, de que se ía celebrar un xuízo con xurado, como tantas outras veces, e que inicialmente duraba eses días.

Pero, mire, o que fixemos foi —por iso lle digo desa intención de investigar, e depurar responsabilidades, se quere, sobre todo para intentar evitar que volva pasar— abrir un expediente gubernativo no Tribunal Superior de Xustiza. Léolle as conclusións rapidamente: «No consta en los antecedentes de esta secretaría ninguna queja anterior relativa al mal funcionamiento en la gestión de los juicios ante tribunal de jurado». Esa é a primeira cousa que lle dixen, primeira conclusión. «En el presente caso ha faltado por parte de la Sección 2ª de la Audiencia Provincial una segunda comunicación a la Delegación de Xustiza de la continuación del juicio los días 1 y 2 de abril, lo que ha provocado... —a continuación do xuízo, que, segundo vostede, empezou ese día; aquí non sei por que falan de continuación dun xuízo que, segundo vostede, empezaba ese día— «...lo que ha provocado una situación de falta de previsión en el mantenimiento de los miembros del jurado».

Terceiro: «Hubiera resultado conveniente una segunda comunicación por parte de la oficina de la sección respecto de la decisión de prórroga de los días de señalamiento inicialmente previstos. Esta segunda comunicación resulta fundamental. Se ha omitido también la comunicación de la prórroga del juicio. La comunicación fue remitida posteriormente, una vez concluidas las sesiones del juicio. Esta omisión contribuye igualmente a la (...) (Ininteligible.) objeto de la queja. Resultaría conveniente la designación por parte de las secciones penales de las audiencias provinciales en las que se constituye el tribunal de jurado un funcionario de enlace encargado de realizar las gestiones precisas ante de la Delegación de Xustiza. Y también que se facilitara por la Administración» —fala de nós— «un número de teléfono para poder comunicar situaciones de urgencia fuera de las horas de audiencia, a fin de atender con eficacia los posibles imprevistos que pudieran surgir. Y que se comunique, por último, con la necesaria antelación cualquier suspensión, prórroga de sesiones o alteración de las previsiones iniciales». —que se comunique dende a Audiencia á Xunta de Galicia—.

Isto foi o que pasou, isto foi o que pasou simplemente. Vostede cre que isto vale para dicir que a Xunta de Galicia e eu non cremos no xurado. Eu simplemente lle digo que, primeiro, pido desculpas aos que sufriron esta situación e, segundo, que haberá que mellorar. Vai haber unha reunión a semana que vén para intentar mellorar estas cousas e para que non se dea nunca máis esta situación. Insisto, foi unha de 14,9, porque non se avisou de que o xuízo, que, segundo vostede, nin empezara —por iso digo que, se non entende iso, non entende nada—, se ía prolongar. Non tivemos ese aviso.

¿Hai que estar máis pendentes? Por suposto. ¿Hai que mellorar as comunicacións? Por suposto. ¿Hai que dicirlles ás persoas que sufriron esa situación...

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente. Terminou o seu tempo. Grazas, vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Por suposto. Diso a exaxerar e a dicir as cousas que vostede di vai unha distancia demagóxica na que eu non vou entrar.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Retomamos a orde do día, neste caso coas interpelacións, co punto 6º.

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre as listas de espera non estruturais do Sergas e a política de persoal da Consellería de Sanidade

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Traemos unha cuestión que todos os anos debatemos aquí, e xa sabemos que non temos o mesmo punto de vista sobre o modelo que hai que seguir no peche de camas e no peche de servizos durante os meses de verán.

Nós xa sostivemos en múltiples ocasións nos últimos anos que nos resulta incomprendible que, tendo listas de agarda, non se poidan programar intervencións e probas no verán, precisamente entendendo que, como din vostedes en moitas ocasións, hai unha redución dalgún tipo de patoloxías relacionadas fundamentalmente cos problemas respiratorios, neste caso. É dicir, a xente ten menos problemas de pneumonías, menos gripes e menos dificultades nese sentido. E esas camas, evidentemente, e esa menor afluencia deses doentes facilitarían tamén o traballo á hora de reducir a lista de espera. É un elemento que temos discutido nos últimos seis, sete anos neste Parlamento. E vostedes entenden que é necesario, a pesar de toda esa agarda —desa espera desas persoas que non están sendo atendidas en tempo e forma, ao noso entender—, seguir pechando camas.

En anos anteriores eu xa dixen nalgunha ocasión que non comparto en absoluto esa situación. E despois temos un elemento, e é que despois vostedes din que esas camas sempre están á disposición —sei que vai volver repetir o discurso de anos anteriores—, e que, cando son necesarias, se abren. Esa situación non se dá, e, un ano máis, temos que volver traer esta cuestión aquí porque, ante o peche de en torno a novecentas camas en todo o Servizo Galego de Saúde un ano máis nos meses de verán, como vostede sabe, señor Almuíña, volve suceder o risco de que existan problemas nos servizos de urxencias.

E xa temos explicado aquí, ao noso entender, como se xeran as problemáticas de colapsos e de saturacións —tamén as que son puntuais e as que son máis crónicas— nos servizos de urxencias. E unha parte importante é polo recorte en verán do persoal dentro da atención primaria. Un problema que, ademais, está relacionado cun problema estrutural previo. Non só é que non cubran vostedes as vacacións, e xa estamos eu creo que cansas de debater neste Parlamento sen que vostedes lle teñan posto solución de maneira efectiva. E non me refiro ás xuntanzas da comisión, aínda non vimos a primeira solución efectiva para solventar esa situación.

Outro dos elementos evidente é que o recorte nas propias consultas, o recorte nas propias probas, de persoal e de número de profesionais fai que moitas persoas, se empeoran, acudan aos servizos de urxencias. E, polo tanto, este é un elemento, o peche de camas e o recorte de



persoal nos servizos de probas diagnósticas e de todos os servizos que están nos ambulatorios e nos hospitais do noso país, que, ao final, logo propicia saturacións nos servizos de urxencias. E, polo tanto, antes de que acontezan un ano máis, volvemos traer esta cuestión aquí.

E esta iniciativa, esta interpelación, é de 2017, vostede coñécea, porque, efectivamente, cada ano temos o mesmo problema e temos dificultades para entender que vostedes, a pesar de que se pon en evidencia que o modelo que teñen non serve para solventar, porque volven despois as saturacións nos servizos de urxencias, volven unha e outra vez pechar camas; pero non pechar cincuenta, non pechar cen, senón unha cifra que máis ou menos se estabiliza en torno ás novecentas. Un ano foron en torno a mil; outro ano, oitocentas e algo. Estamos nas novecentas camas pechadas.

Polo tanto, hai un elemento importante, que é entender ou coñecer cal é o número de persoas que están agardando por unha consulta, por unha proba diagnóstica ou por un quirófano. E aquí vostedes danlle a volta de rosca a ese leviatán e agora xa non é que quen ten a información ten o poder, senón que quen ten o poder ten a información, e utilízano para non facer nada. Xa está, non a dan porque é súa.

E eu ¿por que digo isto? É que levo dous anos e medio esperando a que vostede me responda a unha petición de información que teño rexistrada neste Parlamento. Ademais, con base no meu dereito constitucional como deputada, teño dereito a ter a información que solicito para facer o meu traballo, e vostedes non a cumpren. Tiña un mes para responderme a esa petición de información, e leva dous anos e medio. E eu preguntome se teño que ir á xustiza ordinaria a denunciálo, preguntome, porque levamos dous anos e medio. ¿Realmente unha deputada dun parlamento ten que recorrer á xustiza ordinaria para coñecer información de como está o seu Servizo Galego de Saúde, o de todas as galegas e galegos, para poder facer aquí ben o meu traballo? Porque eu estou segura de que vostede vai vir e vai trasladar unha serie de datos, que son as listas de espera estruturais, que, efectivamente, son as que a norma obriga a todas as comunidades autónomas a publicar. Pero, cando pedimos información que a vostede se lle pediu noutra ocasión, vostedes a denegan. Dígame como imos poder solventar esta interpelación, porque a min gustaríame falar, con base nas persoas que de verdade están esperando e non nos datos que dan vostedes, da necesidade de reducir esa lista de agarda e, polo tanto, utilizar o verán, no que hai menos afluencia doutras patoloxías, como lles levan pedindo moitos profesionais. Pero tamén lle lembro que o sindicato de Comisións Obreiras ten algún informe —do que vostede ten coñecemento de hai xa anos— no que se cifraba a cantidade de persoas que poderían verse beneficiadas pola redución das listas de agarda se non se pecharan eses servizos no verán.

Eu quixera que despois, á parte de trasladar o que lle preguntamos nesta interpelación, responda se eu teño que denunciálo, se teño que recorrer á xustiza ordinaria, porque levamos dous anos e medio esperando que vostede responda á interpelación e nos facilite os datos. É o meu dereito constitucional como deputada, lémbrolla. E, evidentemente, se vostede pensa que é mellor non reducir as listas de espera en verán e que, polo tanto, o máis doado para vostede sexa aferrar uns cartiños para a Consellería de Sanidade un ano máis e deixar as persoas que poderían estar apurando esas probas diagnósticas e esas intervencións cirúrxicas nunha lista de agarda para que despois pasen cousas graves como o da indemnización que



vostedes... A enésima, porque non paran de pagar indemnizacións por negligencia, por problemas que non son dos profesionais, que ao final son problemas seus porque non poñen medios para traballar. Esta persoa faleceu agardando unha operación cardíaca e acábanos de sentenciar a vostedes porque era unha espera inxustificada. Desgraciadamente isto non é unha cousa anecdótica, e, afortunadamente, moitas persoas non teñen un índice de gravidade tal e como tiña esta persoa. Pero hai moitas persoas que pasan anos —e digo anos—, en especialidades como é traumatoloxía, agardando a solución dun problema músculo-esquelético que ao final lles impide, por exemplo, traballar, algo como gañar a vida. Ademais, algunhas desas persoas estarán de baixa ou non, e acabamos de falar da fraude, da que vostede é responsable, que cometen absolutamente todo o tempo coa Seguridade Social, á hora de non cubrir os traballadores eventuais os días libres. Deberían de importarlles tamén esas persoas que están de baixa permanente.

E esta é a situación que temos no Servizo Galego de Saúde. E, polo tanto, eu creo que hoxe volvemos ter que traer esta cuestión aquí, porque a vostedes dálles igual incumprir a lei, e non facilitan os datos, e realmente, para facer unha boa valoración de como imos abordar esas listas de agarda, deberíamos de ter os datos reais. E eu sei que vostede non está obrigado a publicalas dende a consellería, porque só teñen que publicar as estruturais, efectivamente, pero si está obrigado a responderme a min á petición de información.

E temos un problema á hora de facer a valoración, tamén da aplicación da súa modificación da Lei de garantías de prestacións sanitarias; temos un problema con iso.

Polo tanto, hoxe volvemos preguntarlle aquí por eses datos, cales son as listas de espera non estruturais, a ver se hoxe. Porque vostedes teñen os datos, efectivamente. O señor Aboal díxonos un día na Comisión de Sanidade que si, que tiñan os datos, que eran variables, loxicamente, pero que tiñan os datos, pero non os deron. E como ao final quen ten o poder ten a información, e non ao revés —como no Leviatán, parece ser—, pois vostedes deberían hoxe responder a esa cuestión: que número de persoal vai desfrutar do seu período vacacional nos meses de verán das diferentes áreas de xestión galegas, para que nos fagamos unha idea —preguntamos anualmente por esta cuestión— e cantas desas prazas van ser cubertas con persoal eventual e cales non.

Porque, ademais, ante esa confusión que ten o señor Feijóo coa Lei do estatuto do persoal estatutario, que considera que o persoal eventual tamén é fixo, pois a ver se vostede nos pode aclarar na súa intervención cales van cubrir e cales non. Porque en moitas ocasións vostedes teñen o vicio de anunciar aquí que non hai persoal para cubrir, e sabe vostede igual ca min que hai moitas categorías profesionais nas que sobra persoal para cubrir e decide non cubrilas. Así que vostede ten que dar algunha xustificación política —política, porque vostede é un cargo político— de por que non se cobren, e, polo tanto, é imprescindible que nos dea primeiro o dato.

E, claro, de efectuarse un colapso —pois xa non lle digo un colapso, que é o que pon aquí—, unha saturación nun servizo de urxencias, ¿cal vai ser o procedemento? Porque lémbrolle que, cando esas persoas que estiveron hai un anaquiño na tribuna —que pagaba a pena que vostede estivera sentado aquí escoitando e atendendo, indo fóra incluso falar coas eventuais, e que per-



dan o medo a falar coa xente, porque parece que a xente dá medo e traban e veñen aquí e xeran un problema— denuncian que o problema de camas pechadas significa que a apertura desas unidades logo se cobre con persoal eventual, de maneira estrutural, que renova os seus contratos día a día, polo tanto, a precariedade afecta esas persoas e afecta a calidade do servizo.

Remato, que non me queda tempo.

Polo tanto, gustaríanos saber se vostede vai continuar non proporcionando a información e mantendo os recortes e o peche de camas a pesar desas lista de agarda. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, señores deputados, moi bo día a todos.

A verdade é que as intervencións da señora Solla son boas, porque fai a súa intervención e xa fai a miña, ¿non?, co cal ás veces aforra tempo. Eu creo que o fai por aforrar tempo.

Mire, eu quería dicir que nós estamos cumprindo coa lei, coa lei, pero é unha lei nacional, o Real decreto 605/2003, do 23 de maio, polo que se establecen medidas para o tratamento homoxéneo da información sobre as listas de espera; é dicir, este é un tema de Estado, que se fixo así para que precisamente fósemos comparables todos. E tamén a modificación parcial que houbo co Real decreto 1039/2011, polo que se establecen os criterios marco para garantir un tempo de acceso ás prestacións sanitarias do Sistema nacional de saúde. E tamén a Orde do 19 de maio de 2003 pola que se normaliza o sistema de información e control da demanda da actividade programada de hospitalización, cirurxía e salas na rede de hospitais do Servicio Galego de Saúde. E tamén a Orde do 13 de xullo de 2004 pola que se normaliza o sistema de información e control de demanda da actividade programada de consultas externas médicas na rede de hospitais do Servicio Galego de Saúde.

A maiores, tamén vostede recoñece que estamos facendo o que nos marca a normativa, non só que teñamos reais decretos e ordes que nos din que estamos facendo as cousas con total transparencia, senón que vostede mesma hoxe pois tamén o recoñece.

O real decreto e as ordes autonómicas definen o rexistro de pacientes en espera así como a clasificación dos pacientes incluídos. Deste modo, o rexistro inclúe todos os pacientes pendentes de prestación dun servizo asistencial con prescrición non urxente —os urxentes, evidentemente, van por unha vía directa— dunha atención médica indicada por un facultativo e aceptada polo paciente e para a que está prevista a utilización dun recurso pendente do hospital, tanto propio como concertado.

O Servicio Galego de Saúde garante, a través do seu sistema de información e das súas actuacións, os requisitos establecidos polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, que establece as características e os contidos da información xeral sobre os tempos



de espera dos pacientes, asegurando a compatibilidade dos datos con outras comunidades autónomas, como se establece no artigo 4 do Real decreto 605. E recóllese, precisamente, que se fará pública a información sobre as listas de espera estruturais con carácter semestral. E así o está a facer o Sergas, publicando información sempre; incluso nalgún momento comunidades autónomas non o facían no mes de xuño; nós si o faciamos. Entendemos que iso é importante.

Hai comunidades autónomas, como dicía, que non cumpren estes criterios. Polo tanto, a nós parécenos que é moi importante que todo o mundo saiba como está a situación e que sexamos comparables ao resto do Estado español.

Ademais, como tamén establece o Real decreto 605, os usuarios do Sergas dispoñen de acceso aos sistemas de información personalizado, de citas e de todos os informes a través da plataforma É-Saúde.

No que respecta ás listas de espera non estruturais, débese ter en conta que inclúen os pacientes transitoriamente non programables, é dicir, pacientes que elixen voluntariamente pospoñer a súa intervención ou que por circunstancias médicas se desaconsella a intervención nese momento; hai que modificala, —digamos— buscar o tratamento dunhas patoloxías médicas para que o risco da intervención cirúrxica sexa menor. Polo tanto, eses pacientes non contan como que están esperando unha intervención, porque realmente primeiro teñen que estar nesa situación.

Tanto os pacientes en lista de espera como todos os pacientes que están en lista de espera non estrutural, sexa por un tema médico ou que rexeitaron ir a un centro concertado, non perden en ningún momento os dereitos, son programables en canto as circunstancias no caso médico reverten ou en caso da programación dos nosos hospitais que se fai a continuación.

Pero, ademais, en Galicia temos o Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos, que, como recordo, non o ten practicamente ningunha comunidade autónoma, salvo que o aprobasen nestes últimas semanas, e témolo en vigor, como digo, desde o 10 de xaneiro de 2018, que quedan garantidos os tempos máximos de atención sanitaria e hospitalaria programada e non urxente de sesenta días naturais para intervencións cirúrxicas, corenta e cinco días de primeiras consultas externas e corenta e cinco días para as primeiras probas diagnósticas ou terapéuticas. Isto é un dereito individual. Xa non falamos de esperas medias, como é o caso das listas de espera, falamos en termos estritamente individuais.

Recollemos así un novo compromiso do Servizo Galego de Saúde cos pacientes, xa que pasa dunha xestión global de tempos de espera por prioridades para todas as doenzas a un compromiso individual. Recordo que nesta tribuna fomos atacados de privatizadores cando publicamos e falamos deste decreto, dicindo que iamos facelo todo na privada. Os datos están aí, os datos pois son publicados e ademais neste día, nesta sesión parlamentaria, imos dar exactamente como están os datos a día de hoxe.

No relativo á planificación sanitaria no período vacacional, cómpre dicir que o Servizo Galego de Saúde planifica todos os anos non só a actividade estival, senón toda a actividade durante o ano,



para adecuar os recursos asistenciais e, tendo en conta esa demanda asistencial, en función da morbilidade en determinadas patoloxías, como ben recoñecía a propia deputada, que non é igual a tempada de inverno que a tempada de verán, as patoloxías son moi diferentes; tamén é certo que durante o período estival pois hai movemento de poboación que vai duns lugares a outros, hai lugares en que diminúe a actividade claramente e noutros pode haber certo incremento, aínda que o incremento en período estival non é importante, porque son en xeral patoloxía menores.

O Sergas leva a cabo unha planificación sobre a cal ten unha ocupación prevista de camas tanto por ingresos médicos como os derivados da actividade cirúrxica. Loxicamente esta planificación elabórase tras un estudo no que ten en conta a frecuentación das distintas áreas hospitalarias, en cada área sanitaria concreta, en anos anteriores.

A estimación da ocupación no período estival do ano 2019 baséase nos datos de ocupación real correspondente a un período acumulado de xullo a setembro. A esta estimación engádese unha marxe de seguridade por riba real dun 12 %, que garante a correcta atención sanitaria nalgún pico que poida existir nese momento. Se analizamos os datos do Sergas correspondentes ao período acumulado xullo-setembro do ano 2018, reflíctese para este período unha porcentaxe de ocupación do 75,77 %, fronte a unha porcentaxe de camas funcionantes do 88 %.

Estes datos, similares a anos anteriores, poñen de manifesto unha axeitada planificación dos recursos dispoñibles e garanten que todos os pacientes teñan un servizo adecuado para a súa atención. No ano 2019 a previsión de camas funcionantes era arredor do 88,3 %.

Como medida de reforzo operativa fronte á posibilidade de que ocorran situacións excepcionais e imprevisibles, que non entran nunha planificación normal, nos centros hospitalarios existen plans de continxencia que permiten adoptar, de xeito áxil, as medidas necesarias destinadas á adecuación dos recursos asistenciais.

Cómpre engadir que ese tipo de planificación e xestión sanitaria non é unha peculiaridade do noso sistema, senón que se trata de algo que se fai tamén todos os anos en todos os servizos de saúde.

En canto á derivación a centros concertados, a utilización destes recursos considérase complementaria e subsidiaria no ámbito da sanidade pública de Galicia. Loxicamente temos que dicir que estes centros son centros acreditados e concertados co Servizo Galego de Saúde, segundo o Real decreto lexislativo 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público. É transparente todo o que se está facendo, sempre transparente. Por certo, no período de goberno do Bipartito as cantidades destinadas a estes centros eran maiores que as actuais do Sergas.

No referente a esa colaboración co sector privado, estamos a traballar continuamente, entendendo que é importante que exista un sector privado complementario, como dicíamos, sabendo que o sector público é un sector predominante en Galicia e que se coordina de forma adecuada para necesidades complementarias.

Levamos traballando en políticas que nos permitan mellorar as listas de espera, priorizando en función da gravidade, e temos o firme compromiso de continuar axilizando a asistencia, mellorando o servizo que prestamos á nosa poboación.



Se me permite, pois quería facer unhas reflexións directas, que son que nós temos unha menor demora en pacientes de lista de espera que outras autonomías; somos concretamente a cuarta en lista de espera cirúrxica. Facemos unha periodización exquisita das patoloxías por parte dos nosos facultativos, daqueles que necesitan ser operados. Transparente, porque publicamos, segundo a normativa, cada seis meses. Maior actividade ano a ano e tamén seguridade para o paciente. Máis camas e de maior calidade. E hospitais de día médico-cirúrxicos cada vez tamén con maior capacidade para facer os diagnósticos e os tratamentos dos nosos pacientes.

Polo tanto, imos seguir traballando na mellora do servizo público, pero partindo dunha situación que entendemos que é moi boa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Vén vostede frouxo, señor Almuíña.

Mire, non se trata de cumprir unhas leis si e outras non, porque o problema é que a Xunta está obrigada a cumprir todas as leis, non só as que lle apetece, tamén as que a obrigan a contratar de maneira correcta.

Pero neste tema, no que estamos tratando en cuestión, efectivamente, eu xa dixen na intervención que vostede non ten a obrigatoriedade de publicalas, pero ten a obrigatoriedade de contestarme a min. Repase o artigo 23 da Constitución española, repase cales son as prerrogativas dos deputados e deputadas.

E volvo responderlle: ¿teño que ir aos tribunais denunciar que vostede leva dous anos e medio sen facilitar a información que levo pedindo como deputada ao abeiro do artigo 9? Hoxe non respondeu aquí, non deu ningún dato. Non quero que me explique vostede cales son as categorías de doentes dentro da lista de espera non estrutural, senón que me dea os datos que estou pedindo; temos capacidade abonda para poder interpretalos. E eu quero que hoxe veñamos falar aquí de política, porque vostede é un cargo político e é tamén un cargo público e coñece perfectamente as súas obrigas.

Pregunto, volvo preguntar: ¿temos que recorrer á Xustiza ordinaria para que dea a información? E debería vostede saber, que, por certo, non é a única petición de información que vostede non contesta, e estou esperando que me conteste polos datos de incremento das enfermidades nosocomiais dentro dos centros públicos do Servizo Galego de Saúde, e vostede xa rebasou a data máxima que tiña para contestar.

Pero nesta cuestión quero lembrarlle que vostedes, que o Partido Popular xa perdeu no País Valenciá un xuízo na Xustiza ordinaria porque non facilitaban ao noso grupo os contratos



da Gürtel. Levo dous anos e medio esperando que conteste. ¿Teño que recorrer á Xustiza ordinaria? —volvo preguntar—.

Sen eses datos, señor Almuíña, todo o que diga vostede aquí non ten ningún tipo de validez. Vostede sabe igual ca min —e levámolo discutindo dúas legislaturas, polo menos eu dende que estou aquí— como se poden alterar os datos das listas de espera estruturais. Vostede sabe perfectamente que antes da publicación se pode chamar por teléfono a un número determinado de persoas para que o número baixe á hora de publicalo. Vostede sabe os trucos, sábeos, porque son públicos, porque os sabe todo o mundo e ten habido mesmo reportaxes de prensa. Polo tanto, para poder valorar a situación real, necesitamos ter todos os datos.

Cumpra as leis, efectivamente, pero cúmpraas todas, e cumpra tamén co dereito de información que teñen as deputadas e os deputados desta Cámara, e de todas as cámaras, porque non están vostedes por enriba de calquera normativa; isto non é seu; vostedes teñen que facilitar a información aos deputados.

Efectivamente, vostede non respondeu a por que non se aproveitan os meses de verán para reducir a demora, porque ninguén cuestiona que pode haber persoas que teñan que agardar por unha cuestión de decisión médica ou que esa persoa nese momento non poida, pero iso non é o groso das persoas que están agardando, e vostede sábeo, vostede sábeo. E esa situación produce un prexuízo importante para as persoas, algunha desgraciadamente, como a que lle acabo de contar, que faleceu esperando unha intervención —e acaba de ser vostede condenado, acaba de ser condenada a Consellería de Sanidade nese caso—, e outras ás que desgraciadamente lles xera unha incapacidade temporal ou unha incapacidade permanente posterior, derivada da demora e da evolución da súa patoloxía. E eu teño familiares que non foron operados en tempo e que teñen unhas consecuencias despois —non van morrer, efectivamente—, pero hai persoas que logo non poden volver ao seu traballo, nunca máis, nunca máis. A vostedes iso dálles igual.

E, polo tanto, á hora de valorar esa situación, vostedes teñen que dar os datos, teñen que dar os datos, para vir aquí e valorar se ese peche de camas é exaxerado —eu considero absolutamente que si— coa lista de agarda. Eu considero que non deberían de pechar ningunha cama, pero dende a súa lóxica, e falemos de modelo sanitario, falemos de política, por unha vez neste Parlamento, falemos de modelo sanitario. Ten que dar vostede aquí os datos.

Remato xa, que non me vai quedando tempo.

Non respondeu vostede como se articula o plan de continxencia. Recórdolle unha vez máis que os profesionais eventuais denuncian que cando hai peche de unidades e peche de camas e estas se abren, se cobren con contratos diarios, e iso non é calidade asistencial. ¿Vostede cre que unha unidade de reanimación, que unha unidade de hospitalización se pode estar cubrindo con contratos diarios? ¿Esa é a calidade? ¿Como nunha área como a de Vigo, na que hai unha lista de agarda das maiores de toda Galicia, incluíndo os datos que vostedes proporcionan, xa non cos que eu pido, vostedes permiten pechar o 20 % de todas as camas que pechan no Servizo Galego de Saúde? ¿Vai pechar algunha unidade Povisa? ¿Ou é que só o peche se produce na pública e na privada se pode manter?



Señor Almuíña, conteste aos datos reais da interpelación e dea por favor os datos de eventualidade e de persoas que se van cubrir no Servizo Galego de Saúde. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Peche da interpelación, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

A verdade é que, se eu chego a dicir a vostede que está frouxa hoxe, podía armarse aquí un guirigai. Eu creo que hai cousas que non deberíamos dicir.

Mire, vostede díxoo cando empezou a súa intervención, creo que para escusarse xa directamente. A data de entrada —ten vostede razón— é do 8 de maio de 2017. Iso indica que as súas hipóteses catastrofistas se repiten ano a ano, pero a realidade non acaba sendo así. Falaba de catástrofe, colapso. Pois parece ser que, pese a que o anuncie con tanto tempo, non ocorre así.

E nós, como administración que estamos xestionando recursos que todos os galegos poñen neste tema, na sanidade pública, creo que temos que ser persoas serias e responsables, e eu entendo que os gobernos son serios e responsables, incluso no Bipartito, que tamén planificaba a temporada estival coas contratacións necesarias para cubrir esas necesidades.

Fala de aforrar uns cartiños. Parece que quere deixarnos en mal lugar, como cando lle chamou «papelucho» —¿papelucho, acórdase?— ao Plan de atención primaria. Traen vostedes despois aquí outro plan de trinta medidas e resulta que os de duascenas medidas son papeluchos. Pois non, non son papeluchos.

Mire, no Servizo Galego de Saúde continuamos diminuindo os tempos de espera e incrementando a actividade cirúrxica: 209.718 intervencións no 2018, 4.441 máis que no 2017.

En Galicia pechamos o ano 2018 cun tempo de espera media cirúrxica de 61,6 días, a máis baixa nese período dende que hai rexistros; e somos a cuarta comunidade autónoma. Polo tanto, claro, cando os números que dá o Goberno, que son publicados, que son transparentes, non coinciden co que queren dicir, dicimos que hai trucos. Ben, os trucos en Galicia. No País Valenciá, como di vostede, fano todo moi ben, pero teñen unhas listas de espera peor que as nosas. Ben, pois non, Galicia ten unha lista de espera, que, como toda lista de espera, evidentemente, pode mellorarse, pero son 61,6 días.

Con estes datos, a previsión é que Galicia continúe como unha das comunidades con espera cirúrxica máis baixas dentro do Sistema nacional de saúde, que digo que a media que había en decembro do 2017 era de 106 días en España, a media no Sistema nacional de saúde. Polo tanto, cremos que Galicia está mellor, bastante mellor, pese a ese alarmismo que vostede dicía.

Continuamos garantindo tamén o compromiso de atender as enfermidades máis graves; na prioridade 1, por debaixo dos trinta días; estamos en 19,4.



Tamén creamos sete vías rápidas de cancro implantadas en todas as áreas sanitarias de Galicia, cunha resposta dende logo excepcional.

Tamén estamos facendo algo que nos piden os cidadáns, maior calidade de atención, que é a ambulatoria; máis cirurxía ambulatoria. Pasamos do 50 % xa en ambulatoria.

En consultas, en probas, estamos, como digo, nos *rankings* dos mellores de España, e loxicamente temos que seguir traballando, porque isto é o esforzo de trinta e oito mil traballadores da Consellería de Sanidade, para que o cidadán vexa que os cartos dos seus impostos teñen un servizo adecuado e correcto.

E para as non estruturais, que tanto a preocupan, facemos revisión periódica desas demoras médicas e programamos aqueles pacientes que están en condicións xa de ser operados.

Insisto, unha vez máis, en que esa lista de espera conta con mecanismos e normativa reguladora para o seu funcionamento común en todo o territorio do Sistema nacional de saúde.

Os datos indican que melloramos, pero non nos imos conformar con iso. O noso obxectivo, como sistema público de saúde, é seguir traballando a prol da mellora dos tempos de espera, en base a criterios clínicos e de priorización en función da gravidade dos nosos pacientes. Primamos a liberdade de elección de centro en momento de intervención para aqueles pacientes que así o desexen e dotamos de máis dereitos o paciente; máis seguridade, como dicía antes.

E respectamos escrupulosamente o criterio médico, que non considera un momento determinado adecuado para a súa intervención. Todo iso está dentro da estrutura das listas de espera. E, como digo, Galicia dende logo o está facendo de forma adecuada e non considerando que chegamos ao final, senón que imos seguir mellorando.

E, como digo, dende logo, máis dereitos para os nosos cidadáns, menor espera e mellor calidade de asistencia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en materia de seguridade viaria

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día, señora conselleira, benvida a esta interpelación, a este Parlamento.

A min gustaríame comezar a intervención facendo unha lembranza para todas as vítimas mortais e persoas feridas tamén en accidentes viarios, porque moitas veces o que lemos e o



que vemos son estatísticas, son cifras, son números, e aquí non estamos falando de cifras e de números, estamos falando de persoas, de vidas rotas, de vidas truncadas, de vidas destruídas, de traxedias humanas moi difíciles de superar ou imposibles de superar, e vimos dunha experiencia dramática moi recente de tres mozos e mozas da zona de Redondela que perderon a vida nun dramático accidente na AP-9. Polo tanto, vaia esta primeira intervención, este inicio, para facer unha lembranza a todas e cada unha das vítimas dos accidentes das estradas. (*Aplausos.*)

O que me gustaría facer, en primeiro lugar tamén, é un chamamento á preocupación e á alarma, a que salten todas as alarmas a respecto desta cuestión, porque é un problema moi preocupante, moi grave, que ademais desgraciadamente non se está atallando e está indo a máis. As cifras demostran que están aumentando os accidentes e as vítimas mortais. Non é unha cuestión concreta e particular de Galiza, é unha realidade que se está dando en todo o Estado e que ten unhas causas múltiples, que se están analizando, e que obriga a unha resposta institucional e social que estea á altura deste desafío que temos como sociedade. É un desafío que debe estar por riba da loita partidista. Por iso nós aquí vimos propoñer un acordo de país, un acordo de todas as forzas políticas e sociais arredor deste tema, que nos debe unir a todos e a todas.

O feito de que estea por riba da loita partidista non quere dicir que non teñamos discrepancias —lexítimas— ou confrontacións por asuntos concretos, ou por diferenzas que podemos ter na materia de afrontar esta cuestión, pero pensamos que nos debemos de poñer de acordo nun mínimo común denominador, que nos poña detrás a todos e a todas.

O punto de partida ten que ser, tamén, o recoñecemento de que temos un gravísimo problema, que os datos de accidentes e de vítimas nos últimos anos están medrando. Señora conselleira, como sabe, hai unha evolución negativa dende o ano 2013. No ano 2017 foi unha viraxe, é unha illa dentro duns anos. Nos anteriores e nos posteriores —sabémolo ben—, o 2018 e 2019, aumentaron dramaticamente e drasticamente as mortes.

Mire, as cifras oficiais de 2017 da DXT dinnos que morreron 76 persoas. A cifra real é que morreron 100 persoas. No ano 2018 os datos da DXT falan de 104 vítimas mortais. Os datos finais do Imelga, que contemplan todas as vítimas, tamén nas vías urbanas, din que foron 138 mortes. E a evolución neste ano 2019 aínda é peor con respecto ao ano 2018, que xa foi un ano moi malo; sabe que saíron os datos dos cinco primeiros meses do ano e que hai 15 mortes máis que no ano pasado.

Polo tanto, é un dato extraordinariamente preocupante, que nos obriga a actuar, a actuar con medidas extraordinarias e urxentes, e tamén con medidas a medio e longo prazo.

Se imos ao detalle dos informes de avaliación que fan regularmente desde a súa consellería —por certo, está sen publicar o do 2018, esperemos que saia pronto, eu non sei se o colgaron hoxe, pero polo menos onte e antonte non estaba— e tamén ao Informe de seguimento intermedio do Plan de seguridade viaria de Galiza, o que din eses informes e esas avaliacións é que están aumentando gravisamente e preocupantemente as vítimas nas cidades, nos ambientes urbanos, nos ámbitos urbanos.



Non lle teño que recordar que hai experiencias positivas de gobernos que están afrontando con valentía e con decisión esta cuestión. Aquí non se trata de presumir dos éxitos ou dos resultados; trátase de salvar vidas, de protexer vidas, de defender diante de todo a calidade de vida e a integridade física das persoas, de evitar accidentes, de evitar atropelos con graves consecuencias, de evitar mortes.

Non debemos escatimar esforzos nin medidas, por moi impopulares e criticadas que sexan; sabemos que estas decisións son criticadas e que hai auténticas batallas políticas a respecto desta cuestión. Hoxe teñen que pasar as ambulancias polos badéns, polos pasos de peóns sobreelevados; eu sempre preferirei que pase unha ambulancia cunha certa dificultade ou a unha velocidade baixa a que teña que ir alí un coche fúnebre. Se hai que escoller, desde logo, non hai ningunha dúbida.

Díciolle que os datos de mortes en vías urbanas —loxicamente, non son competencia da Xunta, pero a Xunta si que se pode poñer mans á tarefa dentro do Plan de seguridade viaria para chegar a uns acordos con todas as administracións implicadas nesta materia— pasaron de dezasete en 2014 a trinta e dous en 2017. Isto é estarrecedor, é arrepiante que se estean duplicando as mortes en vías urbanas, en zonas urbanas, que son fundamentalmente —como sabemos— por atropelos. Son principalmente atropelos de peóns, que son a parte máis vulnerábel de toda a cadea da seguridade viaria, como sabemos.

Tamén se están producindo eses atropelos en vías interurbanas; están aumentando as mortes de motoristas —este ano son moi preocupantes estas mortes— e tamén de peóns. As estatísticas que se publican o que din, señora conselleira, é que a maior parte destas mortes se producen en travesías urbanas. Entón, están moi ben, desde logo, estas campañas para os chalecos, que son medidas positivas, ou as campañas de conducción segura para motoristas, pero a realidade é que algo está fallando, porque están aumentando as cifras de mortes destes colectivos. Entón, non chegan esas medidas.

Despois está o tema —que non me vai dar tempo a desenvolver con amplitude— dos accidentes laborais relacionados coa circulación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (Risos.)

A min non me parece que este sexa un tema para rir pero, en fin, alá cadaquén coa súa maneira de comportarse. En fin.

Son, a maior parte dos casos, accidentes en tránsito —como sabemos— e teñen que ver coas condicións de precariedade que sofren os traballadores e as traballadoras.

A realidade, señora conselleira —e hai que falar neste caso de cifras— é que o obxectivo estratéxico fundamental do Plan de seguridade viaria, que é chegar á cifra de trinta e catro mortes por millón de habitantes, está cada vez máis lonxe. Estamos cada vez máis lonxe cos datos de 2018 e 2019 e, desde logo, é practicamente imposible a estas alturas chegar a conseguilo se se manteñen estas tendencias.

Mire: nós vimos aquí facerlle propostas; ademais de preguntas —que lle temos que facer preguntas, que as ten aí por escrito—, queremos facerlle propostas en positivo. En primeiro



lugar, non se pode ocultar este problema, non se pode afrontar desde a rutina, desde que é unha cuestión secundaria; é unha cuestión absolutamente central e prioritaria, e temos que —como dixen antes— facer saltar as alarmas. Cando houbo máis eficacia nas políticas en seguridade viaria foi cando desde os gobernos se chamou a atención e se sacou a luz vermella de que este era un problema social gravísimo. Polo tanto, hai que facer campañas impac-tantes, por exemplo.

Hai que cambiar tamén o discurso, e nós defendemos que se fale de violencia viaria. Por certo, esta é a expresión que defende o colectivo Stop Accidentes. A súa presidenta —como sabemos— acaba de ser recoñecida co premio das Medallas Castelao; sexamos consecuentes, polo tanto, e avancemos tamén nesa dirección. Pensamos sinceramente que expresións que aínda manteñen, como falar de vías rápidas e de corredores, tampouco axuda, ou falar de estradas que perdoan, porque iso o que lles está transmitindo ás persoas que conducen é que hai unha certa garantía de seguridade. Son estradas seguras, son estradas corredores e son estradas que perdoan; se un comete unha infracción ou un erro, a estrada vaino protexer, son como estradas intelixentes.

Segunda cuestión urxente e prioritaria: hai que convocar unha mesa institucional onde es-tean todas as administracións —porque esta é unha competencia compartida das entidades locais, da Xunta e do Estado— para afrontar esta cuestión, e tamén unha mesa social, porque hai moitos colectivos sociais interesados e preocupados que teñen moitas propostas, que tamén lles trasladaron a vostedes e que aínda non tiveron en conta, e podereille falar despois, na segunda intervención, dalgunhas delas.

En terceiro lugar, a medio prazo hai que pensar nun novo plan de seguridade viaria de Galiza. Eu creo que nos temos que poñer xa á tarefa de facer un novo plan, porque este, que está fallando nalgunhas cuestións —porque as cifras din que está fallando—, require unha nova proposta. Está esgotado, está xa na fase final da súa vixencia, e este é o momento de facer coa antelación suficiente un novo plan. Pero nós pensamos que hai que ir ao marco máis amplo e hai que ser máis ambiciosas e ambiciosos: hai que deseñar unha estratexia global integral de mobilidade sustentábel e tamén saudábel e segura, e iso vai máis alá da mobili-dade motorizada por estrada —como sabe—. Ao mellor hai que recuperar algo dese Plan di-rector de mobilidade alternativa que foi gardado nun caixón cando foi aprobado, executado, realizado e pagado polo seu goberno.

E despois, señora conselleira, é moi importante que se fagan actuacións de mellora de in-fraestruturas —vostede supoño que vén falar aquí diso—, pero tamén que se fagan priori-zando as que son máis necesarias: as variantes e as circunvalacións. E tamén sen reparticións partidistas de fondos públicos, porque se imos ao DOG, desde logo, podémolle sacar aquí a tarxeta amarela e a vermella —e non sei se hai algunha cor máis— de todos os convenios que están facendo vostedes por intereses partidistas a gobernos do Partido Popular dos con-cellos. Se quere, léolle os convenios da Axencia Galega de Infraestruturas, que depende de vostede, ou os convenios da Consellería de Medio Ambiente ou do Medio Rural dos últimos meses. Podemos facer un xogo: atope vostede un concello que non sexa do Partido Popular. (*Murmurios.*) ¡É que non hai case ningún! Iso é un escándalo, señora conselleira. Pola tarde falaremos tamén do tema da variante de Carballo.



E, despois, unha cuestión que é fundamental, señora conselleira: as transferencias de competencias. Non pode ser que a DXT veña aquí só recadar. ¿Sabe canto recada o Estado por multas en Galiza? Catrocentos vinte millóns de euros, vinte millóns en radares, só de multas de radares.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: É dicir, veñen aquí chuchar —vampirismo— o sangue, a pasta, o diñeiro —xa non lle falamos da AP-9— e despois, ¿para onde vai ese diñeiro?, ¿onde se inviste? Queremos as competencias de tráfico e seguridade viaria. Por certo, aproveito para preguntar: ¿que foi da lei que aprobou este parlamento para pedir a transferencia das competencias en seguridade viaria?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ¿Cando se vai crear a ponencia? ¿Cando se vai mandar ao Parlamento do Estado?

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Non é...

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas. Terminou o seu tempo, señor Bará. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Mire o reloxo, por favor. Terminou o tempo. Grazas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías.

Señor Bará, súpome a esa lembranza, e permítame algo máis: polas vítimas e polas súas familias seguiremos traballando pola seguridade viaria sen descanso toda esta lexislatura e para sempre; polas vítimas e polas súas familias tamén. *(Aplausos.)*

Xa en concreto sobre a súa pregunta, eu alégrome de que por fin me fagan unha pregunta —e que sexa de seguridade viaria— neste parlamento en cuestións que teñan que ver coa Xunta de Galicia. Porque o certo é que levo tres anos contestando ao BNG nesta cámara e neste parlamento unicamente cuestións que son competencia estatal. Polo tanto, celebro que por fin poidamos falar de algo, ademais, tan serio como a seguridade viaria. Porque o certo é que en tres anos non se acordaron deste asunto para facerme preguntas; é a pri-



meira vez que me preguntan por asuntos da nosa competencia. Eu invítoos a que fagan unha reflexión.

A seguridade viaria é un tema prioritario, por suposto que si. En ocasións xa informei neste parlamento sobre as medidas e sobre o desenvolvemento de actuacións para mellorar a seguridade viaria, e o certo é que non vin especial interese por parte de vostedes. Comparecín nesta propia cámara o ano pasado para falar das medidas e das iniciativas e para falar da seguridade viaria en Galicia nese Plan de seguridade viaria. Daquela eu non lles vin moito interese, e tampouco lles vin interese cando levamos ese Plan 2016-2020, cando remitimos ese documento inicial a esta cámara, porque o certo é que non fixeron ningunha achega nin ningunha proposta a ese Plan de seguridade viaria 2016-2020 que remitimos a esta cámara. Eu dende logo que escoitarei achegas —é así—; escoitarei achegas construtivas, dende logo, moi gustosa.

Permítame tamén lembrar esa iniciativa que presentaron en xaneiro —¡onde vai!—, pese a que lles contestou o director xeral da Axencia Galega de Infraestruturas. Eu encantada de ofrecerlles toda a información que temos e de dicirlles, por suposto, que é prioridade absoluta. (*Murmurios.*) Agora, a min o que me sorprende é que din vostedes que a seguridade viaria debe ser obxecto de máxima atención. Estamos de acordo, pero de máxima atención dende sempre, non dende agora. Deberían de explicar vostedes por que en tres anos é a primeira vez que falamos disto co seu partido.

Cada vítima é un drama que tratamos de evitar. O que tratamos é de traballar para evitar eses dramas e loitar contra esa sinistralidade viaria. Temos esa principal ferramenta, que é o Plan de seguridade viaria 2016-2020. Piden agora un plan que sexa froito do diálogo e din que hai que empezar; eu creo que se contradín vostedes: remitimos o documento inicial aquí, a esta cámara, e non fixeron nin unha achega, nin unha soa, cero propostas.

O certo é que si que contamos coas propostas e coas achegas de moitísimos axentes, de moitísimos colectivos e de moitísimos axentes principais —esas achegas que si que incorporamos— e estamos permanentemente en contacto con moitísimos colectivos e asociacións. As opinións deses colectivos e desas asociacións seguen pesando nas nosas opinións e nas nosas medidas do Plan de seguridade viaria e nas medidas da Xunta de Galicia. Porque estamos a falar dun Plan de seguridade viaria que é un plan vivo, con medidas e actuacións que adaptamos e tamén reforzamos en función das circunstancias, poñendo o acento onde faga falta e onde tamén os colectivos e as asociacións nos din que hai que centrarse.

Temos un obxectivo que é reducir nun cincuenta por cento esas vítimas mortais dende o ano 2011, un obxectivo que vai na liña das directrices do Plan mundial para o decenio de acción para a seguridade viaria 2011-2020. O ano 2018 si que supuxo unha taxa de accidentabilidade superior á do exercicio 2017, e o certo é que non é unha boa nova —por suposto que non é unha boa nova— e estamos preocupados, estamos preocupados por eses datos do ano 2018. O ano 2017 si que foi unha cifra das máis baixas, pero non foron bos os do ano 2018 e non están sendo bos os do ano 2019.

Eu tamén digo —por suposto que si— que cando falamos de seguridade viaria e de falecidos nas estradas falamos de dramas humanos que non entenden nin de competencias nin se



poden reducir a simples cifras, iso é certo. Pero tendo iso moi claro, que non podemos reducir a simples cifras a sinistralidade e os falecidos das nosas estradas, si que lle podo adiantar que no que levamos de ano 2019 as cifras no que son as estradas da titularidade autonómica reducíronse. Pero non podemos ser —nin de broma— alleos á realidade nin nos podemos conformar, dende logo, con estes datos. Temos que seguir traballando, con recursos, con traballos, con medidas e con lealdade pola seguridade viaria, polas vítimas e polas familias.

O certo é que analizamos as causas que concorreron en todos os accidentes de tráfico con falecidos no ano 2018. Tivemos a última xuntanza da Comisión Autonómica da Seguridade Viaria a finais do ano pasado —se non recordo mal— e na propia comisión díxose e apuntábase que había un certo relaxamento no cumprimento das normas de circulación. Eu creo que nos ten que facer reflexionar a todos como sociedade e a nós mesmos: hai que extremar a vixilancia e o cumprimento das normas, non podemos baixar a garda. A nosa actitude dende logo que non só interfere en nós, senón que tamén interfere nos demais, por iso debemos de reflexionar como sociedade e extremar a vixilancia.

Nesas reunións da comisión autonómica, onde estamos moitísimos axentes e moitísimas administracións, puxéronse en común as diferentes causas ou factores concurrentes, que o certo é que, na miña opinión, son preocupantes. En primeiro lugar, esas distraccións: a primeira son as distraccións e a utilización do móbil ao volante, o exceso de velocidade e non levar o cinto de seguridade —case o trinta por cento non tiñan posto o cinto de seguridade—. Tamén os efectos do alcohol ou das drogas son uns datos preocupantes, e tamén inflúe a idade da nosa poboación. Pero eses dous factores que dicía —distraccións co móbil, principalmente, e exceso de velocidade— son preocupantes.

Polo tanto, é necesario e conveniente dar visibilidade ás causas, tomar nota e tomar conciencia. E coincido: hai que chamar a atención sobre esas causas, dende logo, e facer unha reflexión para atallar, por suposto, esa violencia viaria. Eu directamente podo dicir e afirmar que levamos colaborando con Stop Accidentes e coa súa presidenta dende hai moito tempo. As administracións públicas debemos poñer todo ao noso alcance. E tamén nós mesmos —eu a primeira e vostede comigo—, nós os primeiros, como usuarios das estradas, responsabilidade e prudencia ao volante, porque a máxima prudencia nunca sobra.

Non significa, en calquera caso, que non fixeramos nada no Goberno galego. Eu creo que somos a administración —podo dicir— que máis nos preocupamos; preocupámonos moito por este asunto e traballamos dende hai anos con medidas e con iniciativas, reforzando sobre todo a infraestrutura, que é onde temos máis competencias directas: a conservación das estradas; ese Plan de viabilidade invernal; o Plan de reforzos de firme; o Plan de sendas, que é unha mobilidade alternativa e que estamos a executar, con sendas útiles, seguras e cómodas —sobre todo seguras—; esa estratexia de eliminación de todos os treitos de concentración de accidentes nas estradas nas que temos competencia, que son de titularidade da Xunta de Galicia, esa eliminación de todos os puntos negros nesta lexislatura; ou a eliminación dos obstáculos nas estradas, esas estradas que perdoan. E permítame dicirlle que é un concepto técnico internacional, porque son estradas que che dan unha segunda oportunidade. En actuacións específicas tamén de seguridade viaria podemos falar de moitas: en concreto, un exemplo pode ser Seixalbo, en Ourense, ou Curtis. Novas infraestruturas tamén fixemos e estamos culminando, como a autovía do Morrazo.



Pero tamén son necesarias outro tipo de iniciativas de concienciación e educación, importantísimas, para pensar en algo prioritario que temos que ter presentes todas as administracións e todos nós, que son eses usuarios ou usuarias vulnerábeis nas nosas estradas, que son os peóns, os ciclistas e tamén os motoristas, pero sobre todo os nosos peóns: esa campaña de concienciación do metro e medio que puxemos en marcha coa colaboración continua da Federación Galega de Ciclismo para fomentar ese respecto e esa convivencia cos diferentes usuarios das estradas; a campaña fronte ás distraccións, por suposto que si, na que volvemos insistir e volveremos insistir, porque é unha das causas máis frecuentes; distribuír elementos reflectantes, porque é importante facerse ver nas nosas estradas; promover cursos de condución segura; esa campaña para os nosos nenos, para os nosos cativos —porque o que se aprende de pequeno non se esquece nunca—, «O corazón está no teu lado», para educar aos nosos rapaces, colaborando coa DXT e coa Garda Civil; e tamén intensificar e traballar nesas rutas ciclistas protexidas, máis de doce treitos das estradas que identificamos dende a Xunta de Galicia. Este mesmo ano estamos ultimando o proxecto para sinalizar as estradas usadas frecuentemente por ciclistas, esas rutas, cun investimento da Xunta de Galicia de douscentos mil euros para licitar e executalas este mesmo ano. E tamén temos unha proposta de colaboración que lle propuxemos ao Estado, porque queremos que o Estado faga tamén o mesmo que estamos a facer nós nas estradas da súa titularidade.

En definitiva, un plan vivo en materia de seguridade viaria que seguimos reforzando no noso día a día.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, o BNG veu aquí propoñerlle un acordo, un acordo de país, de todas as forzas políticas e de todos os colectivos sociais, e a súa resposta é que non nos interesa este asunto. Parécenos lamentábel que diga isto cando é unha cuestión que dixemos que ten a máxima transcendencia, que nos debe preocupar a todo o mundo e que temos que poñer todos da nosa parte para buscar solucións.

Vostede sabe perfectamente que nesta lexislatura desde o primeiro día, e no meu caso particular, desde que tiver unha intervención na Comisión 2ª, este foi un tema prioritario e recorrente, e tamén no pleno. E hoxe pola tarde ímoslle preguntar tamén sobre a variante de Carballo, que ten que ver con esta cuestión. Non pode dicir que o BNG non converteu esta cuestión nun asunto absolutamente prioritario.

Pero é que, ademais, podemos dicir que predicamos co exemplo, señora conselleira. Vostede sabe perfectamente que onde o BNG ten responsabilidades de goberno nas administracións, por exemplo, no Concello de Pontevedra ou, por exemplo, na Deputación de Pontevedra, esta é unha cuestión absolutamente central e prioritaria, e estas administracións están sendo recoñecidas polos seus bos resultados nesta materia. Xa lle teño dito aquí noutros debates que se salvaron moitas vidas nos últimos anos, porque a cifra de mortes en Pontevedra anual



era de oito, de dez ou de doce persoas nas vías urbanas, e nos últimos dez anos non houbo ningunha morte. Algo se estará facendo ben e algo se poderá tamén exportar a outros concellos, que poderán tamén salvar vidas con esas medidas. Non é unha cuestión baladí, señora conselleira, é unha cuestión de moitísimas transcendencia.

Mire: unha das cuestións principais aquí é a velocidade, o calmado de tráfico, as medidas eficaces de calmado de tráfico e de protección das persoas usuarias máis vulnerábeis das vías, e iso require actuacións físicas. Os datos dos últimos meses din que o corenta e cinco por cento das mortes foron motoristas e peóns. Isto é, desde logo, unha alarma que nos debe chamar a actuar.

Señora conselleira, aquí fixémoslle propostas concretas: pedímoslle un acordo e unha mesa de negociación e de diálogo entre todas as administracións; teñen que estar as entidades locais, a Xunta e o Goberno do Estado. Porque vostede leunos aquí unha retahíla de actuacións que están facendo, e algo está fallando se non se conseguen mellores resultados. Porque eu xa llo dixen aquí: con esta tendencia non se cumpre o obxectivo que vostedes plantexaron para o 2020, estámonos afastando; no 2017 estivemos a quince puntos dos trinta e catro e agora estamos practicamente a trinta, nos datos de 2018 e 2019.

Hai tamén propostas que lle fixeron desde as entidades sociais, que lle traio aquí tamén para pedirlle a súa opinión. Primeiro: propuxeron facer unha auditoría de toda a rede viaria autonómica. ¿Están dispostos a facer esta auditoría de seguridade viaria? Non nos novos proxectos, en toda a rede viaria. Segundo: vostedes suprimiron o Noitebús —como é sabido—, que era unha medida para buscar máis seguridade viaria nos desprazamentos nocturnos da xente nova. ¿Podemos recuperar o Noitebús? Ou, se non, nós facémoslle outra proposta mellor aínda: ¿por que non establecemos o transporte á demanda para estes usos nocturnos? Que ademais non ten por que ser un autobús de liña, pode ser outra solución como o taxi ou como vehículos máis pequenos. Tamén os colectivos da bicicleta fixeron propostas concretas que están aí, tamén, recollidas nos seus documentos, e que non están atendendo.

Quero que me diga, a respecto do que lle preguntei sobre as competencias, que pensan facer ao respecto. Non é unha pregunta a vostede como conselleira, é ao Grupo Popular neste parlamento: ¿van tramitar esa lei que aprobou esta cámara por unanimidade? E tamén, ¿van desenvolver, de paso, a Lei de policía galega para que teñamos unha Policía galega integral que tamén interveña en materia de tráfico e seguridade viaria? Xa por non pedir —que tamén se pode pedir— a transferencia de toda a rede viaria do Estado, que nos permitiría actuar de maneira máis integral.

Deixo para o final o tema do partidismo, porque isto realmente é indefendible; non o podemos consentir. Hoxe mesmo sae na prensa que vostede e a conselleira de Medio Ambiente están negociando co señor candidato de Castrelo de Miño levar a cabo o Plan Hurbe se el é alcalde deste concello. *(A señora Vázquez Mourelle pronuncia palabras que non se perciben.)* Ben, desmíntao aquí, porque sae hoxe publicado na prensa. Pero é que lle digo máis: vostedes na PO-308 asinaron un convenio para urbanizar unha rúa de Sanxenxo por 2,5 millóns de euros, poñendo o setenta por cento a consellería; o Concello de Poio pediulle o mesmo na travesía da Barca e non teñen resposta. Hai unha carta que lle mandaron en outubro do ano pasado, señora conselleira; téñoa aí, se quere unha copia.



Nos convenios publicados pola Axencia Galega de Infraestruturas do primeiro trimestre, dígame cal destes concellos non é do Partido Popular, se os coñece: Abegondo, Lousame, Carral, Coirós, O Páramo, Vilalba, A Gudiña, Ourense, Beariz, Larouco, Cerdedo-Cotobade, Salvaterra de Miño. Pódolle ler tamén os convenios de Medio Ambiente: Concello de Ourense, Concello de Melide...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...Concello de Baltar, Concello de Maceda, Vilardevós, A Bola, Baiona, Mañón, Padrón, Mondoñedo, A Cañiza, Vilasantar... Teño tamén aquí —que son máis— os do Medio Rural; é un suma e segue. Pode que haxa algún, non sei, non me molestei en miralos todos, pero desde logo... Ás veces poñen algún para disimular, pero aquí nin disimulan.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: Como había eleccións había que meter cartos a esgalla con obras de urbanización, de mellora da rede viaria, de humanizacións...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará. Terminou o seu tempo.

O señor BARÁ TORRES: ...feitas pola Xunta de Galiza en concellos do Partido Popular.

Así non.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Bará, xa lle tendemos a man cando lle remitimos ao Parlamento o propio Plan de seguridade viaria, e xa lle tendemos a man tamén cando comparecín neste parlamento para falar de seguridade viaria. Como digo, é un plan vivo e pode facer aportacións cando tamén considere. Pero levamos tendéndolle a man neste asunto dende hai moito tempo.

Non se equivoque: facemos auditorías das nosas estradas permanentemente cos propios técnicos de conservación. E permítame engadir: non só hai que facer auditorías das estradas titularidade da Xunta de Galicia; eu creo que debe de saber vostede que hai estradas en Galicia de moitas competencias. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, pensei que pensaba que todas as estradas eran da Xunta de Galicia, porque como temos as competencias absolutamente de todo segundo vostede... Pero as auditorías facémolas eu diría que diariamente, porque así o consideramos oportuno.



E tamén lle digo: está desactualizado; non son conselleira de Medio Ambiente, dos convenios do Plan Hurbe. Eu vin falar aquí de seguridade viaria, non de urbanización, de temas urbanísticos e de convenios urbanísticos que fai a conselleira de Medio Ambiente, que xa non son eu. Actualícese un pouco, porque non levo os convenios do Plan Hurbe.

Vimos aquí falar dun asunto moi serio, un asunto que o certo é que é serio. A nosa obriga é ser responsables; queremos ser responsables e seguir sendo responsables buscando solucións. Vendo os acontecementos, dende logo, queremos traballar e temos que traballar para que non volvan acontecer.

Eu non quería entrar en tantos detalles como me di vostede, pero case que me obriga a entrar en detalles, porque o asunto que me traslada aquí, na súa segunda intervención, o certo é que o lamento. Venme aquí traer un convenio concreto con Sanxenxo. Eu dígolle unha cousa: se o Concello de Poio tomase en serio —pero en serio, e dígollo de verdade— a seguridade viaria, estaríamos falando doutra cousa, porque estamos investindo na estrada PO-308 —das máis complicadas de Galicia— dezasete millóns de euros para facer esa mobilidade alternativa que tanto di vostede que non hai. Si que a hai, pero no terreo; non en papeis, xa no territorio, no terreo e executadas. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

Permítame falar, por favor.

Dezasete millóns de euros na estrada PO-308 e máis de catro na propia PO-308 en Poio, e estámolo a facer a pesar dos atrancos do propio Concello de Poio. Eu podo mandarlle as últimas cartas que lle mandan os responsables do Concello de Poio ao meu director da Axencia Galega de Infraestruturas, que non teñen nome esas cartas que lle mandan. É unha falta de respecto despois de todo o que estamos a facer na estrada PO-308 dentro das nosas competencias, que son executar esas sendas cómodas, seguras e, sobre todo, útiles; útiles e seguras. Dezasete millóns de euros na estrada PO-308; se o Concello de Poio tivese máis interese, entregaría un proxecto concreto coa súa necesidade concreta, como fixo o Concello de Sanxenxo, porque o Concello de Sanxenxo implicouse de forma seria entregando un proxecto. *(Murmurios.)*

Señorías, eu estou facendo propostas e falando da realidade. Non sei por que lles molesta falar de seguridade viaria e falar de dezasete millóns de euros na estrada PO-308, que está toda cosida con sendas útiles e, sobre todo, seguras; toda a estrada PO-308 da Xunta de Galicia. Gustaríame que o resto das administracións estivesen a facer o mesmo que estamos facendo nós en materia de sendas peonís cómodas e, sobre todo, seguras e útiles. En calquera caso, eu pido sensibilidade e responsabilidade; nós estámolo a aplicar.

Fálame do Noitebús e de transporte público: señoría, que o Concello de Pontevedra poña transporte público e así, cando prediquen vostedes co exemplo, seguiremos falando. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿O Concello de Pontevedra ten transporte público? Non. ¿Ten transporte urbano? Non. ¿Está obrigado por lei? Si. ¿Pono? Non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois, polo tanto, cando falemos de transporte público, gustaríame que me trouxese hoxe unha boa noticia e dicir que por fin o Concello de Pontevedra vai implantar un transporte público para apostar pola seguridade viaria e que



por fin vai cumprir a lei en materia de transporte público. O transporte público tróuxoo vos-
tede aquí, non o trouxen eu.

Pero, en calquera caso, vimos falar de seguridade viaria, porque é do que queremos falar e é
do que creo que debemos falar. Estamos a falar dunha accidentalidade na que a taxa de in-
cidencia en materia da vía —no que é o estado da vía— é moi baixa: o un por cento. Non o
digo eu, dío a propia DXT.

Nós estamos con orzamentos, con investimentos, con ese Plan de reforzos de firme —es-
tamos a falar de investimentos que superan os setenta e cinco millóns de euros—; con esa
estratexia de eliminación de todos os puntos negros que queremos eliminar nesta legisla-
tura; coas sendas, que levamos construídos cen quilómetros e queremos chegar aos cento
setenta quilómetros nesta lexislatura; con ese plan específico de obras de paso, que quere-
mos estender a muros e noiros, e intensificando o traballo con novas medidas e con ese
grande esforzo. Pedimos tamén colaboración, por exemplo, ao Estado, con ese protocolo
que lle trasladamos ao Goberno de España na Comisión de Seguridade Viaria, para pedirlle
o mesmo que estamos facendo nós; non pedimos ao Estado, nas estradas do Estado, máis
do que estamos a facer.

Polo tanto, implicación, compromiso e, señorías, dende logo, prudencia, porque somos nós
os primeiros que temos que dar exemplo.

Pola miña parte, nada máis. Estou aberta, por suposto, a todos os pactos posibles pola se-
guridade viaria.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co fenómeno social da soidade non desexada

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día de novo. Bo día, señora conselleira.

Aproximadamente cento vinte e cinco mil ou cento trinta mil galegos maiores de se-
senta e cinco anos viven sós, o dobre se tomamos todas as cidades. Pero, dende o noso
punto de vista, a pesar de que a soidade non desexada é, evidentemente, unha circuns-
tancia necesaria de afrontar, é especialmente preocupante —ou polo menos así o con-
sideramos nós— para as administracións públicas no caso dos maiores, neste caso
—por tomar ese dato— dos sesenta e cinco anos: aproximadamente cento trinta mil
maiores.



Vostede seguro que coñece a mesma escena que probablemente case todos nós coñecemos ou recoñecemos sen problema: convivir ou estar preto dalgunha persoa que normalmente vive soa ou que, aínda que un non saiba que vive soa, detecta facilmente. Porque normalmente falan moito, teñen a vontade de falar, falan e ás veces sacan conversacións da nada, de calquera cousa, e nunca acaba a conversación, e un ten a sensación de que —se non é consciente da realidade na que está— lle están falando de calquera cousa. E a sensación é normal, porque recentemente un estudo en Gran Bretaña apuntaba que douscentos mil maiores de sesenta e cinco anos en Gran Bretaña pasan, polo menos, un mes seguido sen falar cun amigo ou cun familiar. Aos que nos gusta falar non saberíamos pasar nin un día enteiro, pero un mes enteiro sen falar cun familiar ou cun amigo.

Danse situacións —vostede seguro que as le con preocupación, como calquera dos que as vemos— de persoas maiores que sofren un accidente caseiro ou que teñen unha doenza e que se tarda moitísimos días en ser detectadas. Xa saben, non é cuestión de entrar nestas reflexións tan profundas que moitas veces facemos, pero vivimos demasiado acelerados e non somos quen de entender que, ás veces, hai outras velocidades nesta vida, e non atendemos moitas veces cando se nos pasan os días de visitar ou de preguntar, unicamente de preguntar.

Esta é unha realidade que afecta persoas que, ademais, teñen unha dificultade vital maior: teñen máis problemas de mobilidade. Temos unha poboación bastante dispersa e moitas persoas maiores teñen dificultades ou cóstalles saír do contorno no que creceron e no que viven; polo tanto, incluso aínda que fillos ou familiares queiran facelos acompañar nas cidades, tamén é extraelos do seu núcleo vital, e iso é moi duro tamén persoalmente. É difícil compaxinar esa vivencia na que moitas veces os fillos están na cidade e os maiores están nas vilas ou nos pobos e queda unha distancia que, ao final, se vai salvando dificultosamente.

Esas persoas, froito dese envellecemento da poboación e froito da dispersión da nosa poboación, comezan a vivir illadas, porque as súas relacións sociais empezan a ser menores, porque teñen máis dificultades para saír da casa, porque teñen menos ganas... Moitas veces son casos de persoas viúvas e, polo tanto, pasan por procesos emocionais máis difíciles. Todo o contexto leva estas persoas a ter unha situación persoal moi difícil.

Esta é unha realidade que afecta, evidentemente, poboacións —como lle pode pasar a Galicia— onde esa poboación dispersa e envellecida provoca esta situación. É certo que non é este un caso onde Galicia teña máis presenza numericamente ou estatisticamente que outros lugares —vostede coñece—, e é certo que, probablemente por unha cuestión de carácter ou socialmente, non temos esa dificultade ou ese impedimento que teñen outras culturas; somos latinos e, polo tanto, temos unha valoración maior das relacións sociais. Si ocorre moito máis noutros países, pero non deixa de ocorrer nunha medida importante tamén no noso.

Gran Bretaña, recentemente, acaba de darlle unha dimensión bastante ampla a este problema e creou o coñecido como Ministerio da Soidade, adicado basicamente a esta estrutura. Hai outras medidas noutros países europeos punteiros nas que propoñen ou traballan para minorar esta repercusión. ¿Porque? Primeiro, por unha cuestión moral: son os nosos maiores



e, polo tanto, non é unicamente unha cuestión de respecto, senón que somos porque foron e, polo tanto, é unha cuestión de débeda. Pero porque é unha parte importantísima da nosa poboación e estamos abandonándoa ás veces, e creo que todos, en parte, temos unha parte de responsabilidade sobre iso. En Gran Bretaña —como digo— teñen esas medidas. Hai outras destinadas a crear redes de axuda, algunhas certamente enxeñosas na propia Gran Bretaña; tamén en Francia, onde se apoian no sistema de carteiros, no sistema postal.

Os carteiros son moitas veces coñecedores dunha realidade que non é fácil para outras profesións, pois a súa profesión é tocar nas portas de moita xente, e coñecen como ninguén a realidade de moitas poboacións. Dificilmente algunha profesión coñece tanto —pensando en Galicia— todos os recunchos de Galicia como os carteiros e as carteiros, é sorprendente. Hai moitas poboacións onde o persoal que está na farmacia ten esa relación e coñece dunha maneira moi directa.

A verdade e que é útil pensar que temos moitas redes que non utilizamos, e hai maneiras de utilizalas: en Gran Bretaña consideran isto un problema de Estado e os carteiros están traballando nisto; en Francia tamén é un problema de Estado pero hai que pagar —todo ten modelos ideolóxicos—, non hai que pagar especialmente moito, pero hai que pagar, e é pagar para que un carteiro vaia visitar os teus familiares e para que che diga como están. Aínda así, son medidas que sería interesante avaliar. Non coñecemos realmente que en Galicia existan medidas innovadoras neste sentido. Cremos que hai un certo estancamento; probablemente si un recoñecemento da realidade, pero máis alá de recoñecela, nada.

Na administración hai algunhas cuestións que si se poderían ter feito e algunhas que se poden facer. Das que se poderían ter feito, deste o noso punto de vista, estamos nunha posición tibia, por ser condescendentes; tibia no sentido de que hai datos demoledores: en dez anos de Goberno Feijóo, prazas de residencia pública, de xestión directa pública hai cero. Por tanto, é moi difícil asumir que o sistema público está defendendo que os nosos maiores poidan ter algunhas solucións. É certo que esa non é unha solución que os deixe estar na súa casa, pero deberían ter esa oportunidade, e de xestión directa pública hai cero; hai algunhas prazas construídas para que as xestionen algunhas empresas. Non é o motivo desta interpelación, pero vostede sabe cal é a nosa opinión desas empresas e seguramente daría para moitísimo debate. Pero esa é a realidade: cero xestión pública nese sentido.

Existiu nalgún momento algún proxecto, ou anunciouse, polo menos —non sendo vostede conselleira, senón que me remito a anteriormente—, algún proxecto de vivendas interxeracionais, un bo proxecto. Un bo proxecto que naceu con certo éxito en Alicante e que se estendeu en cidades como Madrid ou Barcelona. Son proxectos cos que agora non se sabe que vai pasar en Madrid, porque nesta última lexislatura en Madrid este foi un gran proxecto social. Non sabemos que vai pasar agora en Madrid con este tipo de proxectos sociais, aínda que esperamos que non os manden tamén ao xardín do Retiro, como queren facer con algunhas cousas. Pero, en todo caso, son proxectos interesantes que nacen —si— nos contornos urbanos, pero que permiten que as sociedades se autoxestionen. As sociedades xestionáanse a si mesmas moito mellor que o mercado, xa sabe que isto sempre é máis complexo.

Pero existiron eses proxectos aquí, existiu algún anuncio; algunha conselleira anunciou bastantes veces algún proxecto neste sentido, pero foron proxectos fallidos no sentido de que



non existe xa non digo ningún éxito, senón que non existiron máis noticias sobre o asunto. De feito, a realidade é que esas vivendas interxeracionais ou eses edificios interxeracionais nunca chegaron a exercer como tal e convertéronse nun espazo baleiro legalmente no que non se sabe moi ben se hai que persistir nesa idea ou se hai que destinalos a outra función. Non exitoso, deixémolo aí.

Temos os servizos sociais municipais normalmente infradotados polas organizacións superiores, e non me paro en cores políticas; normalmente infradotados. Si teñen cada vez máis traballo e si teñen menos fondos e menos contribución das asociacións superiores dos que merecen, e, ao final, ás veces tamén dá a sensación de que non somos conscientes do traballo que fan. Non poden facer todo, pero probablemente son a rede que está mantendo a coherencia social e a consistencia social do noso país.

En xeral, vemos que a administración non fixo máis que preocuparse, que non é pouca cousa, pero non é suficiente. Polo tanto, nós cremos que non existe unha política, ata o de agora, destinada claramente a este problema da soidade; repito: entre cento vinte e cinco mil e cento trinta mil maiores que viven sós sen querelo. Decía Bécquer: a soidade está moi ben se hai alguén a quen contarllo. Necesitamos atender persoas que viven soas sen querelo e que, polo tanto, cando non queren, iso produce un efecto emocional moito peor; son os nosos maiores e son as persoas ás que lles debemos tanto.

Polo tanto, queremos preguntar cal é a súa posición ao respecto, que nivel de incidencia analizaron vostedes que pode ter en Galicia, que medidas cren que deben tomarse e se cren que deben de afrontar algunha, se teñen un cómputo real máis alá destas estimacións que se fan a través de estudos non oficiais — institucións e centros de investigación consolidados, pero institutos non oficiais e datos non oficiais ata o momento—, e cales serán as medidas que aínda cren poder levar a cabo neste ano de lexislatura, aínda que a lexislatura, de facto, practicamente está case terminada do apagón lexislativo e a inercia cero da política que leva este goberno, pero se cren que hai algunha cousa que facer.

Sobre esta cuestión preguntámoslle coa vontade de saber se podemos analizar este problema dende unha perspectiva común e se somos quen de darlle a dimensión que nós cremos que merece e que ata o de agora, máis alá de declaracións públicas, vemos que non se está tomando.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta da conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señor presidente, deputadas e deputados, señor Torrado, moi boas tardes a todos.

Non podemos pechar os ollos ante os moitos e profundos cambios que se produciron nos últimos anos na nosa sociedade: incrementou a esperanza de vida de xeito que agora temos moitos máis anos para vivir despois da xubilación, a poboación foise movendo cada vez máis



dende o rural ata as cidades e a natalidade hai que recoñecer que foi diminuindo de xeito que cada vez as familias deciden ter menos fillos. Non é momento de debater en profundidade se eses cambios contribuíron a facer unha Galicia mellor ou unha Galicia peor. O certo é que a Galicia de hoxe é diferente á de hai cincuenta anos, e é necesario que as institucións públicas respondan a estas novas demandas.

Segundo os datos correspondentes ao ano 2017 publicados polo INE, en Galicia máis de cento dezasete mil persoas maiores de sesenta e cinco anos viven soas. Eu asegúrolle, señor Torrado, que na Xunta de Galicia temos moi presente esta cifra cada minuto. Preocúpanos e preocúpanos moito que haxa persoas maiores que viven soas sen elas desexalo, e, por iso, dende a Consellería de Política Social e a Consellería de Sanidade traballamos para minimizar os efectos deste fenómeno sobre o que vostede me pregunta hoxe.

A loita contra a soidade vai aparellada necesariamente ao que chamamos envellecemento activo, un ámbito no que se fixeron grandes avances no último ano. Hoxe en día hai vida, e moita, despois da xubilación: hai xubilados deportistas, hai xubilados que viaxan, hai moitos xubilados que coidan dos seus netos e que coidan das súas leiras, e mesmo hai tamén moitos xubilados que fan varias destas cousas á vez.

O traballo das administracións debe centrarse en darlles ás persoas maiores alternativas ao seu tempo libre, dende o ocio ata a acción voluntaria. Neste ano 2019 arrancará o voluntariado sénior, un programa pioneiro para fomentar que as persoas maiores de cincuenta e cinco anos se incorporen ao voluntariado nos campos que a elas lles interesen: a promoción do Camiño de Santiago e do Xacobeo 2021, a recuperación da cultura, arte e tradicións populares galegas e a posta tamén en valor dos seus coñecementos e da súa experiencia de vida.

Paralelamente, tamén continuamos con programas que xa teñen unha ampla traxectoria e dos que desfrutan e se benefician moitos dos nosos maiores galegos: Benestar en balnearios e talasos, que pon máis de mil prazas ao longo de toda Galicia á disposición dos nosos maiores, ou o programa Xuntos polo Nadal, que congrega cada ano duascenas sesenta persoas maiores que nas residencias de tempo libre de Panxón e do Carballiño pasan estas datas tan especiais, para non pasalas elas soas nas súas casas.

Ademais, as persoas maiores que viven soas e necesitan tamén o apoio contan con programas que atenden as súas necesidades: no ano 2018 puxemos en marcha o programa Acompañó, un programa de voluntariado dirixido ás persoas maiores para solventar esa necesidade que teñen —como vostede ben dicía— de compañía e tamén para atender as persoas maiores que son autónomas, persoas maiores de sesenta e cinco anos que voluntariamente deciden vivir soas nos seus fogares. Neste primeiro ano, participaron no programa Acompañó corenta e cinco persoas que estiveron dispostas a que unha persoa voluntaria as acompañase no seu propio fogar.

Para garantir que as persoas maiores contan cada día cunha comida sa e unha comida equilibrada na súa mesa, a Xunta de Galicia pon á disposición dos concellos o programa Xantar na casa. Trátase, por suposto, dun programa moi exitoso que imos reforzando ao longo destes dez anos, que levamos reforzando de xeito que hoxe o Xantar na casa serve máis de corenta mil comidas ao



mes para mil trescentos usuarios en cento sesenta e nove concellos de toda Galicia. É un orgullo para min anunciar hoxe que nas vindeiras semanas se van incorporar a este servizo de xantar na casa outros seis concellos de toda a nosa xeografía galega: os concellos de Moeche, de San Sadurniño, de Miño, de Foz, de Vilamartín de Valdeorras e tamén a miña terra natal, Ribeira.

Por suposto, non se pode falar de atención a domicilio das persoas maiores sen referirnos ao servizo de axuda no fogar, un programa no que Galicia é referencia en toda España. Neste ano a Xunta de Galicia inviste neste programa de servizo de axuda no fogar máis de setenta e cinco millóns de euros para consolidar un dos servizos máis demandados e mellor valorados polos nosos maiores, porque de xeito moi maioritario eles desexan e queren ser atendidos na súa propia casa. En toda Galicia hai vinte e catro mil persoas que reciben este servizo de axuda no fogar, unha de cada tres persoas dependentes atendidas. A excelente valoración que recibimos anímanos a seguir adiante cada día, a reforzalo e a impulsalo aínda máis.

Por outra parte, a Xunta de Galicia pon tamén a tecnoloxía ao servizo das nosas persoas maiores que viven soas co Programa de teleasistencia, un programa que xestiona a Cruz Vermella. Imos comezar a cambiar todos os dispositivos de teleasistencia básica en teleasistencia avanzada para os nosos maiores que viven sós e que queren este servizo de teleasistencia, para que sexa completo e teñan na súa casa distintos detectores para que nada lles poida pasar e que ninguén se entere.

Como dicía, vostede, señor Torrado, fixo tamén alusión ás vivendas interxeracionais, e eu por suposto que estou moi de acordo coa súa necesidade. O que sucede é que aquí, en Galicia, ata hai uns meses non existía un paraugas normativo que permitise a posta en marcha deste tipo de vivendas, e foi a Xunta de Galicia a que hai uns meses fixo un desenvolvemento normativo e creou a figura do *cohousing* para que estas vivendas comunitarias ou estas vivendas interxeracionais poidan ser unha realidade aquí, en Galicia.

Eu tampouco me esquezo, señor Torrado, do programa Convive, de acollemento familiar das persoas maiores. A través deste programa Convive, persoas maiores ou persoas con discapacidade intégranse no seo doutra familia que poida atender mellor as súas necesidades propias da idade ou tamén atender e coidar as persoas cun grao de dependencia. Trátase dun programa que ten quince anos de vida e que no ano pasado atendeu a cento dez persoas maiores e con discapacidade. Como outros moitos programas que lle veño debullar hoxe aquí, o Convive é unha iniciativa interesante que xa está á disposición de todas as persoas que desexen contar con ela.

En definitiva, señoría, toda a información que hoxe lle acabo de dar pon de manifesto o firme compromiso da Xunta de Galicia e deste goberno cos nosos tan queridos maiores, pero con isto non quero, por suposto, dar a entender que xa estea todo feito. Temos máis recursos que nunca para atender as nosas persoas maiores, para atender as nosas persoas maiores que están en situación de dependencia e, especialmente, para aquelas que viven soas e que así deciden facelo; pero aínda, por suposto, queda moito camiño por percorrer, e eu confío en que poidamos facelo xuntos.

Somos plenamente conscientes de que non só hai que buscar o benestar físico das persoas maiores, senón que temos que ir moito máis alá, cubrindo as súas necesidades psíquicas, de calidade



emocional e tamén de relacións persoais. Só así conseguiremos que todos os galegos e todas as galegas dispoñan de recursos e de servizos para facerse maiores de xeito activo e de xeito saudable e, moi especialmente, para facerse maiores como e onde eles libremente desexen.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Compartimos algunhas cousas, señora conselleira, e discrepamos nalgunha outra, pero creo que racionalmente. É certo o que di vostede: nin é o obxecto do debate nin sequera sería fácil ditaminar se a Galicia de hoxe nalgunhas cousas é mellor; se a mobilidade do urbano ao rural ou do rural ao urbano, ou se o aumento da esperanza de vida —que si, que evidentemente é un dato positivo—, se iso nos fai mellores ou peores conforme algúns problemas. É certo: é diferente.

Tamén algunhas cuestións si que son necesarias de puntualizar con respecto a esta cuestión: é certo que existiu mobilidade do rural cara ás urbes, pero non especialmente no caso das persoas maiores; digamos que son o grupo de idade que menor mobilidade produce, como é natural tamén, polas circunstancias obvias.

Vostede anuncia, propón e defende algunhas medidas ou algunhas actuacións que levan dende o Goberno da Xunta; eu véxolle un problema xeral a esa análise e algún particular. O problema xeral: plantexa vostede moitas das iniciativas ou moitas das liñas que actúan sobre persoas que son proactivas na busca de ocupar o seu tempo, de entender a necesidade de envellecemento activo e de estar máis activas incluso fisicamente, que ás veces o necesitan tamén para levar a cabo algúns deses programas, pero é moi difícil ou máis complicado para algún tipo de persoas deste colectivo grande do que estamos a falar.

Vostede falaba de cento dezasete mil e nós de case cento trinta mil; ben, máis ou menos aproximamos. Fíxese que nun dos exemplos non existe un dato concreto; vostede cita os datos do INE, pero non hai un dato concreto da Xunta de Galicia, e estaría ben ter algunha posibilidade de aproximarse mellor. Pero ben, ese é un tema menor.

Vostede cita cuestións que teñen que ver coa proactividade desas persoas. Están ben os programas de balneario e talaso, pero non é esa a esencia do que nós defendemos como necesidade de afrontar os problemas da soidade non desexada. Ou o programa Acompañó: corenta e cinco persoas; está ben, pero non vai á esencia do que nós plantexamos. Porque vostede dicía: hai xubilados activos; si, pero ¿e os que non? ¡Que son unha boa medida deles! Hai moitísimas persoas non activas que, precisamente por iso, necesitan unha atención maior e un esforzo amplo.

Nós o que dicimos é que necesitamos afrontalo de verdade e con total decisión, e agora mesmo vemos tibias decisións. A tibieza para nós está aí, en que vostedes afrontan —con



maior ou menor acerto, non é obxecto desta interpelación— as cuestións relativas á xubilación activa. Persoalmente, creo que programas que teñen corenta e cinco persoas durante un ano necesitan unha revisión, pero, en todo caso, é necesario recoñecer algunhas cuestións, e hai programas nese sentido. ¿Pero que pasa con aqueles que non son tan activos, normalmente alonxados máis da vida urbana, que existen en moita medida?

Vostede citaba tamén —e permítame que me pare un momento nisto— as vivendas interxeracionais e o *cohousing*, e, como non podía ser doutra maneira, o Goberno da Xunta é o principio de todas as cousas: non había amparo normativo e agora haino. Non é tan sinxelo como iso, non compartimos esa análise; é facer un edificio, logo un pode darlle os contidos e a análise. Vostede di: non había amparo normativo e nós iniciamos eses programas; ben, hai dez anos que se inician en Alicante os programas de vivenda interxeracional, é facer un edificio. E o *cohousing* está en Málaga, en Madrid ou en Barcelona dende hai moito tempo.

Non todo comezou con Alberto Núñez Feijóo, non todo; o mundo non empezou aí, o big-bang non foi produto del, non é Stephen Hawking, hai algunhas cousas que xa se facían. Fíxese: algunhas cousas fainas ben —poucas—, pero non empezou todo. Non é necesario que vostedes asuman sempre que, cada cousa que fan, antes non se facía e chegaron á Xunta e fixérona; tampouco é así, facíanse estes programas.

Vostedes aquí iniciaron ou intentaron iniciar algún, pero —recoñezámolo— fallido. A idea é boa, por suposto, e nós cremos que esa intención é boa, pero fallidos, como o programa das Telleiras: fallido.

En realidade, cremos que houbo unha intención de dicir —como dixo vostede, que o anotei literalmente—: na Xunta temos moi presente esta cifra e preocúpanos. Ben, pois agora a ver se facemos algo sobre todos aqueles que non teñen ese envellecemento activo tan presente e que o necesitan, eses programas que pretenden ir a aqueles que non veñen e a aqueles aos que hai que ir; a esa realidade hai que achegarse.

O programa Telea está ben en sanidade —xa me escoitaría moitas veces discutilo co conse lleiro de Sanidade—, pero en Castrelo de Miño ou en Pedrafita, onde é moi difícil ter cobertura incluso de datos, é moi difícil ter un programa de asistencia para que unha persoa de oitenta e cinco anos utilice unha aplicación dun móbil onde non ten nin sequera conexión á internet.

Hai outros métodos que é necesario practicar ou utilizar; non fáciles por suposto, non fáciles, pero non podemos quedarnos lanzando programas e esperando que veñan a eles, porque hai moitos colectivos que non están nesa dinámica, especialmente os nosos maiores. E niso cremos que é posible facer algún esforzo máis do que se está facendo, recoñecendo —e estamos seguros— que son conscientes deste problema e que teñen a vontade de resolvelo, pero cremos que ata o de agora foi certamente tibio.

A ver se somos capaces, a través da interpelación e da próxima moción, de chegar a algún acordo —creo que é posible— para ver algún avance nestas cuestións.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Peche da interpelación, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señor presidente. Señorías.

Señor Torrado, na miña primeira intervención tiven ocasión de enumerarlle os diferentes recursos que o Goberno galego pon á disposición das persoas maiores para mitigar os efectos negativos da soidade. Con isto xa lle dixen que non quero nunca dar a entender que xa estea todo feito, xa que damos resposta á problemática, pero tampouco imos baixar a garda.

Considero que nos atopamos ante unha nova realidade, froito dunha sociedade cambiante, que require necesariamente tamén unha resposta conxunta de todas as administracións públicas e, por suposto, tamén a implicación de toda a sociedade. O compromiso da Xunta de Galicia coas persoas maiores de Galicia non se limita a garantir o seu benestar físico, que é imprescindible pero que non é suficiente, senón que tamén busca o seu benestar emocional, e este pasa necesariamente por garantirlles o dereito a facerse maiores como e onde libremente desexen.

Na miña primeira intervención eu non soamente lle enumerei os distintos programas dos que as persoas maiores autónomas se poden beneficiar, como o Programa de benestar en talasos e en balnearios ou o programa Xuntos polo Nadal, senón que tamén lle fixen unha relación e lle comentei os distintos programas que a Xunta de Galicia pon á disposición dos nosos maiores que son xa dependentes, que son servizos prestados na súa propia casa, que é principalmente o que eles queren. Eles non queren deixar as súas casas, deixar os seus fogares e deixar os seus contornos para, ás veces, ir a unha residencia, por iso dende a Xunta de Galicia témoslles que dar resposta a todos estes maiores e atendelos no seu propio domicilio.

Vostede señor Torrado, fala de Castrelo de Miño: neste momento eu non dispoño do dato do número de persoas que reciben teleasistencia en Castrelo de Miño, pero si quero facer referencia a que en Castrelo do Miño a Xunta de Galicia acaba de abrir dúas casas do maior, un novo recurso que a Xunta de Galicia pon á disposición das persoas maiores para que non só non teñan que abandonar a súa casa nin a súa contorna, senón para que reciban un servizo de oito horas ao día prestado por un propio veciño para que eles non teñan que abandonar nin os seus veciños, nin a súa familia, nin a súa contorna.

En definitiva, señorías, asegúrolles que dende a Xunta de Galicia continuaremos a dar pasos para chegar á meta dunha sociedade mellor onde os nosos maiores poidan pasar a última etapa da súa vida libremente e poidan facelo activamente e plenamente integrados na sociedade. Pasos como o da extensión do servizo de xantar na casa, que nas vindeiras semanas poderán ofrecer seis concellos máis de toda Galicia; pasos como o desenvolvemento tecnolóxico da teleasistencia para convertela en telasistencia avanzada, e pasos como o do reforzo do servizo de axuda no fogar para que Galicia siga sendo un referente en toda España.

Pero para iso é preciso que todos nós traballemos conxuntamente, para acadar este obxectivo. Eu pódolles asegurar que a Consellería de Política Social, dentro das súas competencias,



continuará desenvolvendo accións sempre a favor dos nosos maiores, como tamén leva facendo a Consellería de Sanidade. Confío en que todos os grupos parlamentarios compartan estas metas que nós marcamos, porque o benestar dos nosos maiores, aos que tanto queremos e aos que tanto lles debemos, non entende de cores políticas e porque —como vostede ben dixo, señor Torrado— nós somos porque eles foron.

Polo tanto, pídolles que traballemos xuntos e que traballemos da man para que Galicia sexa o mellor lugar para facerse maior.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta, catro e media.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e sete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e dous minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación do proxecto da circunvalación de Carballo no ano 2019 co fin de iniciar as obras no ano 2020

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, moi boa tarde.

Esta é unha especie de segundo ou terceiro *round* do debate que tivemos xa pola mañá —dialéctico, amistosamente— sobre temas que están relacionados e que teñen que ver coa mobilidade, coa conectividade, coa sinistralidade viaria tamén e coa seguranza.

Neste caso, falámoslle da variante de Carballo —que vostede coñece ben—, que é un vial que está planificado e que conecta o polígono industrial de Bértoa, na zona leste de Carballo, coa estrada de Santiago, tamén máis adiante coa estrada AC-552 en dirección a Coristanco e tamén coa autovía, loxicamente. Como sabe, este vial ten como obxectivo principal evitar o tráfico de paso, que é en gran parte un tráfico de camións, un tráfico pesado que sae do polígono industrial e que vai cara á zona de Santiago. Ademais, hai que ter en conta que este tráfico atravesa unha zona densamente poboada, unha zona urbana onde hai varios centros educativos —un colexio, un instituto e unha escola infantil, con máis de mil cincocentos escolares en total— e un complexo deportivo. É tamén unha zona onde vive a xente, onde viven persoas que teñen que atravesar todos os días a estrada, sufrir situacións de risco e sufrir as consecuencias dese tráfico pesado —o ruído, o fume...—. En definitiva, é unha obra absolutamente vital, estratéxica e prioritaria.



É unha obra, ademais, demandada por toda a sociedade carballesa e da contorna, unha obra defendida unanimemente por todos os grupos políticos e tamén polos colectivos sociais e polas empresas do polígono industrial, loxicamente. É unha obra, ademais, que leva vinte anos en trámites: houbo xa unha moción aprobada por unanimidade no pleno do ano 2004; esta obra foi sometida a un estudo de impacto ambiental no ano 2007; foi incluída no 2009–2010 no Plan MOVE, cunha previsión de execución no 2013, no Plan MOVE recortado —hai que dicilo— cando xa se sabían as limitacións orzamentarias; no ano 2010 contratouse por parte da Xunta a redacción do proxecto á empresa Idom —damos por feito, polo tanto, que o proxecto xa está realizado—, e despois paralizouse, unha cousa que non ten moita explicación, porque levamos nove anos de parálise. Vostedes dixeron que era por limitacións orzamentarias, pero pode que haxa outras razóns.

A realidade é que é hora de retomar esta obra, é hora de falar co Concello de Carballo e de falar co seu representante lexítimo escollido nas urnas, que é o alcalde de Carballo, Evencio Ferrero, que está, ademais, aquí presente neste pleno, representando a corporación con outros membros.

O que queremos preguntarlle, porque o alcalde xa falou co presidente da Xunta sobre este tema no 2018, é se realmente van levar a cabo e executar esta obra...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...se a van incluír nos orzamentos do ano que vén e se van comezar as obras no ano 2020. Queremos unha...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará, terminou o seu tempo. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Grazas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Aproveito para saudar, por suposto, a Evencio, e agardo que proximamente nos poidamos xuntar e falar, por suposto, das necesidades de Carballo e tamén do detalle dos asuntos que necesita Carballo.

Eu vólvolle dicir o que lle dixen pola mañá neste debate dialéctico que temos no día de hoxe: é a primeira vez en case tres anos que me pregunta por cousas concretas de competencia da Xunta de Galicia, e agora veñen con urxencias. O certo é que era urxente e logo non, porque houbo un pleno no medio dende que presentaron esta pregunta baseada nunhas declaracións do 18 de maio, por iso había un pleno no medio. Parece que estaban moi atarefados nese pleno que houbo no medio dende que rexistraron esta pregunta.

En calquera caso, eu doulle cumprida resposta e dígolle claramente que si, temos costume de falar con todos os alcaldes e agardo poder falar coa alcalde de Carballo. Tras a



constitución dos novos gobernos municipais escoitaremos e atenderemos as súas prioridades como queremos sempre: canto antes, por suposto que si. E por suposto que estamos traballando —xa estamos no mes de xuño— nos orzamentos do ano que vén, e estea vostede tranquilo, que por suposto que a variante de Carballo terá unha partida específica e concreta nos orzamentos do ano 2020, porque xa o temos previsto e estamos traballando niso.

Traballaremos, como sempre, en serio e con responsabilidade nas infraestruturas de Carballo e nas infraestruturas da Costa da Morte. ¿Porque acaso non investiu a Xunta de Galicia nos últimos anos na Costa da Morte? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dígollo eu: si que investiu. Investimos, e, dende logo, xa quixeran vostedes no Bipartito facer a metade do que levamos feito nós pola Costa da Morte: sendas, transporte público, conservación de estradas e unha autovía libre de peaxe.

E —permítame— creo que deberían facer memoria e facer autocrítica, porque é o que cabe preguntarse co papel que tiveron vostedes coa autovía da Costa da Morte. O único que fixeron estando no Bipartito foi tres primeiras pedras, non pasaron de tres primeiras pedras. Cando non estaban no Goberno o que quixeron foi paralizar e bloquear as infraestruturas na Costa da Morte levándonos á Fiscalía cunha denuncia sen argumento e sen base. En catro días contestou a Fiscalía dicindo que traballabamos polo interese xeral e que non tiña ningún fundamento a súa denuncia. Polo tanto, o que fixeron vostedes na Costa da Morte foi bloquear as infraestruturas que nós queremos desenvolver. Eu xa lle adianto, por suposto, que lle daremos continuidade á autovía da Costa da Morte, gústelles ou non. Eu creo que non están lexitimados para exixir máis traballo aínda na Costa da Morte, porque o que fan vostedes é bloquear, paralizar e levarnos á Fiscalía con infraestruturas na Costa da Morte.

Por suposto que temos na nosa prioridade a programación de investimentos e por suposto que están na axenda deste goberno a variante de Carballo. Por iso, xa lle adianto que estea vostede tranquilo, que xa o tiñamos previsto, porque estamos cos orzamentos do ano que vén e haberá unha partida específica e concreta da variante de Carballo.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Mire, señora conselleira: vostede dedicou algo así como vinte segundos a falar da variante de Carballo. Se eu quixese preguntarlle polas obras da Xunta de Galiza na Costa da Morte, faría esa pregunta. Dígalle a algún deputado do seu grupo que lle faga esas preguntas de botafumeiro para que vostede poida presumir.

Con respecto á autovía da Costa da Morte, vostedes o que fixeron foi anular unha adxudicación que estaba en marcha, retrasar todo e incrementar o prezo das obras. Esa foi a realidade, señora conselleira. (*Aplausos.*)



Mire, eu díxenlle, señora conselleira —e isto é importante—: respecto institucional; déalle o recado ao presidente da Xunta. Destes temas e destas obras hai que falar cos representantes escollidos nas urnas, e o pobo de Carballo escolleu a Evencio Ferrero como representante. (*Aplausos.*) E vai ser o próximo alcalde con maioría absoluta, por certo; por algo será. Hai que falar cos representantes institucionais, non falar nos mitins. Tamén, algún representante do Partido Popular, desde logo, futuro como pitoniso non ten ningún, porque as predicións electorais que fixeron alí... Pero, ben, non imos xa seguir falando, xa pasaron as eleccións e a auga pasada non move muíño; imos mirar para diante.

Quero dicirle, señora conselleira, se vostede ten este *dossier* que lle entregou o alcalde de Carballo ao presidente da Xunta (*O señor Bará Torres amósalles un documento aos membros da Cámara.*), porque aquí están as prioridades do concello de Carballo, que é do que temos que falar. A primeira obra que se propón aquí é a variante de Carballo, que —xa lle digo— estaba prevista desde o ano 2009, hai un proxecto redactado desde o ano 2010 e hai nove anos de parálise que son responsabilidade do Partido Popular; da Xunta de Galiza do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Quero máis concreción, quero que me fale na resposta da variante de Carballo, que non se vaia polas ramas. ¿Que prazos? ¿Que orzamento vai haber o ano que vén? Por certo, o BNG presentou emendas nos orzamentos estes últimos anos sobre este tema e o PP votou en contra. (*Murmurios.*) Queremos prazos e queremos saber tamén se van priorizar como primeiro tramo —se se vai facer por fases— o que conecta o polígono industrial...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor BARÁ TORRES: ...coa estrada de Santiago, porque isto é o que está demandando a sociedade carballesa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará, terminou o seu tempo xa. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Eu co señor Evencio teño falado en moitas ocasións; estaba dicindo aquí como que non falo con Evencio nin co alcalde de Carballo.

Mire: o certo é que nós podemos presumir... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Nós si que podemos presumir polas infraestruturas e polo traballo na Costa da Morte; nós podemos presumir por traballar polas infraestruturas da Costa da Morte. O BNG non pode presumir diso, ao mellor ao revés: avergonzarse por paralizar infraestruturas e por intentar paralizar infraestruturas na Costa da Morte. (*Aplausos.*)

Carballo e, por suposto, a Costa da Morte é prioridade para este goberno e, sobre todo, para a Consellería de Infraestruturas en materia de mobilidade e transporte; aínda que non lle



guste, sabe que si, porque hai que dicilo e podemos presumir. ¿Sabe quen puxo en marcha o transporte metropolitano en Carballo? Non foi o Bipartito, foi esta Xunta de Galicia. ¿Sabe quen puxo en marcha a tarxeta Xente Nova para facilitar a mobilidade —que tamén é mobilidade— aos menores de dezanove anos de xeito gratuito? Non foi o Bipartito, foi esta Xunta de Galicia, por suposto que si. ¿Sabe quen puxo en marcha as primeiras bonificacións da autovía de Carballo, a AG-55? (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¿Sabe quen foi e sabe quen reforzará esas bonificacións? Foi este goberno, non foi o Bipartito. E tamén esas sendas que estamos a desenvolver, a senda no Polígono de Bértoa, adiviñe quen as fai e quen as paga: esta Xunta de Galicia. Tamén a mellora da estación de autobuses, e tamén, nesa autovía da Costa da Morte —por moito que lles pese—, fixemos vinte e sete quilómetros de vía de altas prestacións libres de peaxe en plena crise económica.

Tamén temos investimentos e programacións para o futuro na Costa da Morte e tamén en Carballo: temos esa nova senda para conectar Carballo con Coristanco, temos esa ampliación das bonificacións —que dicía— da AG-55 e a continuidade da autovía da Costa da Morte —por suposto que si— entre Vimianzo e Camariñas, que tamén serve para fomentar a mobilidade e mellorar a mobilidade en toda a Costa da Morte.

E facémolo como debemos facer as grandes infraestruturas, que vostedes non saben facer, como se fan as grandes infraestruturas: fanse paso a paso, treito a treito e por fases; o que vostedes non saben. (*Murmurios.*) Teño que dicir como se fan as grandes infraestruturas porque somos quen facemos as grandes infraestruturas na Costa da Morte: con responsabilidade e con honestidade, porque somos un goberno serio, aínda que non o crean; traballamos con honestidade para facer infraestruturas.

E coa variante de Carballo igual: seguiremos avanzando, queremos avanzar. Farémola por fases, identificando eses dous treitos ou dúas fases que están claramente diferenciadas, dividíndoa en dous treitos: entre o oeste de Carballo e a estrada provincial, e ese treito serían dez millóns de euros, e o treito entre esa estrada e o leste da vila, que xa son en concreto quince millóns de euros. Polo tanto, dúas fases con seriedade e con rigor, como levamos facendo, etapa a etapa e reservando esa partida específica nos orzamentos para desenvolver a variante de Carballo, con honestidade e seriedade.

Non me leven vostedes á Fiscalía pola variante de Carballo. Eu agardo que me deixen facer a variante de Carballo.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a María Dolores Toja Suárez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a solicitude pola Xunta de Galicia á empresa Ferroatlántica da presentación dun plan de viabilidade que garanta a súa actividade de ferroliaxes, segundo se desprende da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 9 de maio de 1996

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Toja Suárez.



A señora TOJA SUÁREZ: Boa tarde.

A ver se conseguimos centrarnos e concretar a resposta: Ferroatlántica, Costa da Morte. Xa llo advirto, porque vendo a resposta anterior pois a ver se conseguimos centrarnos: Ferroatlántica.

Para dar resposta respecto a isto ten que ter en conta o enorme esforzo que se fixo por parte dos veciños e veciñas da Costa da Morte para que hoxe Ferroatlántica poida desfrutar dos nosos recursos naturais. Por un lado, ten a declaración de utilidade pública. Iso permitiulle expropiar terreos, nos cales se construíron os encoros e o porto de Brens, como sabe, que practicamente se utiliza de xeito exclusivo por Ferroatlántica. E incluso o peche da ferverza do Ézaro, que, como sabe, se abre a determinadas horas e en determinados días en función das propias necesidades da empresa Ferroatlántica. Contra todo este tipo de beneficios que repercutiron directamente na saca de Villar Mir, ¿que beneficios obtivo a Costa da Morte? Pois ben pouquiños, esa é a verdade.

En relación cos investimentos, pois foron practicamente nulos. Non hai máis que ir polas instalacións para ver cal é o estado no que se atopa a fábrica. Fixéronse o que son investimentos de mantemento para continuar a actividade, pero non se fixeron investimentos de modernización que permitan á empresa ser máis competitiva respecto do sector. Co cal, aquel famoso forno 23 nunca chegou a ser unha realidade.

Respecto do emprego, non houbo unha ampliación de emprego, como se dixo, senón todo o contrario. Dende o ano 1992 perdéronse catro de cada dez empregos, non se incrementaron as posibilidades de formación e non se incrementaron as posibilidades de desenvolvemento profesional. En definitiva, Ferroatlántica obtivo múltiples beneficios que non repercutiron na mesma proporción na comarca. E, ademais, hoxe quero ter un recordo especial para cincuenta viúvas da Costa da Morte: os seus esposos morreron por mor da silicose e dos accidentes laborais.

Na situación actual, cunha operación de venda enriba da mesa, a resposta da Xunta é de tipo: non sabemos que se ía producir, non tiñamos coñecemento ou a verdade é que non o esperabamos. Se afondamos niso, é, en certo modo, preocupante, porque, por un lado, non é a primeira vez que Villar Mir intenta dar ese pelotazo nin é a primeira vez que intenta esa segregación. O certo é que dalgunha maneira xa deberían esperar este comportamento por parte de Villar Mir, ¡porque mira que o intenta unha tras outra vez!

Polo tanto, esa resposta estándar do catálogo do PP, en plan non o esperabamos, non o sabemos, esperemos que hoxe non nola dean, que pasen directamente a respostas concretas e nos poida contestar directamente como ven esa operación. Se a ven ben, nese caso ¿que van exixir?, se van exixir ese famoso plan de viabilidade para a comarca, pero o plan de viabilidade que repercute en empregos, que repercute nesa maior formación e que repercute nuns maiores investimentos. Se, pola contra, non ven ben esa operación, ¿que alternativas hai para a Costa da Morte?

Como lle dicía, esta pregunta xa a fixemos anteriormente, e todo ese catálogo de respostas de estamos cos traballadores, coas cancións de Juan Pardo: Galicia, Galicia..., xa nolo dixeran antes. Entón, céntrese na resposta.



Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Toja, creo que non debería de confundir a coherencia coas respostas estándar. Este goberno con respecto a Ferroatlántica de Cee e Dumbría sempre mantivo o mesmo criterio, e sempre fixo o que trasladou neste parlamento.

Se recorda perfectamente, hai dous anos vostede e mais eu tivemos ocasión de falar neste parlamento de Ferroatlántica, e hoxe pódolle repetir exactamente o mesmo que lle dixen en maio de 2017 cunha pequena diferenza. O que dixemos en maio do ano 2017 foi o que cumprimos e, polo tanto, mantivemos o noso compromiso cos traballadores e coa Costa da Morte. Porque naqueles momentos nós o que lle dixemos foi que iamos cumprir a lei; efectivamente, cumprir a lei significaba non aceptar ningún tipo de segregación por parte das centrais. E, ademais, trasladamos con toda contundencia que iamos velar polo interese público, que é o que marca precisamente o título concesional, e, polo tanto, iamos velar por ese ingreso público con total transparencia xunto cos alcaldes e cos sindicatos, sempre baixo o principio da defensa do emprego e da defensa dos traballadores. Eu lamento que a coherencia deste goberno non lle guste, pero a coherencia deste goberno fixo que o que eu lle trasladé en maio de 2017 fose exactamente o que fixemos, exactamente. E o que fixemos foi non aceptar a segregación e, polo tanto, non autorizar a pretensión que tiña a empresa e, en segundo lugar, estar do lado da defensa do emprego e dos compromisos cos traballadores.

E iso é, señora Toja, exactamente o que imos facer nestes momentos, cunha situación que nada ten que ver con respecto a maio do 2017, porque xa non estamos a falar de ningún tipo de segregación.

Para esta administración é irrenunciabile que non se produza ningún tipo de segregación e que se garanta a viabilidade e a actividade industrial de Cee e Dumbría, como marca o título concesional. Iso é o que garantimos en maio do 2017, e iso é exactamente o que imos garantir nestes momentos.

Polo tanto, o futuro pasa, necesariamente, por manter esa unidade e a vinculación entre as centrais hidroeléctricas e a produción de ferroalixas. E en paralelo, señor Toja, exixiremos, efectivamente, que se presente un plan industrial de futuro para as plantas da Costa da Morte. Sábeno os traballadores e sábeo tamén a empresa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.



Réplica, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Señor Conde, transparencia, transparencia non parece cando, dende que está esta operación, a Xunta leva gardando silencio. E o que manifestou foi que non tiñan coñecemento de que esa operación de venda estaba aí. Iso non é así. Ademais, é que —unha de dúas— ou que non sabían nada realmente e iso é unha grande incompetencia ou, por outro lado, si que o sabían e ocultaron a información. Co cal, iso é unha mentira. Vostedes poden elixir ou incompetencia ou mentira, pero o que está claro é que transparente, transparente a operación non foi, nin se desenvolveu. Iso é así. Non se ría porque á xente de Dumbría moita graza non lle fai.

Respecto ao plan de viabilidade para a empresa, é que esas son as condicións que están establecidas na concesión. Está establecido un plan de viabilidade, pero tamén vostede sabe que hai que manter o emprego, e dende o ano 1992 —como dixemos— perdéronse catro de cada dez empregos; tamén o saben. Polo tanto, claro que hai que cumprir as condicións que están establecidas na concesión administrativa, pero vostede como goberno ten que exixir que se cumpran e, polo menos, os investimentos non se cumpren e tampouco se están cumprindo as condicións de emprego. Pero o que si que se está cumprindo son os grandes beneficios para Villar Mir, que tampouco repercuten na mesma proporción na comarca. Simplemente dando un paseo polas instalacións, pode ver... Creo que, incluso, cando buscaban un escenario para a quinta temporada ou a última temporada de Xogo de Tronos lle pareceu antiga a instalación, miren en que estado está aquilo, está antiquísimo.

Polo tanto, o Goberno de Feijóo sempre bota balóns fóra; non exerce as súas competencias en política industrial, e ten que exercelas porque ten competencias exclusivas en política industrial. O único que temos son peores datos en emprego e peores datos en política industrial —como dicía—, en produción —perdón—, e limitase a botar culpas para fóra, a outros gobernos. Neste caso viulle de marabilla que Pedro Sánchez estivera en Madrid, así xa ten un culpable.

Salvo o informe do CES, non existe nada máis en política industrial no universo PP-Xunta de Galicia. Polo tanto, exerzan as súas competencias, exixan o mantemento de emprego e exixan, tamén, investimentos.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Peche desta pregunta, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor presidente.

Señora Toja, con toda cordialidade, non lle podó permitir que traslade a este parlamento que esta Xunta de Galicia non está asumindo as súas competencias en materia de política industrial.



Lamento ter que trasladarlle que o seu silencio, o dos socialistas galegos, está poñendo contra as cordas a industria galega porque o Estado non está asumindo as súas competencias en materia de política enerxética. *(Aplausos.)* Iso é o que teñen que ter en conta os socialistas galegos. E eu lamento que os socialistas galegos sexan cómplices do peche de Meirama, lamentoo profundamente. E lamento profundamente que os socialistas galegos sexan cómplices da subida do diésel. E lamento profundamente que os socialistas galegos sexan cómplices de que Alcoa, nestes momentos, non teña unha solución. E lamento profundamente que os socialistas galegos sexan cómplices de que Ferroatlántica-Sabón non teña unha solución porque o Goberno non está aprobando o estatuto das empresas electrointensivas. E lamento profundamente que o silencio dos socialistas galegos estea poñendo contra as cordas Galicia, a industria galega e o emprego en Galicia. *(Aplausos.)*

A partir de aí se quere falamos de Ferroatlántica de Cee e Dumbría. É que en Ferroatlántica de Cee e Dumbría este goberno o que fixo foi cumprir a lei. Non me fale vostede de inacción por parte deste goberno. Este goberno actuou e resolveu claramente non aceptando a solicitude de segregación. Este goberno ten un recurso por parte da empresa, precisamente, por non aceptar o que quería facer a empresa. Porque o que fixo o Goberno foi cumprir a lei, defender os intereses dos traballadores e, polo tanto, defender os intereses da Costa da Morte.

Porque, señora Toja, os traballadores de Cee e Dumbría o único aliado que teñen neste parlamento está neste goberno e neste Grupo Popular porque, lamentablemente, *(Aplausos.)* nin os socialistas nin os nacionalistas están defendendo os intereses dos traballadores; os intereses nin dos traballadores de Cee e Dumbría nin os intereses dos traballadores de Sabón nin os intereses de Alcoa.

E, lamentablemente, o silencio cómplice dos socialistas galegos pode levar todos estes traballadores a unha situación sen retorno, pero non se preocupe que eses traballadores terán sempre como aliada a Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da demora na designación dun presidente ou dunha presidenta para o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Señora conselleira, como vostede sabe perfectamente, todas as universidades públicas teñen un consello social, que no caso galego está regulado pola Lei 6/2013, do Sistema universitario de Galicia, nos seus artigos entre o 74 e o 86. Como sabe tamén vostede perfectamente, os



consellos sociais son órganos colexiados de moita importancia por canto son os que unen ou teñen a colaboración entre a sociedade galega, neste caso, e a universidade, e contribúen eficazmente ao desenvolvemento social, profesional, tecnolóxico e cultural de Galicia, á mellora da calidade do servizo público, da educación superior universitaria e á obtención de recursos precisos para a suficiencia económica e financeira das universidades. Teñen múltiples e moi variadas funcións, pero que, resumamos, xiran en torno á planificación e desenvolvemento institucional da universidade, a supervisión da xestión económica e do rendemento do servizo universitario, ao impulso de colaboración entre a sociedade no financiamento da universidade contribuíndo á captación de recursos e mecenado. Por citar, concretamente, dúas importantes: aprobar a programación plurianual de cada unha das universidades e informar sobre os acordos relativos á implantación e á supresión de ensinanzas universitarias de cada universidade. Está composto por trinta membros: seis representantes da universidade e vinte e catro representantes dos intereses sociais, entre eles seis membros designados por este parlamento. E está, loxicamente, presidido por un presidente ou unha presidenta, que, segundo o artigo 83 da citada lei, é nomeado pola Presidencia da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente, neste caso a súa, a de Educación, e escoitando o reitor ou a reitora da universidade.

Ben, pois o Consello Social da Universidade de Santiago leva desde decembro do ano 2017 sen presidente ou presidenta. Si, desde decembro de 2017, é dicir, desde hai un ano e seis meses, sen que a Consellería de Educación ou o presidente da Xunta fixeran nada ao respecto. Como vostede sabe, acaba de dimitir tamén o secretario do Consello e, como segundo o artigo 83 a súa designación lle corresponde ao presidente ou á presidenta, tampouco pode ter secretario.

Posta xa así a situación, a verdade é que non podemos entender como a Consellería e o presidente da Xunta están deixando este nomeamento sen facer e como están permitindo o que é nestes momentos a paralización do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela. Polo tanto, preguntámoslle que van facer ao respecto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Resposta da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Boas tardes a todas e a todos.

Señora Burgo, non pode haber dúbidas sobre a relevancia que ten para a Xunta e para as propias universidades que integran o Sistema universitario de Galicia a existencia e o funcionamento dos seus respectivos consellos sociais.

Na consellería somos perfectamente coñecedores das funcións que o Consello Social desempeña para a Universidade de Santiago de Compostela e tamén somos coñecedores, obvia-



mente, da situación que vive este órgano. Levamos meses abordando este asunto en contacto permanente co reitor compostelán. Pode dicir que non está nomeado un novo presidente, pero non pode dicir que non estamos a facer nada, porque si o estamos a facer.

Efectivamente, ao amparo da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, os consellos sociais son os órganos de participación da sociedade galega nas universidades e impulsan a colaboración entre estas e aquela mediante a satisfacción polas universidades das necesidades do seu ámbito.

Tamén lle corresponde ao consello social de cada universidade a supervisión das actividades de carácter económico da universidade e do rendemento do seu servizo e promover a colaboración da sociedade no financiamento da universidade, así como cantas outras funcións lle sexan atribuídas por esta lei e demais normativas aplicables.

Na exposición de motivos vostede xa menciona os diferentes artigos da lei que regulan os consellos sociais das universidades; só quero lembrar que o artigo 75 tamén concreta as funcións dos consellos sociais.

Dando cumprimento ao desenvolvemento do previsto na lei, en agosto de 2014 foi aprobado o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da Universidade de Santiago. Este documento aborda con máis detalle, entre outra cuestións, a referente aos membros do Consello Social. Así, segundo este regulamento, o Consello Social desta universidade —como ben vostede dicía— está integrado por trinta membros, dos que seis son membros que representan a universidade e vinte e catro son representantes dos intereses sociais.

O regulamento tamén establece que o presidente ou a presidenta do Consello Social será nomeado ou nomeada por decreto da Presidencia da Xunta, de acordo co previsto no artigo 83 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia. Os restantes acordos de designación de persoas membros do Consello Social seranlle comunicados á persoa titular da consellería competente en materia de universidades, quen procederá ao seu nomeamento mediante orde da súa consellería. O decreto e as ordes de nomeamento deberán publicarse no *Diario Oficial de Galicia*. A composición actual do Consello Social da Universidade de Santiago está dispoñible e pode ser consultada na web oficial da propia institución.

Por último, quero lembrar que a condición de membro do Consello Social se adquire unha vez cumpridos os requisitos de designación, nomeamento e publicación nese *Diario Oficial de Galicia*. A duración do mandato dos membros do Consello Social, referidos ao reitor, secretario xeral e xerente da USC, e aos elixidos polo Consello de Goberno das universidades, será establecida polos estatutos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): ...e a duración do mandato será de catro anos renovable unha vez. (*Aplausos*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.



Réplica, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas.

Señora conselleira, a situación é moi clara: non hai presidente ou presidenta. Levan un ano e medio a Xunta de Galicia, o seu presidente e vostede mesma nestes últimos meses —o seu antecesor nos anteriores— sen facer absolutamente nada para nomear un presidente.

¿Que problema hai para nomear un presidente do Consello? ¿Non atopan ningunha figura, home ou muller, coa capacidade necesaria? Se están a facer, ¿que é o que están a facer? Porque é tan claro como que non hai presidente. ¿Por que non hai presidente? Porque depende de vostedes, non depende do Consello nin do reitor. O señor reitor —sábeo vostede— solicitou de forma reiterada que puxesen fin a esta situación inexplicable, que soamente pode ser atribuída á desidia e ao deixamento con que vostedes e, nomeadamente, a Secretaría de Universidades están a tratar as universidades.

Porque non quero pensar que o que vostede está facendo ou o que está querendo a consellería é facer calar ou non darlle voz a un órgano que pode criticar as súas políticas arredor das universidades, como a financeira, criticada pola propia universidade, ou a política de titulacións, criticada tamén moitas veces polo Consello Social. ¿É isto o que están buscando? Porque, se non, non é entendible, señora conselleira. Non hai presidente; depende do presidente da Xunta o seu nomeamento e depende de vostede propoñer un presidente ou unha presidenta.

Polo tanto: ¿por que o Consello Social desta universidade, despois de ano e medio, non ten presidente? Ou dito doutra maneira, señora conselleira: ¿por que o señor presidente da Xunta e por que vostede mesma, conselleira de Educación, non están cumprindo as súas obrigas? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Peche desta pregunta, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Precisamente, antes de onte no Consello Galego de Universidades falouse das novas titulacións, en acordo cos tres reitores das tres universidades do Sistema universitario de Galicia, e —como ben saben tamén vostedes— hai un plan de financiamento que está vixente ata finais do 2020. Polo tanto, tanto o financiamento como as titulacións están en todo momento negociadas cos tres reitores.

Centrei a primeira intervención no marco normativo, porque parece lóxico explicar e contextualizar de que estamos a falar hoxe. De feito, non parece algo tan estraño cando vostede tamén fixo referencia á lexislación na propia exposición de motivos escrita na pregunta. A persoa que presida o Consello Social será nomeada polo decreto da Presidencia da Xunta de Galicia. Segundo o artigo 83 da Lei 6/2013, o titular do Consello Social será designado pola Presidencia da Xunta entre personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral



ou social non pertencentes á comunidade universitaria, por proposta da persoa titular da consellería competente, logo de escoitar o reitor ou reitora da universidade.

Podo entender que na súa condición de deputada queira facer control ao Goberno e que elixa libremente os temas obxecto das súas iniciativas parlamentarias, un respecto que podería ser recíproco. O que xa non entendo nin comparto é que aproveite unha circunstancia ou situación puntual dun órgano da USC para falar dunha suposta desidia do Goberno da Xunta no trato ás universidades.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional traballa con lealdade pola coordinación do Sistema universitario de Galicia e está en contacto permanente cos responsables das tres universidades. Como dicía, esta mesma semana tivemos unha reunión do Consello Galego de Universidades, e son permanentes e frecuentes os contactos máis informais, entre eles, co reitor da Universidade de Santiago.

A Xunta ten o máximo respecto, como non podía ser doutro xeito, polo Consello Social da Universidade de Santiago. Cando asumín a responsabilidade á fronte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional coñecín que a persoa que fora designada para presidir este órgano manifestara nalguna ocasión o seu interese por abandonar este posto, se ben non consta unha renuncia oficial. En calquera caso, desde o primeiro momento afrontei o reto de tratar de normalizar a situación e, para tal fin, mantiven informado en todo momento o reitor da Universidade de Santiago do perfil desexado e dos contactos realizados con distintas persoas ao respecto.

Por iso, no momento actual a aposta da Xunta é encontrar unha muller con experiencia no ámbito empresarial e con vínculos coa propia Universidade de Santiago, que reúna os requisitos previstos pola lei e que poida desempeñar con garantías a responsabilidade e as funcións que ten encomendada a Presidencia do Consello Social.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Foi aprazada a pregunta que figuraba en quinto lugar. Polo tanto, procedemos agora á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os datos da Consellería de Sanidade referidos ao cumprimento do Decreto 105/2017, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de espera no acceso ás prestacións sanitarias públicas

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.



O 10 de novembro do ano 2017 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o decreto polo que se regula o sistema de garantías de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas. A Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, no seu capítulo II, refírese aos tempos máximos de acceso e ao sistema de garantías. Así, no seu artigo 5 establece que, para os procedementos nas situacións clínicas que se determinen no seu desenvolvemento regulamentario, as persoas que requiran atención sanitaria hospitalaria de carácter programado e non urxente terán garantida a atención nuns tempos máximos máis reducidos que os previstos na normativa vixente para a totalidade dos procesos.

En Galicia, os tempos para os procesos contemplados na normativa pasan a converterse nun máximo de sesenta para cirurxías e corenta e cinco para consultas externas e probas diagnósticas e/ou terapéuticas, contados en días naturais a partir da data de inclusión no Rexistro de pacientes en espera, creado nesa mesma Lei de garantías, no seu artigo 29. A lei consolida —e pensamos que é importante— a gravidade dos procesos como criterio de xestión dos tempos de resposta.

Durante o debate desa lei no Parlamento, os deputados e deputadas deste grupo tivemos que escoitar acusacións constantes de que a única xustificación desta lei era a privatización da sanidade pública galega e o beneficio para as empresas e grupos hospitalarios asentados en Galicia; unha falacia repetida de xeito constante que non foi ratificada polas cifras que vostedes foron facilitando en relación coa aplicación deste decreto, que facían ver que practicamente o cen por cento das persoas que precisaron unha atención sanitaria incluída nesta Lei de garantías de tempos máximos foron consultadas, operadas ou se lles fixeron as probas diagnósticas ou terapéuticas nun centro público.

Ese intento de enganar os galegos e galegas con fins electoralistas, querendo facer ver unha suposta privatización que non existe, non ten nada que ver coas cifras reais de aplicación desta lei e do decreto que vostede presentou neste hemiciclo hai un ano. Eu supoño que as voceiras do BNG e de En Marea, que participaron nos debates daquela lei, non insistirán máis na súa teima da privatización en relación con esta lei.

Como dicía, hai un ano formulabamos unha pregunta similar, mais o tempo segue correndo e as cifras de atención, incrementándose. Por iso, gustaríanos preguntarlle: ¿que datos pode facilitar a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia sobre os resultados do cumprimento do Decreto de garantía de tempos máximos de espera no acceso ás prestacións sanitarias públicas?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Centeno.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Boas tardes, señor presidente.

Señor Núñez Centeno, señorías.



A verdade é que si, desde que decidimos sacar o Decreto 105/2017, publicado en novembro —como ben dicía— e que entrou en vigor xa en xaneiro do 2018, a idea era, precisamente, cumprimentar o que era o sistema de garantías dos cidadáns de Galicia e que se fosen incrementando dentro do servizo sanitario, e, desde logo, fomos todo o alá que puidemos. É algo que está facendo só a Comunidade Autónoma de Galicia —como digo—, que trata de ampliar todos os dereitos dos cidadáns coa máxima seguridade.

Este texto normativo completa a Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías e prestacións sanitarias, e súmase aos decretos que regulan o dereito á segunda opinión médica, á libre elección de profesionais e centro hospitalario e, por suposto, tamén ao Rexistro galego de instrucións previas.

A través deste decreto garántense os seguintes tempos máximos: un prazo máximo de espera de sesenta días naturais para as intervencións cirúrxicas programadas e non urxentes, no caso de cancro, patoloxías severas das válvulas cardíacas, aneurismas cerebrais, obstrucións ou estenoses en arterias graves, desprendemento de retina e hidrocefalia —ou sexa, non só procesos oncolóxicos—; ademais, tamén un prazo máximo de espera de corenta e cinco días naturais para as primeiras consultas externas hospitalarias programadas e non urxentes de vías rápidas de cancro, que tamén se crearon, e un prazo máximo de espera de corenta e cinco días naturais para as primeiras probas diagnósticas ou terapéuticas programadas e non urxentes garantidas, relacionadas sempre con esta vía de acceso rápido.

Con este decreto, desde a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde adquirimos un novo compromiso cos pacientes, xa que se pasa dunha xestión global de tempos medios de espera a un compromiso individual. Como digo, é a primeira vez que se fai así.

A selección destes procedementos realízase tendo en conta a gravidade das patoloxías, a efectividade e a oportunidade de atención sanitaria e os protocolos de priorización constatados coas sociedades científicas. Selecciona —como dicíamos— non só patoloxías oncolóxicas malignas, senón tamén valvulopatías, patoloxías vasculares e arteriais, patoloxías cerebrais benignas e patoloxías oftalmolóxicas.

Os resultados —que creo que é o que importa á cidadanía e polo cal me pregunta— creo que son uns resultados magníficos. Desde ese 10 de xaneiro de 2018 ao 31 de maio de 2019 beneficiáronse 62.116 pacientes: 15.667 intervencións cirúrxicas de diagnósticos garantidos, 23.435 consultas de vía rápidas de cancro e 23.014 probas diagnósticas de vías rápidas de cancro. Toda esta actividade —moi importante, sinalábo vos, señor deputado— foi con medios propios; aquilo que se dicía da privatización e da derivación á privada é mentira.

A valoración é moi positiva e demostra que temos un sistema sanitario que dá resposta ao que os nosos pacientes necesitan...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Ten outra quenda despois.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e que avanza no recoñecemento dos seus dereitos.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Rematou o seu tempo. Grazas, conselleiro. Ten outra quenda despois.

Réplica, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Si, grazas, presidente.

Grazas pola súa resposta, señor conselleiro.

Eu creo que está claro que os grupos da oposición erraron o tiro cando se referiron a esta lei como unha lei privatizadora. Xa fixemos ver aquí, ou recordamos aquí, o que dicían as voceiras daquela época en máis detalle. Queda claro que non dicían a verdade na crítica a esta lei, que favorece as persoas e mellora as prestacións sanitarias valorando e priorizando os procesos pola súa gravidade.

Repito o dito na primeira intervención: os voceiros e as voceiras de Sanidade dos grupos da oposición deberían pedir desculpas á cidadanía polos seus comentarios ou os da anterior voceira do Partido Socialista en relación aos motivos da aprobación desta lei. Todas as persoas que viron adiantadas as súas citas para consultas, probas e cirurxías así llelo poderían demandar; 2.116 persoas —acaba de dicir vostede— atendidas, todas, con recursos propios. Pero, como dicíamos na anterior pregunta formulada en relación con este tema, esas falacias da oposición son constantes. Parece que a sanidade pública se está a utilizar polos grupos como posibilidade para loitar contra as maiorías do Grupo Popular, apoiado unha e outra vez polas galegas e galegos. A estratexia non funcionou noutras ocasións cando, por exemplo, no ano 2012 os socialistas elaboraron e distribuíron un panfleto cunha serie de mentiras sobre o que tería que pagar a cidadanía por servizos sanitarios básicos se volvía gobernar o Partido Popular e o presidente Feijóo. Nin unha soa daquelas profecías foron certas, nin tampouco se cobrou polos sillóns do Cunqueiro nin se pecharon os hospitais comarcais coa modificación da Lei de saúde de Galicia, aprobada neste parlamento.

Señor conselleiro, valoramos positivamente as cifras que hoxe nos aportou. E, pola nosa parte, non hai máis preguntas. Non sei se vostede quere ampliar algún dato máis na súa segunda intervención.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez. (*Murmurios.*)

Rolda de peche desta pregunta. Conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): Parece que as verdades ofenden, señor deputado. (*Risos.*)

Pois si, a verdade é que esa Lei de garantías de 2013 se completou o ano pasado con esta nova medida importantísima, non só polos resultados en número que estamos relatando, senón



tamén porque supón unha mellora na organización dos servizos hospitalarios cunha competencia leal entre servizos para tratar de axilizar os procesos, procesos moi importantes. E, ademais, teño que dicir —e dígoo en sede parlamentaria— que isto, como se dixo naquel momento, non é un tema pechado, senón que vai ir evolucionando en aumento de patoloxías para facelo.

Igual que estamos facendo coa atención primaria. As vías rápidas que se crearon en principio para a Lei de garantías, para os procesos oncolóxicos cunha gravidade moi importante, tamén se van introducir e estanse introducindo xa na derivación de patoloxías de atención primaria cara á atención hospitalaria. Polo tanto, son vías cunha finalidade, en principio, moi prioritaria que cada vez ampliamos máis para facer iso, que haxa unha resposta.

Pero esa Lei de garantías non só era iso. Quero tamén recordar que se falaba do dereito á libre elección de médico de familia, de pediatra, de profesional de enfermería... en atención primaria. Algo que eu creo que é moi importante tamén e que ten lóxicamente unha resposta por parte da cidadanía, elixindo dentro da capacidade e do amplo espectro de profesionais que temos pois poder facer... Ata decembro de 2018, por exemplo, tiñamos 398.917 solicitudes, case catrocentas mil solicitudes para cambio de médico, de pediatra ou de enfermeira. Ou tamén o dereito a dispoñer dunha segunda opinión, que cremos que tamén é moi importante, é un dereito que está asentado. E nesta norma que entrou en vigor en maio de 2015 estimáronse 1.379 solicitudes de segunda solicitude, segunda opinión. Creo que é un dos dereitos máis importantes e que a cidadanía valora moito en situacións complicadas.

E tamén o dereito a manifestar as instrucións previas. É importante que en calquera momento da súa vida unha persoa poida decidir como quere que sexa o seu final, indicando ben directamente ante un funcionario público ou ante unha testemuña —familiar ou non familiar— esas condicións. E levamos —como digo— tamén desde o 2015, en que empezou a pórse en marcha, 8.315 persoas que decidiron facer as instrucións previas e tratar de dicir no momento difícil, no momento final da súa vida, que é o que quere que se faga con el.

Temos unha sanidade innovadora que investiga e que forma magníficos profesionais e, sobre todo, unha sanidade na que a persoa, o paciente, está presente en todas as nosas decisións e actuacións. É, ao final, o destinatario de cada unha destas medidas e avances que permiten mellorar a súa calidade de vida. E, como digo, sempre buscando o maior número de dereitos posible.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o seu tempo.

Moitas grazas.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o pechamento de camas hospitalarias durante os meses de verán

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde, señor conselleiro.



Eu, en nome do BNG, quero trasladarlle a preocupación pola calidade e a cobertura sanitaria que lles está a ofrecer aos galegos e ás galegas. O Partido Popular ano tras ano, verán tras verán, procede a pechar un número abusivo e inxustificado de camas nos centros hospitalarios galegos.

Fan ese peche con escurantismo, con falla de información, só con comunicacións verbais, con comunicacións a última hora... ou directamente nin sequera informa os profesionais. Nunca hai información por parte do Sergas que permita saber cantas se pechan, onde, por canto tempo, en que especialidade, cal é a xustificación e cando se van volver abrir. E, a pesar diso, sabemos que na área de Vigo pechan o vinte por cento das existentes na área, o sesenta por cento delas no Meixoeiro, que pasa a ter pechadas durante tres meses trescentas trinta camas, e no Cunqueiro velas enteiras. Sabemos que en Santiago van pechar cento dez camas en Conxo e dezaoto de lactantes no Clínico durante os tres meses do verán e que van pechar doce quirófanos na EOXI de Santiago. Sabemos que en Pontevedra van pechar máis de noventa, que en Lugo van pechar unidades enteiras de medicina interna, esa planta batiburrillo onde teñen trauma, otorrino e neuroloxía, ou a planta de paliativos. Durante tres meses non vai haber paliativos no HULA, onde hai un persoal especializado. Gustaríanos saber onde van mandar esas persoas que necesitan desa atención.

E o peche de camas ten moi graves consecuencias tanto no eido asistencial como no laboral. No asistencial porque vai significar unha maior dificultade para o acceso ás prestacións sanitarias, vai significar a paralización da actividade cirúrxica, a sobrecarga de traballo e a mestura de doentes con diferentes patoloxías nas mesmas plantas, o que significa un aumento do risco de infeccións, estar ingresados en plantas que non son as da súa especialidade, co cal teremos ciscados doentes e profesionais indo dunha parte á outra do hospital, o aumento da listas de espera, máis presión sobre a atención primaria, máis presión sobre os PAC e a saturación dos servizos de urxencias hospitalarias; e no ámbito laboral, presión sobre os profesionais sanitarios para que reduzan os ingresos, para que rebaixen as estancias, para que aínda fagan máis traballo con menos profesionais, un aumento do desemprego do persoal sanitario porque estas camas pechadas inciden tamén no desmantelamento do emprego público impedindo acceder a profesionais a este traballo, e o aumento da derivación á sanidade privada.

Mentres isto acontece, señor conselleiro, en Galiza temos arredor de oitocentas camas menos desde o ano 2009 na sanidade pública, o dez por cento, e aumentaron os concertos coa privada arredor dun 5,9 %. Temos un recorte da protección do persoal, a súa precarización e cadros de persoal baixo mínimos. Eu creo que sería bo que empezase a xestionar a sanidade pública atendendo as necesidades que esta ten e non en canto a titulares de prensa.

Eu pregúntolle, ademais diso, cando vai empezar a facer auténtica política sanitaria e non a golpe de titulares de prensa e se considera que defende a sanidade pública. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Terminou o seu tempo.

Resposta do conselleiro de Sanidade.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Menos mal que non tiña información, ¡se chega a tela podía estar tres ou catro horas falando aquí! O que pasa é que a maior parte da información que ten é mentira, pero, bueno, (*Murmurios.*) ¡é así! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Mire: a adecuación dos recursos ás necesidades asistenciais supón a adopción dun conxunto de medidas de xestión. Temos, loxicamente, que facer medidas de xestión por respecto a todos os cidadáns de Galicia, que, cos seus impostos, fan posible que este magnífico sistema sanitario siga traballando. E, loxicamente, nós temos que facer xestión. Por certo, que non é unha cuestión só do Goberno galego; hai máis gobernos responsables en España. Incluso cando era o Bipartito tamén se facía planificación da actividade veraniega, era así. Polo tanto, nós, con total seguridade, estamos traballando para planificar e facer as cousas dando o mellor servizo, como estamos dando á cidadanía, e, desde logo, adaptándoo a esas necesidades. E temos instaladas as camas necesarias en todo momento, incluso cando hai situacións que, como ben coñecen, ocorren de vez en cando —e, desgraciadamente, ocorren, O Marisquiño foi a última en ocorrer— e nós adaptámonos a eses casos.

O Servizo Galego, por tanto, planifica a adecuación destes recursos tendo en conta a demanda asistencial en función da estacionalidade e da morbilidade de diversas patoloxías. E, como consecuencia, tamén mantén operativos os recursos adaptados a esa realidade. Na planificación temos en conta a ocupación prevista de camas, sempre cunha marxe superior para dar cobertura a eses picos que puidera haber en momentos moi concretos. Loxicamente, esta planificación elabórase sobre estudos que teñen en conta a frecuencia nas distintas áreas. Non é igual unha área que outra, hai áreas que están na costa e que poden ter un incremento po-boacional durante o verán e noutras, sen embargo, diminúe. Todo iso está planificado. A demanda ao longo do ano é flutuante e os recursos como tales adáptanse a esas necesidades.

No caso da hospitalización e da estimación da ocupación dos meses correspondentes ao período estival para o ano 2019, baséase nos datos de ocupación real correspondentes a este período acumulado de xullo a setembro. A esta estimación engádese unha marxe de seguridade por riba da ocupación real en torno a un dez ou doce por cento. Polo tanto, se analizamos os datos do Sergas correspondentes ao período acumulado de xullo a setembro do ano 2018, reflíctese que para este período, fronte á porcentaxe de ocupación do 75,77 por cento, imos ter en funcionamento o oitenta e oito por cento destas infraestruturas.

Estes datos, similares aos de anos anteriores, poñen de manifesto unha axeitada planificación dos recursos dispoñibles e garanten que todos os pacientes, en todos os casos, ingresen cando precisen unha cama a cargo do servizo especializado adecuado para a súa atención. No ano 2018 a previsión de camas funcionantes para este período de xullo a setembro foi do 88,3 por cento.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Ten outra quenda despois.

Réplica, señora Prado.



A señora PRADO CORES: Señor Almuíña, ¿vostede cre que facendo o mesmo pode agardar resultados distintos? Eu xa lle digo que non. Repetindo os mantras de todos os veráns e os mesmos argumentos non vai acadar resultados diferentes. Eu o que lle pido hoxe aquí é que rectifiquen e que empecen a ocuparse da sanidade pública. Porque ese mantra de que desce a actividade asistencial vostede sabe que é mentira. Se se pechan quirófanos, se hai camas pechadas, se vostedes non teñen profesionais, evidentemente, non hai actividade e, se non hai actividade, pois dan eses resultados.

E sabe que aumenta a poboación en moitos casos na zona de costa polo tema do turismo, pola maior actividade lúdico-festiva, polo aumento da sinistralidade..., pero a vostedes iso dálles igual. ¿Como poden atreverse a pechar doce quirófanos na EOXI de Santiago? Se pasase un Alvia, ¿como cren vostedes que con tres quirófanos operativos ían poder atender unha desgraza desas magnitudes? ¿Cre vostede que se poden poñer operativos uns quirófanos que están en obras en media hora cando fagan falta? ¡Menten descaradamente! (*Aplausos.*) ¡Menten descaradamente! (*Aplausos.*)

Eu agradézolle que hoxe non dixera aquilo de que o recurso cama xa non é imprescindible ou que as camas son importantes nos hoteis, mais non nos hospitais. Porque parece que só son prescindibles na sanidade pública, mais non na privada. Porque mentres diminúen as camas na sanidade pública na privada aumentan; e resulta que nos hospitais privados no verán non pechan a actividade asistencial. ¡Que casualidade que soamente se reduza a actividade asistencial na sanidade pública, na privada non! Son destes *milagritos* que non sabemos como se explican.

Eu, mire, podía comprarlle ese argumento de que baixa a presión asistencial. Entón fágolle unha proposta: xa que baixa a presión asistencial (*Murmurios.*) ocúpese vostede de, durante eses meses do verán, baixar as listas de espera, contrate persoal facultativo. Eses que soamente ten con contratos para gardas, fágalles contratos a xornada completa.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Contrate todo o persoal das listas de enfermería (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas. (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*)

Terminou o seu tempo. Grazas. (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*)

¡Xa terminou o seu tempo, señora Prado! ¡Xa non a escoitan! (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*)

¡Xa non a escoitan! ¡Non a escoitan! (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) ¡Xa está!

Peche desta pregunta, conselleiro de Sanidade.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Como dicía ao principio, eu creo que é moi importante que non trate sempre de alarmar a poboación ameazando case con catástrofes mundiais e sen quirófanos, cando sabe perfectamente que se trata de reparacións nalgún quirófano durante un tempo aproveitando precisamente a baixada da actividade.

Temos, ademais, plans de continxencias en cada momento. Se houbera unha necesidade, adaptariámonos. O Marisquiño foi no mes de agosto, cunha actividade teoricamente baixa, e adaptámonos perfectamente —como digo— grazas a unha estrutura, a un servizo que funciona como servizo e, desde logo, a uns magníficos profesionais que se adaptan a estas circunstancias. ¿Por que? Porque a nosa profesión, a profesión sanitaria, é unha profesión que, desde logo, é de gran esforzo, pero tamén ten unha recompensa moi grande cando ves que podes facer algo polos cidadáns. Desde logo, grazas a este sistema, a este servizo e aos profesionais podemos sacar todo isto adiante.

Desde logo, imos facer planificación —como digo—; a planificación que fan todos os gobernos, como tamén fixo o Bipartito, que, por certo, tiña maior derivación á privada que ten este goberno. Unha planificación pode ser boa ou mala, pero a planificación existe en todos os lugares.

Como digo, non é certo que haxa menos camas, salvo que empecemos a contar —que son as que contan— as camas de crónicos en Psiquiatría. Dise que hai que tratar de baleirar os psiquiátricos clásicos e que hai que diminuír o número de camas; aí é onde diminuímos o número de camas. Pero estamos mellorando en infraestrutura todos os hospitais renovados, mellorando —como digo— a calidade de servizo, e imos seguir traballando.

Como digo, os mantras si que son os da oposición, que falan de privatización, de menos camas, de máis paro..., todo o posible. Pero, curiosamente, ao longo de meses ao ano quedamos sen capacidade de contratación tanto de médicos como de enfermería. É curioso que, para non contratar e para non querer manter os servizos sanitarios, sen embargo, quedemos en moitas ocasións sen profesionais. Polo tanto, nós imos seguir nese traballo.

Desde logo —díxeno á mañá—, a idea de que haxa unha complementariedade cos hospitais privados é algo que está en todos os servizos de saúde, tanto españois como europeos; son hospitais acreditados e que teñen un contrato plenamente —loxicamente— en vigor, seguindo todas as garantías e cunha seguridade total para os pacientes. Pero —como digo— para nós o pilar fundamental é o servizo público que temos en Galicia, e imos seguir traballando en xestionar os recursos que os galegos puxeron en mans do Goberno para facelo cada día mellor, con menos listas de espera, con mellor atención, con mellor servizo, con maior calidade e, desde logo, sen por en tea de xuízo ou atacar sempre o servizo máis sensible, o servizo que todos os galegos ou unha gran maioría valoran como moi positivo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.



Pregunta de D^a Carmen Santos Queiruga e catro deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a fase na que se atopan os procesos de negociación e resolución de conflitos cos distintos integrantes do sector das emerxencias sanitarias de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Señor Almuíña, hoxe temos unha nova sorpresa por parte do Goberno da Xunta, porque nós fixemos dende o noso grupo unha pregunta urxente sobre a situación de conflito constante que levamos sufrindo do conxunto do Servizo de Emerxencias de Galicia, do conxunto, do total, de todas, non unicamente das emerxencias sanitarias, e vén vostede responder, en vez de vir o titular máximo das Emerxencias de Galicia, que é o señor Rueda. Pero como vostedes teñen que responder colexiadamente da xestión da Xunta, tereille que preguntar a vostede a ver que información ten, á parte do tema sanitario, das emerxencias que non son sanitarias.

Dende os últimos meses vimos sufrindo, por falta de dilixencia, de previsión, de negociación e de diálogo da Xunta de Galicia, distintas folgas dos traballadores e traballadoras dos servizos de emerxencias de Galicia; sen contar as de todos os empregados públicos, sexan da xustiza ou sexan da sanidade, que veñen tamén facendo folgas e reivindicando a súa precariedade por parte da xestión da Xunta no sector público galego. Temos, por unha banda, a folga do 112 por sobrecarga de traballo, a folga dos traballadores e traballadoras do 061 e a do transporte sanitario urxente e non urxente de Galicia.

Nós entendemos que vén vostede aquí colgarse as medallas do preacordo entre a patronal do sector das ambulancias e os representantes sindicais, con esa firma do novo convenio colectivo ata o 2022, cando sabe que aínda quedan por negociar todas as contratacións e todas as condicións para estes traballadores e traballadoras.

Pero tamén non esqueza que seguen en folga e existiron novos paróns no sector, neste caso dos pilotos de Emerxencias, a finais de maio, que foron convocados por multitude de sindicatos, e dos traballadores de Babcock —antiga Inaer— que operan cos helicópteros de emerxencia, entre eles o Pesca 1, o Pesca 2 e o Helimer con base en Alvedro e Santiago, que comezaron xornadas de folga de protesta pola baixada salarial que plantexa a compañía, que leva un mes e medio sen xustificar esta baixada amparándose na segunda reforma laboral —pero sen xustificar—, recortándolles ou plantexando un recorte dos soldos dos empregados dun trece por cento a un trinta por cento mentres incrementa o salario dos seus altos cargos un vinte e oito por cento.

Sen embargo, non obtemos por parte da Xunta de Galicia unha xustificación de como se pode chegar a esta situación de que, cada vez que existe un conflito, os traballadores e traballadoras —dá igual que sexa persoal funcionario, estatutario ou das subcontratas, que é o seu modelo precario de xestión—, teñen que recorrer ao dereito á folga, que nós imos defender sempre, porque os dereitos están para exercelos. Confunden a súa responsabilidade directa na xestión e prestación de servizos que garante a Xunta, do que dependen o benestar e seguridade —e en caso de emerxencia e de urxencia, a vida— dos galegos e galegas, e non se anticipan, senón que chegan a esta deterioración das relacións...



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...como se fosen unha empresa privada. A Xunta non...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo. Grazas. *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, terminou o seu tempo. Ten outra rolda despois. *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Eu tamén estaba sorprendido de ter outro novo portavoz de Sanidade, por iso xa non sabía se a pregunta era a nós ou non. *(Murmurios.)*

É tan complicado o argumentario da pregunta que entendo que entre todos dixemos: ben, parece que o peso maior é de sanidade, por iso. Pero creo que despois a conselleira do Mar tamén ten algo referente; son preguntas igual non moi coordinadas.

En primeiro lugar, quero deixar ben claro que a asistencia de Urgencias Sanitarias está a prestarse con normalidade, con todas as garantías e seguridade que caracterizan este servizo do 061, que ademais é un dos mellor valorados pola cidadanía. Houbo unha negociación cando foi o traslado á Estrada para tratar de mellorar as instalacións, e creo que se conseguiron unhas das mellores instalacións que temos agora a nivel de España, integrando tanto o 112 como o 061; chegouse a acordos, por un lado, co 112 e, despois, cos traballadores do 061.

No transporte sanitario non veño colgarme ningunha medalla, pero é certo que houbo un conflito entre traballadores e empresas e ao final chegaron a un acordo. Nós o que sacamos agora é o novo concurso de transporte urxente, cun incremento moi importante en dotación económica, mellorando tamén os servizos, incrementando as UCI móbiles e tamén ambulancias sanitarizadas, e tamén con novos servizos no rural, incrementando horas na montaña de Lugo. Por certo, houbo un recurso que foi público estes días que xa foi desestimado, un recurso contra este contrato. Loxicamente, queremos que canto antes se poña en funcionamento, porque será bo para o servizo e, indubidablemente, tamén para os traballadores.

En relación cos pilotos de Emerxencias, a empresa adxudicataria do servizo de transporte sanitario urxente non é á que vostede fai referencia nesta pregunta; houbo un cambio cando houbo o último contrato.

Polo que se refire ás mobilizacións de persoal do Grupo Norte, que son teleoperadores, non están de acordo nunha lectura dos compromisos entre empresa e traballadores; pero nós, finalizado o contrato neste momento, estamos agora sacando o novo contrato, que cremos



que vai facer que esta non-coordinación ou non-acordo entre traballadores e empresa quede resolto.

Polo tanto, a atención de Urgencias Sanitarias de Galicia prestouse sempre con normalidade pese a estas mobilizacións, con estes acordos posteriores e —como digo— co alto nivel de calidade que a caracteriza, e é valorada así por todos os cidadáns.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Señor Almuíña, eu creo que a pregunta era o suficientemente clara para que vostedes se aclarasen. Preguntabámoslle como resolvían os conflitos cos distintos integrantes do sector de emerxencias de Galicia, entón, polo tanto, o superior xerárquico das Emerxencias de Galicia é o señor Rueda. Efectivamente, aféctao a vostede e afecta a señora Quintana, pero iso non quita que está claro a quen vai dirixido isto. Cando falamos do conxunto falamos do conxunto das emerxencias, non das sanitarias; non aparece na pregunta a palabra «emerxencias sanitarias».

Dende logo, séguenos sorprendendo que vostede diga que se está xestionando todo tan ben, cando en grandes sectores da poboación xa ironizan con que non lle queda ningún grupo de traballadores —sexan de emerxencias ou doutros sectores— que se lle poña en folga ou lle proteste á Xunta de Galicia. Dende logo, é ben triste que teña ese honor de ter a medalla de folgas no noso país; de folgas, de reivindicacións e de protestas exixindo dignidade, porque a dignidade dos traballadores e traballadoras e que non cheguen a eses límites de protesta é a garantía de que os servizos públicos funcionan e funcionan correctamente.

De feito, en todo ese concurso que teñen que resolver, vostede sabe que teñen aínda que negociar, pero eu non lle vou falar diso, porque temos unha voceira en Sanidade que o fai perfectamente e é con quen vostede ten que interpelar. Igual que á señora Quintana lle podería dicir moito do [*chanchullo*] (*Expresión retirada polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia*) da venda dos helicópteros —que xa falamos na comisión—, (*Balbordo.*) da falta de transparencia e da aldraxe e a malvenda absolutamente nefasta...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...dos helicópteros, pero voulle deixar o turno a Paula Quinteiro para que llo diga, porque este xa é un tema que xa viñamos falando nas outras comisións. (*Murmurios.*)

Efectivamente, como eu con quen quería falar é co responsable e co vicepresidente das Emerxencias do país, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) esta é a resposta...

O señor PRESIDENTE: Silencio. (*Balbordo.*)



A señora SANTOS QUEIRUGA: ...da Xunta: vir aquí dicir que todo vai moi ben, cando o conxunto da cidadanía, por desgraza, sabemos que non. *(Balbordo.)* E, sobre todo, os traballadores do público sofren o seu modelo privado sen ser privado, pero cada vez máis privatizado e precario por parte da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos, terminou o seu tempo.

Voulle pedir, señora Santos, que retire a expresión «chanchullos»; aquí non hai «chanchullos». ¿Non a retira? *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* Xa sabe que eu non o quería facer, pero iso é chamada á orde. *(Balbordo.)* Pero tamén... *(Murmurios.)* Parece mentira, ¡vállame Deus! Parece mentira. *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* Ten unha chamada á orde.

Quenda de peche do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): É unha pena que, cando non hai argumentos, acabemos así, con insultos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* Non, non hai argumentos.

Eu vou tratar de dar resposta ao conxunto. Como digo, creo que se quixesen unha persoa determinada, podían facelo moito máis claro e dicir exactamente que é o que necesitan. Outra cousa é que utilicen isto para facer política e non para tratar de mellorar os servizos públicos.

En relación coa folga convocada no servizo de helicópteros de incendios e de gardacostas, teño que dicir que a Administración autonómica apela ao diálogo como a mellor fórmula para chegar a un entendemento entre as partes e acadar unha solución a este conflito laboral entre a empresa e os traballadores. Non obstante, a Xunta blindou a prestación do servizo de helicópteros contra incendios e de gardacostas coa fixación de servizos mínimos íntegros e adecuados ante a folga convocada na empresa adxudicataria para a prestación destes servizos. Estes servizos establecéronse previa audiencia aos representantes dos traballadores.

Malia que se trata dun conflito laboral alleo ao Goberno galego —dado que existe un contrato con esta empresa— e que se trata dun servizo especial moi sensible —loxicamente— de atención á poboación, as consellerías competentes buscaron garantir a prestación dos servizos necesarios nos termos previstos na lexislación vixente. No caso das aeronaves de incendios, na práctica mantéñense integramente esas condicións de servizo que establece o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia —Pladiga—; este plan recolle a operatividade dunha trintena de medios aéreos.

No caso de Salvamento Marítimo —aínda que creo que a conselleira despois poderá falar, seguramente con máis autoridade—, a orde blindo os servizos e establece que o salvamento ten prioridade en relación co dereito de folga, pois está en xogo o dereito á vida e a integridade física das persoas. Por este motivo, as unidades aéreas que prestan este servizo —o Pesca 1, con base en Vigo, e o Pesca 2, con base en Celeiro— deben permanecer operativas na súa totalidade, co obxectivo de garantir a cobertura de todo o espazo costeiro galego e de facer fronte con suficientes garantías ás emerxencias marítimas que puidesen xurdir durante o período de folga.



Repito: a Administración autonómica o que trata é de garantir o servizo, iso é o primeiro e o máis importante; despois, desde logo, apelar ao diálogo entre a empresa e os traballadores para que finalicen canto antes este conflito; e, desde logo, nós, dentro do que nos corresponde, tratar de axilizar os novos concursos. Estamos falando, no caso noso, de ambulancias e do que é transporte urxente, hai unhas semanas. Agora, en teleoperadores, loxicamente, hai que tratar de que ao final haxa unha resposta positiva e que os traballadores e a empresa se poñan de acordo e restauren o que parece unha relación laboral de moitos anos, con grande eficacia e moi valorada por todos os cidadáns de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego referida á axuda económica do Bono concilia para que aquelas familias que teñan dereito a unha praza pública nunha escola infantil e non accedesen a ela poidan levar os seus fillos a outro centro

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, conselleira.

Ao Grupo Popular, igual que ás familias galegas, preocúpanos de forma especial o que ten que ver coa conciliación, a corresponsabilidade, o apoio ás familias e, en especial, os maiores e os máis pequenos. E destes queremos falar hoxe, nun momento en que os pais e as nais están xa organizando a súa vida de cara ao inicio do vindeiro curso.

Dende a chegada ao Goberno da Xunta de Alberto Núñez Feijóo no ano 2009 multiplicáronse por dous o número de prazas de gardería e escolas infantís, e a ratio de cobertura pasou do dezanove ao corenta e catro por cento no vindeiro curso, once puntos por riba do que di a Unión Europea que é o recomendable.

Ademais, no ano 2005 houbo un pulo histórico ao poñerse en marcha recursos innovadores como foron, por exemplo, as casas niño: unhas escolas infantís especiais para o rural, gratis para os pais e que conseguen que non haxa ningún concello de Galicia que non poida ter, polo menos, un recurso de conciliación.

Nese mesmo ano 2015 poñíase en marcha o Plan de apoio á natalidade, con recursos económicos e tamén de conciliación; estamos a falar do Bono concilia, o Bono coidado ou a tarxeta Benvida. O Bono coidado é unha axuda económica para aquelas familias que, de xeito puntual, necesitan un recurso de conciliación. Da tarxeta Benvida falabamos no pleno anterior: é esa axuda económica para os nenos que nacen en Galicia, unha axuda aos seus pais durante o primeiro ano e, segundo as condicións económicas dos mesmos, incluso ata os tres anos, que tiveron xa corenta e cinco mil persoas en Galicia.



Hoxe falamos do Bono concilia: o Bono concilia é tamén un recursos económico destinado a aquelas familias que solicitasen unha praza nunha escola infantil pública e que non obtivesen esa praza. Entón, o que se pretende con esta axuda económica é que os pais poidan elixir a escola infantil a onde levalos neste caso; tamén é para aqueles pais que non poden conciliar os horarios cos das escolas infantís ou que viven en sitios onde estas aínda non existen.

Conselleira, hoxe gustaríanos saber cal é a cobertura deste recurso e cal é a valoración que a Xunta fai do Bono concilia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Resposta da conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Presidente, deputadas e deputados, moi boas tardes a todos.

Sempre é un pracer acudir a esta cámara para falar da conciliación entre a vida persoal e familiar e a vida laboral, xa que a maioría dos galegos e das galegas opinamos que é un tema fundamental para facer de Galicia o mellor lugar para formar unha familia.

Para iso é imprescindible seguir ampliando e seguir mellorando os nosos recursos de conciliación, e un deses recursos é o Bono concilia, unha prestación económica para axudar as familias no pagamento dunha praza nunha escola infantil non sostida con fondos públicos nos casos en que ou ben non se consiga unha praza nunha escola infantil pública ou en que se resida nunha localidade na que non existan garderías sostidas con fondos públicos.

Señorías, o Bono concilia, como outras moitas medidas que pon en marcha a Xunta de Galicia para que os pais e as nais de Galicia poidamos compatibilizar a vida familiar e laboral, é un verdadeiro caso de éxito. Así, o ano pasado recibiron esta axuda máis de catro mil catrocentas familias, o que supón catro veces máis das que a recibían hai dez anos.

Cada ano o Goberno galego esfórzase por mellorar esta axuda económica, por iso, señorías, é un verdadeiro pracer para min que me fagan hoxe esta pregunta, exactamente o mesmo día no que o *Diario Oficial de Galicia* publica a convocatoria do Bono concilia para o próximo curso 2019-2020. Esta nova convocatoria estará dotada de 3,5 millóns de euros, unha contía que se poderá incrementar tanto como sexa necesario para atender todas as solicitudes recibidas e para que aquí, en Galicia, non exista lista de agarda.

Ademais, introducimos dúas novidades moi importantes: amplíase o período de solicitude ata o 31 de outubro para aquelas familias nas que haxa un nacemento, adopción ou acollemento fóra do prazo ordinario, e permítese que as familias con nenos nados en decembro do ano 2018 e en xaneiro do ano 2019 e que estean indo a unha escola infantil da súa elección poidan pedir o Bono concilia sen ter que solicitar previamente unha praza nun centro público.

En definitiva, señorías, queremos que Galicia se sitúe entre os lugares con maiores servizos de apoio ás familias e de apoio aos nosos fillos. Por iso, continuaremos sempre traballando para converter Galicia no mellor lugar para formar unha familia.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Replica, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas.

Conselleira, esa lista de agarda cero da que vostede nos falaba só se pode conseguir de dous xeitos: con vontade política e aportando os recursos necesarios; recursos para seguir aumentando as prazas de escolas infantís —como vostedes fan cada ano—, para mellorar as instalacións das existentes e tamén para axudar as familias —como ocorre co Bono concilia— a que poidan ir a unha praza de escola infantil cando non a obteñan nunha pública.

É tal e como ocorre neste Bono concilia: vostede falaba de máis de catro mil persoas beneficiadas o pasado ano e máis de oito mil nos dous últimos anos, e seguro que este ano serán tamén milleiros de persoas, porque na convocatoria que hoxe se abre —como vostede dicía— non hai límite de crédito, porque o crédito que hai ampliarase o necesario —como anunciou— ata atender a todos aqueles que o soliciten e cumpran as condicións.

E é que a súa consellería e a Xunta de Galicia apostan continuamente polas familias, multiplicando por tres o orzamento para as familias dende 2009 e facendo que o superávit da Xunta de Galicia se destine, en parte, tamén ás axudas sociais e, en concreto, tamén a mellorar as escolas infantís. Por certo, un emprego do superávit que aprobamos aquí en maio e ao que ningún grupo da oposición deu o seu voto favorable. Parece que a eles non lles importan tampouco os recursos de conciliación; a nós si, igual que ás familias galegas.

Por iso, tamén nos gustaría que, aproveitando a súa presenza hoxe aquí, nos fixera, se é posible, un resumo de cales son, no seu conxunto, as medidas de conciliación coas que contan os pais e as nais de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Peche desta pregunta, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Deputada Arias, moitas grazas polas súas achegas.

Non me cansarei de repetir nesta cámara que nunca antes na historia de Galicia houbo tantos recursos de conciliación como no día de hoxe.

Estes recursos son ben coñecidos por todos: vinte e cinco mil prazas públicas de escolas infantil, o dobre que no ano 2009, e a ratio de cobertura de escolas infantís é do corenta e catro por cento aquí en Galicia, o dobre que no ano 2009 e once puntos por riba da recomendación da Unión Eu-



ropea; sesenta e unha casas niño que ofrecen trescentas cinco prazas de atención aos nosos nenos nos concellos máis pequenos de Galicia, no ano 2009 non había ningunha; e ata 2019 outorgáronse xa cincocentos bonos coidado para contratar de xeito puntual unha persoa coidadora ante posibles imprevistos, e dende este mesmo ano tamén se poderá costear o servizo dunha ludoteca.

Todas estas medidas teñen o obxectivo de que as nais e os pais galegos non teñan que decidir entre a vida laboral e a vida persoal e familiar, senón que cada día conten con máis facilidades para acadar o noso tan desexado obxectivo da conciliación.

Señorías, nos últimos dez anos o Goberno galego traballou arreo para poñer Galicia na cabeza no que respecta á mellora da conciliación, e seguiremos traballando así para construír unha Galicia máis social, na que todos os galegos e galegas poidan desfrutar dunha maior calidade de vida e de maior benestar.

Nós afirmámolo con palabras e demostrámolo con feitos, porque dende mañá mesmo todas as familias galegas que así o desexen poderán contar co Bono concilia para acceder á escola infantil que todos eles desexen.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Flora María Miranda Pena e D^a Paula Quinteiro Araújo, do G. P. de En Marea, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a modificación das condicións salariais do persoal pola empresa concesionaria do servizo de salvamento marítimo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Boa tarde.

Bo día, conselleira.

O primeiro que queremos é mandarlle todo o noso apoio ao piloto que sufriu un accidente hoxe mesmo entre Alacante e Xixón. Tamén queremos saudar e mandarlles o apoio aos traballadores que nos acompañan dende a tribuna.

Como sabe, conselleira, vimos preguntarlle se van facer algo, se van tomar algunha medida para evitar que se continúe deteriorando o Servizo de Salvamento Marítimo. As novas que coñecemos esta semana son moi alarmantes: unha empresa moi coñecida pola Xunta de Galicia, Babcock —antiga Inaer—, pretende rebaixarlles o salario aos traballadores ata un trinta por cento nos complementos e ata un trece por cento no bruto anual. Para nós é un insulto que unha empresa que gaña estas cantidades millonarias só teña a indecencia de poñer enriba da mesa esta proposta.

Nós cremos que, ante esta situación, o que cómpre é un posicionamento claro por parte do Goberno galego. A pesar de que dixeron o contrario, non é un conflito alleo á Xunta de Ga-



licia; nada que ver, absolutamente nada alleo. Teñen a obriga de exixirlle a esta empresa que manteña unhas condicións laborais dignas para os traballadores e traballadoras, e teñen a obriga porque levan moitos anos dándolle millóns de euros de cartos públicos á mesma empresa, moitísimo diñeiro que levan malgastado.

Falamos dun traballo de persoas que se xogan a vida para salvar a doutras, profesionais que son un orgullo para todas, e adiántome á súa resposta: claro que son un orgullo. O servizo funciona grazas a elas, que todos os días arriscan a súa vida, pero a pesar da Xunta de Galicia e a pesar tamén da empresa.

Pero estas traballadoras levan tempo vivindo condicións precarias; isto é un novo ataque. A redución dos salario súmase ás horas extras que teñen que facer en moitas ocasións —fan moitas horas—, súmase tamén ao incumprimento do prego en moitos apartados e súmase tamén ao tempo todo que levan co seu salario conxelado.

Para desgraza do que dicía o conselleiro de Sanidade, hai moitísimos argumentos cando temos que falar da xestión da Xunta de Galicia en todo o que ten que ver cos helicópteros, e non o dicimos nós, dío tamén o Consello de Contas e tamén hai moita hemeroteca, moitísima hemeroteca con este tema. O que dixeron no seu momento foi mentira, e as mentiras quedaron demostradas cando pasaron todos estes anos: nin modernización, nin redución de custos —ao contrario, máis custos—, nin rematar co monopolio; a mesma empresa que estaba é a que continúa ano tras ano, con nomes diferentes, pero a mesma. Todo o que dixeron naquel momento, todas esas verdades que lanzaron pola boca naquel momento demostraron ser falsas, e o mínimo é que veñan agora recoñecer que mentiron. Ou mentiron ou se equivocaron, unha de dúas; non pode ser que todo o que dixeron quede como que non pasou.

Queremos que nos explique cal é a razón, se hai algunha razón oculta ou cal é a razón de que continúen fornecendo con tanto diñeiro público unha empresa que leva tanto tempo demostrando que non se preocupa de dar un servizo de calidade, que non se preocupa de dar unhas condicións dignas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...aos traballadores e traballadoras e que só pensa no seu beneficio.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo. *(A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.)* Xa coñece a pregunta a conselleira. Grazas. *(Aplausos.)*

Resposta da conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Quinteiro, eu voulle dar resposta directa neste primeiro turno de intervención á súa pregunta, despois xa de saudar, por suposto, os compoñentes do Servizo de Salvamento Marítimo de Galicia e do Estado.



Esta consellería e o Goberno de Galicia van adoptar todas as medidas posibles que haxa dentro da normativa vixente e das nosas competencias para evitar o menoscabo no servizo e nas condicións do mesmo. Esta consellería e o Goberno de Galicia xa viñeron adoptando todas as medias posibles que, dentro do decorrer do proceso, se puideron adoptar pola nosa parte.

A primeira delas neste contexto, o que se pode facer e o que xa se fixo por parte da Xunta de Galicia foi garantir que a prestación do Servizo de Salvamento Marítimo se siga desenvolvendo co mesmo rigor e coa mesma calidade que como se vén facendo ata o de agora. Para tal fin fixouse unha orde de servizos mínimos do cen por cento mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do 16 de maio de 2019; isto afecta ao relativo á execución do contrato suscrito coa Consellería do Mar para o desenvolvemento de actuacións relacionadas co salvamento marítimo.

Ademais, o pasado 27 de maio recibiamos o colectivo de traballadores afectados e dabámoslle así unha nova audiencia ás demandas que están a formular á empresa, sendo a segunda das xuntanzas que se mantiveron neses primeiros días, incluída unha previa á fixación de servizos mínimos, e sumándose aos contactos case que diarios que manteñen coa Subdirección de Gardacostas. Estas xuntanzas e contactos, que —como digo— é un seguimento continuo por parte do responsable da Subdirección de Gardacostas e da Secretaría Xeral Técnica, son a fórmula para verificar a cada paso que se cumpra a legalidade vixente do contrato que está en vigor. Con todo, a Administración autonómica apela ao diálogo como a mellor fórmula para chegar a un entendemento entre as partes e acadar unha solución a este conflito laboral entre a empresa e os traballadores, poñendo tamén todas as ferramentas que a lei nos dá ao dispor desta solución.

Supoñemos que, nesa iniciativa positiva de buscar unha solución na mantenza da calidade do servizo e na defensa da profesionalidade dos traballadores, estamos e estaremos todos de acordo. Por iso, entendo que esa tamén é parte da vía da solución.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Ben, eu alégrome de que, polo menos, agora si pensen que teñen algo que dicir neste conflito, porque as súas primeiras declaracións dicían que era un conflito totalmente alleo á Xunta de Galicia, e iso está —como digo— publicado en moitos medios de comunicación.

A verdade é que hai unha cousa que non imos comprarlle, que é o diálogo entre as partes, como se fosen partes con igual responsabilidade. Hai unha empresa que pretende rebaixar o salario duns traballadores —cando ten cantidades enormes de beneficios millonarios— sen ningún tipo de argumento e sen ningún tipo de xustificación; tampouco di que ten perdas económicas, pero tampouco dá ningún argumento nin ningún papel que sustente esta afirmación. Do lado do que hai que estar é do dos traballadores e traballadoras, non do da empresa á que levan



tanto tempo dándolle diñeiro público. Non se pode estar no medio negociando como se fosen partes iguais, hai que estar do lado de quen está sufrindo as consecuencias dos recortes de xente que está gañando cantidades que son insultantes. Son cantidades insultantes se as comparamos co salario que gañan cada mes estes traballadores e traballadoras xogándose a vida.

Como sempre, recoñecen o traballo destes profesionais, pero recoñecer o traballo non se fai nin con palabras nin con recoñecementos que se fagan neste parlamento; recoñéceselles o traballo cando se lles paga un salario digno e cando se lles dan as horas correspondentes, e non máis horas das que terían que facer. Iso é recoñecerlles o traballo ás traballadoras e traballadores.

Se fala dos servizos mínimos —que eu non o mencionei na miña intervención—, polo menos diga que nin sequera sentaron a negociar. Levaron unha proposta pechada do cen por cento de servizos mínimos sen ningún tipo de diálogo, e había propostas que non puñan en risco, obviamente, porque os traballadores son os primeiros que non queren pór en risco a vida das persoas que van rescatar. Había outras alternativas e negáronse completamente, en banda, a negociar e a escoitar ningún tipo de proposta.

O seu modelo está claro: beneficiar unha empresa, porque non benefician nin aos galegos e galegas nin benefician aos traballadoras e traballadores. Dígame vostede a quen beneficiou a malvenda dos helicópteros públicos. ¿A quen beneficiou? Só a Inaer, a Babcock e non sei se á Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Habería que preguntarlle a ver...

O señor PRESIDENTE: Señora Quinteiro, terminou o seu tempo. *(A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Grazas.

Peche da pregunta, conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Si, señor presidente. Moitas grazas.

Señora Quinteiro, mire: eu non lle vou permitir que vostede desprestixie de maneira tal nin o Servizo de Salvamento Marítimo nin os contratos que se fan dende a Administración pública, que son públicos e que son feitos por técnicos que traballan na Administración pública. *(Aplausos.)* O prezo que se lle deu a ese contrato axústase a unha consulta previa, que foi a que nos dixo o que se tiña que pagar.

Eu estou aburrída, de verdade, de que nos acusen a nós do que dicía a súa compañeira de grupo —supoño, non sei se son parte do mesmo grupo ou disgrupos distintos, pero ela facía referencia a vostede—. Mire: todos os contratos que hai para Salvamento Marítimo fixéronse por concurso público publicado no *Diario Oficial da Unión Europea*, buscando a maior competitividade entre todas as empresas que se queiran presentar.



Hai quen nos acusa a nós de chanchullo, pero dende o ano 2005 ata o ano 2009 non fixeron un só concurso público. *(Protestas.)* O único que fixeron foi unha addenda a un contrato que quedou feito no ano 2005, ao que foron incrementándolle o prezo sen facer ningún tipo de concurso. *(Balbordo.)* Eu non sei se iso é chanchullo ou non, non son eu a que ten que dar as explicacións, pero non me gusta que se lle atribúa a esta administración facer chanchullos, porque non é así.

Nós si que dicimos que o problema é un problema que soborda as competencias da Administración autonómica. É un tema dun convenio sectorial do Estado onde soamente pode participar o Estado, que tamén é unha administración que está afectada, porque tamén Sa-senar ten competencias no salvamento marítimo; iso é o que nós estamos a dicir.

Nós si temos reunións cos traballadores. Eu creo que son unha persoa que, en primeiro lugar, o que digo é que este servizo funciona ben grazas ao excelente labor que fan os profesionais que traballan no servizo, non á empresa que o xestiona. Eu non teño ningunha vinculación nin con esta empresa nin con ningunha outra. O único que me preocupan son os traballadores, e eles sábeno ben, e se me preocupo é de que teñan mellores condicións, e non como fixeron algúns, que non tiñan as vinte e catro horas os trescentos sesenta e cinco días e nós incrementamos o prezo do servizo para que iso se puidese dar.

Non me veña a min aquí acusando de mentir: eu nunca dixen que os helicópteros que nós tiñamos, os Sikorsky S-76, estiveran obsoletos. O que dixemos sempre foi que ían entrar na segunda década, onde poderían entrar en obsoletos e entón perderían valor no mercado, e a segunda década diso é alá para o ano 2025. No ano 2021 remata este contrato que hai hoxe; tempo haberá de facer novos contratos se nós seguimos, dende logo, na administración. Outros, ao mellor, dedícanse a facer addendas.

Pero que lle quede claro que nós, a Xunta de Galicia, sempre defenderemos os traballadores que prestan as súas vidas e que arriscan as súas vidas diariamente por prestar servizo a Salvamento Marítimo.

Déixense de mentir con esta historia, porque xa vexo o que a vostedes lles preocupa, que foron capaces de atrasar unha pregunta que tiñan na comisión para facela o venres pasado e trasladala para hoxe para darlle máis publicidade. Iso é o que vostedes buscan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Non hai máis asuntos. Remata aquí o pleno. Boa tarde a todas e a todas.


Remata a sesión ás seis e seis minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mouriño Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

